



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 108

Sesión plenaria
27 de marzo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGFO6vMILS7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 5. Proposicións non de lei

5.4 45692 (10/PNP-003427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, dun proxecto de lei de mobilidade sostible para a súa aprobación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.5 46385 (10/PNP-003483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración e aprobación polo Goberno galego, antes do remate de 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

5.6 46854 (10/PNP-003517)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo, así como a actuación que debe levar a cabo respecto da presentación dun expediente de regulación de emprego temporal na empresa Ferroatlántica

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 437, do 27.02.2019

5.7 47354 (10/PNP-003574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

5.8 47456 (10/PNP-003588)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019



Punto 6. Interpelacións

6.1 46711 (10/INT-001549)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.2 47099 (10/INT-001565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.3 47129 (10/INT-001567)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemárketing

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 47924 (10/POPX-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar os conflitos laborais abertos nalgúns dos servizos públicos fundamentais da Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

7.2 47935 (10/POPX-000137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posición do Goberno galego en relación coas discriminacións a Galicia e os privilexios de Ence

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

7.3 47936 (10/POPX-000138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para darlle resposta á contestación social respecto das súas políticas nos ámbitos centrais da súa acción de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 47923 (10/PUP-000235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da decisión do Ministerio de Xustiza de apartarse por primeira vez da proposta de creación das novas unidades xudiciais formulada de xeito consensuado pola Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

8.2 47931 (10/PUP-000237)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas do estudantado referidas á posta en marcha de políticas urxentes contra o cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

8.3 46919 (10/POP-005604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos datos reflectidos na documentación técnica asociada á solicitude de autorización da vertedura das augas pluviais procedentes da balsa da Bama, incorporada ao proxecto mineiro de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

8.4 47928 (10/PUP-000236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación das empresas auxiliares afectadas polos impagamentos do sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

8.5 46619 (10/POP-005545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a opinión e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa obriga de cursar a materia de Relixión no bacharelato

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

8.6 42816 (10/POP-005046)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os cambios introducidos nos pregos de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019



8.7 42872 (10/POP-005056)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do impacto da eliminación da Área Sanitaria de Valdeorras na calidade da asistencia sanitaria no Hospital Comarcal de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

8.8 46884 (10/POP-005600)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dez deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación dunha unidade de referencia para a diagnose e asesoramento respecto das patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

8.9 47156 (10/POP-005639)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do programa Nelson Mandela, de inclusión e integración social das persoas en situación de reclusión en penitenciarías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

8.1 047257 (10/POP-005636)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para diminuír o número de accidentes de tráfico provocados polos xabarís

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia da deputada dona Paula Vázquez Verao así como dous cambios xa previstos no desenvolvemento da orde do día, que afectan a dúas preguntas ao Goberno. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar os conflitos laborais abertos nalgúns dos servizos públicos fundamentais da Comunidade Autónoma (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

O señor Villares Naveira (EM) faille unha solicitude ao señor presidente relacionada coa entrega de documentos relacionados co debate, petición que denega o señor presidente ao considerala innecesaria. (Páx. 21.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego en relación coas discriminacións a Galicia e os privilexios de Ence. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 27.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para darlle resposta á contestación social respecto das súas políticas nos ámbitos centrais da súa acción de goberno. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 29.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 30.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 32.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 33.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, dun proxecto de lei de mobilidade sostible para a súa aprobación. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 36.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 39.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 41.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 43.)

Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S). (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación polo Goberno galego, antes do remate de 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 46.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 49.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 51.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 52.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 54.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch, con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 56.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 59.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 60.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 62.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 64.)

Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 67.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 71.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 73.)

O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 75.)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente anuncia o comezo das votacións das proposicións non de lei. (Páx. 79.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para explicar o resultado das transaccións sobre a súa proposición non de lei. (Páx. 79.)

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva: *rexeitados por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva: *rexeitado por 6 votos a favor, 36 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 80.)

A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para explicar o resultado da transacción sobre a proposición que se vai votar a continuación. (Páx. 80.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e cinco deputados/as máis, sobre o mantemento pola Xunta de Galicia do seu apoio aos profesionais que traballan no campo galego a tempo parcial, así como o impulso das medidas necesarias para fomentar e protexer a súa actividade nel: *aprobada por 50 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, dun proxecto de lei de mobilidade sostible para a súa aprobación: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstencións.* (Páx. 81.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a elabo-



ración e aprobación polo Goberno galego, antes do remate de 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo, así como a actuación que debe levar a cabo respecto da presentación dun expediente de regulación de emprego temporal na empresa Ferroatlántica: *aprobada por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

O señor Casal Vidal (EM) intervén para comunicar o resultado das transaccións e a aceptación da votación por puntos na seguinte proposición non de lei. (Páx. 83.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para pedir a votación por separado do punto primeiro desta proposición non de lei. (Páx. 83.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón: *aprobado por 68 votos a favor, ningún en voto contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación dos puntos 2 a 6 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón: *rexeitados por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación do punto 7 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón: *rexeitado por 18 votos a favor, 36 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 84.)



Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente lembra unha modificación no desenvolvemento da orde do día, xa anunciada, pola que adianta a pregunta 8.1 para formulala a continuación. (Pax. 85.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da decisión do Ministerio de Xustiza de se apartar por primeira vez da proposta de creación das novas unidades xudiciais formulada de xeito consensuado pola Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Goberno galego. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 86.)

Réplica da autora: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 88.)

A señora Vilán Lorenzo (S) pide a palabra para solicitarlle á señora Prado del Río (P) unha rectificación sobre determinadas expresións utilizadas por esta. Interven en sobre este asunto o señor presidente e a propia deputada, señora Prado del Río (P). (Páx. 90.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente anuncia o debate acumulado de dúas interpelacións. (Pax. 91.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde. (Punto sexto da orde do día.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 91.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 99.)

Réplica dos autores: Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 103.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 107.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor presidente retoma a sesión cun cambio no desenvolvemento da orde do día previamente anunciado. (Páx. 109.)



Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa obriga de cursar a materia de Relixión no bacharelato. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 112.)

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemárketing. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 113.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 121.)

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas do estudantado referidas á posta en marcha de políticas urxentes contra o cambio climático. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos datos reflectidos na documentación técnica asociada á solicitude de autorización da vertedura das augas pluviais procedentes da balsa da Bama, incorporada ao proxecto mineiro de Touro. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 131.)



Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación das empresas auxiliares afectadas polos impagamentos do sector naval da ría de Vigo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 134.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de en Marea, sobre os cambios introducidos nos pregos de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 137.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 139.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do impacto da eliminación da Área Sanitaria de Valdeorras na calidade da asistencia sanitaria no Hospital Comarcal de Valdeorras. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 141.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 142.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 143.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 144.)

Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación dunha unidade de referencia para a diagnose e asesoramento respecto das patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 147.)

Réplica do autor: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 148.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do programa Nelson Mandela, de inclusión e integración social das persoas en situación de reclusión en penitenciarias. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 150.)



Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 152.)

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e de D. Raúl Fernández Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para diminuír o número de accidentes de tráfico provocados polos xabarís. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 153.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 154.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 155.)

Remata a sesión ás seis e corenta e sete minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Antes de entrar no desenrolo da orde do día, comunícolles que escusa inasistencia a este pleno dona Paula Vázquez Verao.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comunícolles tamén dúas alteracións na orde do día, que atinguen a dúas preguntas, en concreto a pregunta número 8.1, ou sexa, a primeira pregunta de preguntas ao Goberno, que será substanciada logo das votacións das proposicións non de lei, e a pregunta 8.5, que xa foi falado cos dous interesados, que será substanciada a primeira hora do reinicio do pleno pola tarde.

Tamén aproveito para saudar os alumnos e alumnas do Centro Poeta Díaz Castro, de Guitiriz —son alumnos de 4º da ESO e de 1º de bacharelato— e tamén os seus profesores e acompañantes —benvidos ao Parlamento— e tamén as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna.

E agora si, entramos na orde do día, co punto sétimo, preguntas para resposta oral ao presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar os conflitos laborais abertos nalgúns dos servizos públicos fundamentais da Comunidade Autónoma.

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, por desgraza, un día máis a sanidade pública é protagonista e, concretamente, a súa desastrosa política sanitaria. Mentres estamos tendo este debate, os profesionais sanitarios están facendo unha peregrinación. Profesionais dos PAC das sete cidades galegas están peregrinando ao edificio da Xunta, porque nin o Sergas nin a Consellería atende as súas demandas. Un Camiño de Santiago do que desta vez non pode presumir a Xunta de Galicia, porque é un camiño sanitario co que vostedes deberían de atender inmediatamente unhas reivindicacións, saír correndo a Consellería a atender e recibir os profesionais que neste momento peregrinan, impotentes, ante a desatención que sofren por parte da Administración. Os traballadores dos PAC levan en folga indefinida dende o 7 de xaneiro, cuns servizos mínimos do cen por cento; din que queren derrubar o muro que fai o Sergas fronte ás súas reivindicacións.

¿Sabe, señor presidente da Xunta, por que están en folga? Están en folga simplemente porque vostede non cumpre coa súa propia lei, non cumpre cos seus acordos. Había un acordo cos



profesionais sanitarios do ano 2008, que vostedes deixaron en papel mollado cando chegaron á Xunta no ano 2010, e, como consecuencia diso, o persoal dos PAC de enfermería e de medicina de familia é penalizado cando están de baixa, é penalizado cando queren coller días aos que teñen dereito ou días de libre disposición — cousa que non pasa co resto de profesionais do Sergas—, e, como consecuencia disto, non cobran unha parte da xornada complementaria, que moitas veces se lles obriga a facer desde a propia Administración.

O conflito sanitario, non obstante, nestes momentos para vostede non remata nos PAC, porque a Coordinadora Galega de Atención Primaria ten convocada unha folga para os días 9 a 12 de abril, que afectará os centros de saúde de toda Galicia, porque na Consellería de Sanidade do señor Almuíña non se sentaron a negociar e acordar con eles as melloras necesarias para a atención primaria. As súas reivindicacións son de mínimos, porque eles o que queren é prestar a mellor atención aos seus pacientes.

Hai cinco demandas esenciais que vostedes non atenden. Primeiro, reclaman a eliminación das EOXI impostas por vostede e a creación dunha verdadeira xerencia de atención primaria con capacidade de gasto propio, é dicir, o mesmo que ten xa a atención hospitalaria. En segundo lugar, exixen un aumento significativo do orzamento dentro da Consellería de Sanidade, ata chegar ao 25 %, tal e como recomendan todos os organismos internacionais. Terceiro, piden un necesario aumento de persoal, a través da convocatoria inmediata de todas as prazas que fan falta xa. Cuarto, demandan contratos estables para poder ofrecer unha prestación asistencial de calidade aos seus pacientes e dignos para as médicas precarias. E quinto, reclaman unha atención directa e unha negociación directa do seu Goberno co persoal dos PAC.

Quero lembrarlle, señor presidente, que tanto o colectivo dos PAC como da atención primaria non piden para eles, piden melloras de servizo público para o conxunto da cidadanía galega, mellorar a atención sanitaria en dous puntos que constitúen o piar central da sanidade, posto que resolve o 90 % dos problemas de saúde da xente, e vostede non ten para eles nin un plan nin unha resposta nin orzamento. Iso si, houbo orzamento no 2017 nesta Cámara para subir vostede o salario do seu Goberno máis dun 7 %. Houbo diñeiro nesta Cámara no ano 2019 nos orzamentos para baixarlles o imposto do patrimonio ás sete mil persoas máis ricas de Galicia, unha bonificación, un regalo fiscal de máis de 12 millóns de euros. E nós temos que chegar á conclusión de que vostede só mira por vostede e polos seus amigos, de que vostede só goberna para os ricos. Pedímoslle, por favor, que governe para todos e que remate dunha vez por todas co maltrato sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, a súa pregunta está rexistrada —creo recordar— o 18 de marzo. Falaba vostede de se había conflitos laborais nos servizos públicos. É sorprendente que non felicítase



vostede, en primeiro lugar, aqueles que presentaban demandas e, en segundo lugar, aqueles que acordamos solucionar esas demandas, porque vostede omite que o 20 de marzo, por exemplo, os traballadores e as empresas do sector da ambulancia chegaron a un preacordo para un novo convenio laboral. Omite tamén vostede que ese mesmo día 20 de marzo todos os colexios médicos de Galicia, o Consello Galego de Colexios Médicos e todas as sociedades científicas de atención primaria, todas as que hai en España, chegaron a un acordo co Servizo Galego de Saúde para embridar os problemas de atención primaria que existen neste momento no Sistema nacional de saúde, pero, no que a nós afecta, no Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, á pregunta súa ¿que facemos ante os conflitos?, pois mire, nós buscamos solucións, incluso atopamos acordos. Xa sei, señorías, que vostedes están sempre especializados non soamente en non buscar solucións senón en alimentar os desacordos. Esa é basicamente a súa proposta en materia de servizos públicos. Canto peor mellor; asinado: as Mareas de Podemos.

Pero mire, nós imos seguir traballando. Di vostede bastantes mentiras hoxe, pero estou acostumado. Por exemplo, que baixamos o imposto de patrimonio; ao contrario, o único goberno que subiu o imposto de patrimonio é este. Ou que subimos o soldo aos altos cargos; o único goberno que baixou o soldo aos altos cargos é este. Vostede segue alimentando ese tipo de calumnias, pero parece que non lle vai moi ben. Nós imos seguir traballando.

Mire, cando presentamos cento setenta e cinco medidas para os asuntos de atención primaria, posteriormente son copiadas en parte polo Ministerio de Sanidade —digo en parte porque non son capaces nin sequera de presentar unha proposta para todo o Sistema nacional de saúde, pero ese é o seu problema—.

Pero, en relación coas folgas dos PAC, sabe vostede —debería de saber— que nos puntos de atención continuada en urxencias os servizos mínimos é do cen por cento; ¿ou xa non se acorda? Sería ilegal non poñer servizos mínimos ao cen por cento. ¿Ou vostede xa está plan- texando facer cousas ilegais tamén en materia de servizos mínimos?

Pero, en relación cos PAC, estamos traballando. Hai cinco reivindicacións e estamos de acordo en tres; hai outras dúas nas que seguimos aproximando propostas.

Pero di vostede que tamén hai unha convocatoria de folga dos médicos de atención primaria. É outra mentira á Cámara. Dá igual, que máis dá. Vostede acaba de inventar que hai unha convocatoria de folga en atención primaria. É outra mentira, e vostede vaise levantar e non vai rectificar. Mire, de momento non hai ningunha convocatoria de folga na atención primaria. Xa sei que vostedes están intentando que haxa convocatorias de folga, (*Murmurios.*) e canto peor funcione a sanidade, mellor para as Mareas de Podemos, iso si, peor para os galegos, que nós representamos na súa maioría, e por iso estamos cos galegos, represen- tándoos sempre, na atención primaria. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, vostede relata as cinco propostas desa presunta coordinadora que vai presen- tar, teoricamente, unha folga —debe ser que vostedes xa están dentro desa coordinadora— e di: non, é que hai que facer unha convocatoria de todas as prazas que se necesiten. É un



plantexamento intelixente, señor Villares. Vostede sabe que hai unha lei —debería de sabelo— do Estado que establece o máximo das ofertas públicas de emprego, que é o cen por cento das vacantes, e ás comunidades que cumprimos déixannos o 108 % das vacantes. ¿Que fixo este goberno? Coller esa porcentaxe do 8 % de Educación e de Función Pública e darlla a Sanidade, e por iso acabamos de convocar, entre o ano 2018 e o ano 2019, mil trescentas prazas de médicos e persoal de enfermería. ¿Hai algunha comunidade autónoma en España que convoque o 108 %, máis o 8 % e o 8 %, do resto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...das administracións públicas só en sanidade? Non. Somos a primeira comunidade autónoma nas ofertas públicas de emprego. *(Aplausos.)*

Di vostede que hai que facer contratos dignos. ¿Hai algunha comunidade autónoma en España que ofrezca un contrato de tres anos antes de sacar unha praza definitiva nos servizos sanitarios dende que se finaliza o MIR? Non. Soamente Galicia. Tres anos.

Di vostede, señoría, que hai que suprimir as EOXI. ¿Se as EOXI están creadas por unha lei do Bipartito do ano 2008! ¿Hai que suprimir tamén o que vostedes, cando militaban noutros partidos, aprobaban...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...na Cámara?

Mire, señoría, sentímonos orgullosos da sanidade pública, imos seguir defendendo a sanidade pública. Cada vez que haxa un conflito, haberá unha proposta de solución. Vostedes, señoría, son especialistas en conflitos, nós somos especialistas nos servizos públicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: O Partido Popular, ¿especialistas? Si, especialistas en mentir, especialistas en mentir. En tres minutos, tres mentiras, aquí, diante de todo o mundo.

A primeira mentira, señor Núñez, é que vostedes non baixaron este ano o imposto de patrimonio. Mentira. Baixaron o imposto de patrimonio, e está recoñecido pola Xunta de Galicia. Está nos orzamentos aprobados este ano unha rebaixa que vai supoñer 12 millóns menos como mínimo de euros de ingresos por parte da Xunta de Galicia, porque lles fan unha rebaixa, un regalo fiscal, ás sete mil persoas máis ricas de Galicia. Primeira mentira. Se non é así, na quenda de dúplica diga vostede que non rebaixan este ano nos orzamentos de 2019 o imposto de patrimonio, digan que non. Primeira mentira.



Segunda mentira, as ilegalidades dos servizos mínimos. ¿Que vostedes non cometen ilegalidades cos servizos mínimos? ¡Se os condenaron nos últimos seis meses —cinco sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia— por vulnerar os servizos mínimos no dereito á folga, entre outros, no ámbito sanitario! ¿Que vén falar vostede do cumprimento da legalidade dos servizos mínimos? Segunda mentira.

Terceira mentira —e a máis importante neste contexto do que estamos falando—, ¿que chegaron vostedes a un acordo con todas as organizacións colexiais médicas? Mentira. Mire, mentira, porque, de feito, tiveron que saír a desmentilo a vostede e a Consellería e o señor conselleiro de Sanidade pois nada máis e nada menos que a Asociación Galega de Medicina de Familia Comunitaria, porque vostedes fixeron pasar unha reunión de traballo por un acordo, unha reunión por un acordo, e entón, dentro do trámite de alegacións, a propia asociación tivo que poñerlles as cousas claras. Na primeira alegación dilles: o documento debe titularse «acta da reunión mantida», desaparecendo o termo «acordo». E a segunda alegación, así de clara —e xa está o señor Almuiña facendo aspavientos—, é que no punto primeiro «non se trata das estratexias de atención primaria, senón da elaboración da estratexia de atención primaria, substituíndo o borrador do novo modelo, que rexeitamos» —que rexeitamos—. Polo tanto, nin acordo explícito nin acordo implícito, rexeitan o seu modelo. Polo tanto, non veña á Cámara mentir, non veña á Cámara mentir.

E a pregunta que lle fago neste caso é: ¿vostede sabía isto? E, se non o sabía, ¿vai vostede reponsabilizar o conselleiro de Sanidade? Diga «si» ou diga «non», desautoríceo agora ou, se non, retráctese vostede, porque a Asociación Galega de Medicina de Familia estalle quitando a vostede a razón. Non hai acordo con todas as organizacións, non o hai; había unha simple reunión de traballo e non un acordo, como vostede está dicindo. Este é o documento, este é o documento. (*O señor Villares Naveira mostra un documento.*)

Señor Núñez, estanlle rexeitando o seu novo modelo. Temos os mellores sanitarios, témolos dispostos a facer o mellor traballo, pero vostedes impídenllo facer, porque lles impiden traballar en condicións aceptables.

Mire, hai seis mil vacantes no sistema sanitario, e só convocan 1.314, seis mil vacantes no sistema sanitario. Hai unhas limitacións legais impostas polo Goberno do Partido Popular —dígoa claro—, pola lei Montoro e polas sucesivas leis que aprobaron no Goberno de Mariano Rajoy durante sete anos de goberno.

Diga quen é o responsable desta situación. Diga tamén que son responsables as políticas que son consecuencia da modificación do artigo 135 da Constitución...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que pactou Mariano Rajoy con Zapatero no ano 2011. Dígoa claramente, dígoa. Se o di así, darémoslle a benvinda ao Estado social e darémoslle a benvinda ás preocupacións polos dereitos da xente. Pero vemos que non ten ningunha preocupación polo dereito da xente, porque o que si que é verdade e o que si que está aprobado por esta Cámara, co voto favorable só do Partido Popular...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...é que no ano 2017 vostedes subiron o soldo dos altos cargos máis dun 7 % e que no ano 2019, hai menos de catro meses..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Remate, por favor, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...esta Cámara, co voto favorable do Partido Popular, baixoulles o imposto aos máis ricos de Galicia, aos sete mil máis ricos de Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares, terminou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...12 millóns de euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non me estraña, señor Villares, que lle pase o que lle pasa. (*Risos.*) Di vostede, unha vez máis, que nós baixamos o imposto de patrimonio, e eu reitero que o único Goberno que subiu o imposto de patrimonio foi este. Nós deixamos o imposto de patrimonio como estaba cando tomamos posesión na Xunta de Galicia no ano 2009, e antes subimos o imposto de patrimonio, e a tarifa de patrimonio que se aplica en Galicia é exactamente igual á tarifa xeral do Estado. Primeira falsidade.

Segunda. Di vostede que se hai dúbidas ou discusións sobre os servizos mínimos. Falei dos servizos mínimos das urxencias, non dos servizos mínimos na súa totalidade. Segunda falsidade.

Pero o que é curioso é que acaba de coller un documento, aparentemente, para intentar dicir que o ten, e non le o parágrafo primeiro do referido documento. Leo: Reunidos o 20 de marzo do ano 2019 en Compostela os representantes do Consello Galego de Colexios Médicos e sociedades científicas de atención primaria indicados ao final deste documento e o Servizo Galego de Saúde, acordan: (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) Primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo. Firmado: don Daniel Rey Aldana, presidente de Semergen Galicia; don José Carlos Bastida Calvo, presidente de SEMG Galicia; e dona Susana Aldecoa Landesa, presidenta de Agamfec Galicia.

(*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, silencio, silencio.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Acordan, señoría, acordan. *(Aplausos.)*

Señorías, non estamos falando cun deputado calquera, ¡eh!, estamos falando cun deputado que antes dicía que impartía xustiza, e manipula un documento asinado entre todas as organizacións científicas e todos os colexios médicos. *(Murmurios.)*

Mire, señoría, cando vin esta pregunta sobre os conflitos laborais, pensei que se refería vostede, por exemplo, ao despedimento de once traballadores do seu partido, coa indemnización mínima, iso si, por exixencias da reforma electoral. Son vostedes pura incoherencia, señor Villares.

Mire, escoitar de vostedes propostas en materia sanitaria, cando acaban de facer propostas reiteradas e se convarten vostedes nun dos partidos antivacinas de Europa e propoñen que non se vacinen os rapaces e as nenas e os nenos galegos, é cando menos unha falta de respecto absoluta pola ciencia médica.

Ten vostede unha portavoz de sanidade nesta Cámara que está de acordo co réxime do señor Maduro en Venezuela. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, comprendo que moleste, señoría, pero é que molesta moito máis aos venezolanos que lles tomen o pelo dende Galicia, dende a tranquilidade dunha sanidade pública universal, a un país onde non hai fármacos, onde non hai antibióticos e onde a xente está morrendo como consecuencia de falta de medicamentos. *(Aplausos.)* Por iso, señoría, iso é indigno, señoría, é indigno.

Mire, señoría, ¿sabe unha cousa? Vostedes son un perigo para a sanidade pública, un perigo para a saúde pública e un perigo para os plantexamentos básicos sanitarios en prevención e promoción da saúde.

Fala vostede de conflitos, fala vostede de conflitos na administración pública, de que cada vez que hai un conflito está á disposición para intentar buscar unha resposta, defendendo —iso si— o conxunto dos galegos. Mire, señoría, ¿nalgún momento vostedes pensan que serían capaces de xestionar un servizo sanitario de trinta e nove mil persoas que traballan vinte e catro horas trescentos sesenta e cinco días ao ano cando non son capaces de xestionar un grupo parlamentario de catorce deputados, señoría? *(Aplausos.)* ¿Realmente vostedes poden dar leccións de organización e de seriedade a un servizo público de saúde con trinta e nove mil persoas e coa desfeita de organización, de desunión e de falta de respecto que teñen vostedes entre si?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, sei que as miñas respostas non lle gustan —enténdoo—, pero mire unha cousa: son dos poucos deputados que fala con vostede na Cámara. *(Murmurios.)* Si, señoría, si. Eu trátooo con respecto, con moito máis respecto do que o tratan os seus propios compañeiros, pero a miña sensación é que os seus propios compañeiros empezan a ter razón.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*O señor Villares Naveira pide a palabra.*)

Si, señor Villares, ¿para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: Con relación á contestación dada polo señor presidente, gustaríame que o señor presidente da Xunta de Galicia e eu achegásemos á Mesa os dous documentos, para que quedasen á exposición da Mesa e á disposición do público galego en xeral, para que a xente poida sacar as súas propias conclusións de ambos os documentos.

O señor PRESIDENTE: Foron lidos os dous documentos en público, aquí, publicamente. Todos os deputados coñecen os dous documentos. Non é necesario.

O señor VILLARES NAVEIRA: Sería bo que estivesen á disposición de toda a cidadanía de Galicia na páxina web do Parlamento para que se poidan ver.

O señor PRESIDENTE: Terminou, terminou. Os dous documentos foron lidos publicamente aquí, e os deputados todos coñecen o contido dos dous documentos. Outra cousa é que non hai acordo entre vostedes, pero esa é outra historia. (*Murmurios.*)

Terminou. Grazas.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego en relación coas discriminacións a Galicia e os privilexios de Ence

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día.

Eu hoxe quero que as miñas primeiras palabras sexan de solidariedade cos veciños e veciñas que acaban de vivir esta onda de incendios, sobre todo en Dodro e Rianxo, que sei que houbo pánico, que houbo medo; tamén de recoñecemento para os traballadores e traballadoras do servizo de extinción, que aínda hoxe seguen traballando contra o lume, e aos que lles queremos dar as grazas de todo corazón. (*Aplausos.*)

E eu, señor Feijóo, tamén teño que dicirle que esta onda de incendios é un aviso, é un aviso do grave problema que está creando a súa política forestal ao servizo de Ence e que converte Galicia nun polvorión; unha política forestal fracasada, unha política forestal pirómana, que pon en risco vidas humanas e que está creando o maior problema ambiental que ten este



país. Necesitamos unha nova política forestal ao servizo de Galiza e non ao servizo de Ence. *(Aplausos.)*

Pero o tema da política forestal non é o único terreo onde vostedes nos demostrou que é un valedor de Ence, —hai que lembrar— unha desas empresas que privatizou o Goberno de Aznar a prezo de saldo e un paradigma das portas xiratorias do Partido Popular.

Tamén está aí a inmoral e ilegal prórroga que concedeu o Goberno de Rajoy cando estaba en funcións, para que os accionistas desta pasteira sigan gañando cartos a custa de contaminar a ría de Pontevedra e poñer en risco a saúde das persoas.

E voulle lembrar o que dicía vostede en 2009: «Non cabe a posibilidade de manter Ence na ría. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria.» Xa vemos, señor Feijóo, canto vale a súa palabra: absolutamente nada. *(Aplausos.)*

Non só non cumpriu a súa palabra, non só puxeron en marcha esta prórroga ilegal, senón que o vimos a vostede saltando como unha hidra ante a decisión da Avogacía do Estado, a única decisión, por certo, señor Feijóo, da Avogacía do Estado sobre a prórroga de Ence, porque parece que o Partido Popular —¿como ía ter un criterio contrario?— nin tan sequera solicitou ese informe cando estaba no Goberno.

E nós o que lle dicimos é que Ence non está por riba da lei, por moito que sexa unha empresa do Ibex 35, nin tampouco pode estar por riba da vontade maioritaria dos veciños e das veciñas de Pontevedra e de toda a súa comarca.

E cambiar as leis para favorecer Ence ten un nome, e eu voulo dicir con todas as letras: corrupción *(Aplausos.)*, porque a ningunha empresa se lle regalan seiscentos mil metros cadrados de dominio público, a ningunha empresa se lle permite estar nun lugar cento quince anos cando a lei di que o máximo son setenta e cinco, a ningunha empresa se lle perdoan seis millóns de euros cada ano do canon de saneamento e desde logo a ningunha empresa se lle permite inzar o noso monte de materia prima barata e inflamable, sen tan sequera pechar o ciclo produtivo do papel.

O futuro de Ence está fóra da ría de Pontevedra, e nós o que lle exiximos, señor Feijóo, en primeiro lugar, é que deixe de actuar como conselleiro delegado e, en segundo lugar, que lidere o proceso de traslado da pasteira, porque aí é onde vostede ten competencias. E facer ese traslado só ten vantaxes: cúmprese a lei, non queda vostede como un fariseo, recuperamos a ría de Pontevedra, gañamos en saúde para as persoas e tamén en futuro para este país.

Señor Feijóo, compórtese como presidente da Xunta e non como delegado conselleiro de Ence. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, agradezo a felicitación ao servizo de extinción de lumes, a todos os colectivos que estiveron traballando onte e que seguen traballando hoxe. Esperemos que o vento do nordés amaine; lamentablemente non vai ser así nin hoxe nin mañá, e onte tiveron que traballar en trinta e nove lumes, só no día de onte, 2.962 persoas, 6 medios aéreos e 267 motobombas. Quero agradecer ao Ministerio de Agricultura e ao Goberno de España a súa determinación e a súa axuda. E, por suposto, aos veciños afectados o noso compromiso de seguir traballando de día e de noite ante esta vaga de lumes —como non pode ser doutro xeito—, como vén sendo habitual, con carácter xeral, intencionados.

Mire, señoría, vostedes teñen unha forma de plantexar o autogoberno de Galicia. Nós xa lle digo que temos outra. A vostede parécelle mal que eu critique o Goberno por unha serie de decisións que poñen en perigo miles de empregos e o tecido industrial de Galicia. Por moi mal que lle pareza que critique os seus socios en todas as institucións galegas, aínda que agora incrementan os seus socios con Batasuna-Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña, eu dende logo si o vou facer e non vou calar. Non vou calar porque considero un grave menosprezo, unha enorme frivolidade e unha falta de respecto a decisión do Goberno en relación con esa empresa tomada hai uns días, que este goberno —lexítimo— se entera polos medios de comunicación.

É un grave menosprezo ao noso autogoberno. ¿Imaxina vostede que o Goberno de España toma esta decisión sen consultar coa Generalitat ou co lehendakari, tomar esta decisión dunha empresa e de todo o impacto que supón —emprego directo e indirecto— e que nin sequera varias semanas despois ninguén do Goberno se poña en contacto con este goberno, que ten competencias exclusivas en materia de medio ambiente, señora Pontón? ¿Pero que frivolidade é esta de que un goberno dá unha prórroga e outro goberno quita a prórroga dentro do mesmo Estado? ¿Que principio de seguridade xurídica temos en España? ¿Pero que falta de respecto a milleiros de familias que quedan no paro e a oitenta mil galegos que venden madeira todos os anos e ingresan trescentos millóns de euros?

Mire, señoría, sobre o emprazamento desa compañía, a vostede e a min gústanos o mesmo —é dicir, nada— ese emprazamento, pero nin vostede nin eu tivemos nada que ver con ese emprazamento, señoría. O que está claro é que hai que falar as cousas de forma meridiana. Se pechamos ou non pechamos, esa é a consideración. Cando vostedes estaban no Goberno, non pechaban e cando estaban no Goberno daban declaracións de impacto ambiental favorables e dicían que non contaminaba a ría, e agora resulta que volveron á oposición e volven dicir as mesmas mentiras que cando estaban na oposición anteriormente. ¿Prevaricaban vostedes cando daban a declaración de impacto ambiental e os permisos para que Ence seguira na ría?, ¿prevaricaban vostedes, señora Pontón?

Mire, señora Pontón, cinco mil duascenas familias con postos de traballo en perigo, catrocentas persoas que traballan en Ence, dous mil setecentos contratistas da área industrial, trescentos camións que entran e saen todos os días desa factoría e dous mil cen empregos vinculados ao sector forestal. O 60 % da carga do porto de Marín é esa compañía, cen barcos



ao ano, e oitenta mil familias galegas venden trescentos millóns de euros de madeira ao ano, dos cales o 60 % son eucalipto, dos cales o 50 % son para esta compañía.

Señoría, ¿que decisión irresponsable é esta? ¿Como se pode tomar unha decisión de forma unilateral sen nin sequera escoitar o Goberno lexítimo dos galegos? Señoría, ¿como se pode tomar esta decisión? E levamos semanas sen escoitar ningún tipo de explicación en relación con esta decisión e cal é a súa motivación.

Non ten sentido que cunha compañía que ten...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...un compromiso de máis de trescentos sesenta millóns de euros de investimento en Galicia, firmado un pacto ambiental con este goberno, e resulta que, de momento, e porque toca, se volatiliza ese acordo e quedamos sen a primeira compañía no sector forestal galego.

Mire, señoría, ¿a vostede parécelle mal que critique o Goberno de Madrid por esta cuestión? Vostede defenda o Goberno de Madrid, eu critico o Goberno de Madrid. Queda claro, pois, que as propostas do BNG e as propostas do Partido Popular de Galicia son absolutamente distintas.

Vou seguir traballando polos intereses de Galicia. Para min o primeiro son os traballadores do país, o segundo son os propietarios da madeira e o terceiro é, por suposto, cumprir a lei sempre.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E namentres estivemos neste goberno e estamos cumprimos a lei sempre.

Mire, señoría, mentres non haxa unha alternativa a outra pasteira, non se pode tomar o pelo a oitenta mil familias e cinco mil traballadores. A iso, que se apunte o BNG e os seus socios socialistas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, está vostede para falar de socios. (Murmurios.) (Aplausos.) Si, si, de ganchete coa extrema dereita, antigalega, racista, machista e xenófoba.



Está vostede para falar de socios. (*Aplausos.*) En fin, siga por ese camiño. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E mire, cuestionar... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

Silencio.

Prosiga, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Si? ¿Xa hai calma? ¿Podo seguir falando?

O señor PRESIDENTE: Si, si, pode seguir xa.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, e a verdade é que cuestionar a posición do BNG en relación con Ence, señor Feijóo, é vivir en Marte, sobre todo despois da súa coherencia, porque eu preguntolle: ¿cando enganou vostede os galegos: cando dicía en 2009 que non cabía a posibilidade de manter Ence na ría e anunciaba que se ían poñer a traballar no traslado, en 2012 —cando volvía presentarse co mesmo programa electoral—? ¿Por que engana durante todo o tempo os galegos e as galegas? ¿Por que mente, señor Feijóo, constantemente?

Mire, a vostede o único autogoberno que o preocupa é o dos accionistas de Ence (*Aplausos.*) e que sigan gañando cartos a custa de contaminar a ría de Pontevedra e poñer en risco o futuro tamén deste emprego.

E mire, é unha falta de respecto as súas mentiras en relación con Ence, que hoxe nos volveu demostrar que é o conselleiro delegado e que creo que o presidente de Ence non é capaz tan ben de defender os seus intereses como hoxe aquí fixo vostede no Parlamento.

Onte mesmo fíxose pública unha cousa que é gravísima, e é que o Goberno de Rajoy, en funcións —cando a vostede non lle importaba que os gobernos en funcións tomaran decisións—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nin fixo unha consulta á Avogacía do Estado sobre a legalidade desa prórroga. ¿Será, señor Feijóo, porque sabían que o criterio da Avogacía do Estado ía ser contrario e entón xa non pediron nin tan sequera esa prórroga? (*Aplausos.*) Porque do que estamos falando é de que vostede salta como unha hidra ante unha decisión da Avogacía do Estado, a única que tomou en relación coa prórroga de Ence.

E mire, os únicos responsables da situación de Ence son a pasteira e o Partido Popular, porque quixeron saltar a lei para que Ence non cumprira o que estaba establecido, e é que tiña que trasladarse. Non hai, señor Feijóo, en toda Europa ningunha cidade importante que non trasladara as súas industrias contaminantes. Fíxose en Barcelona, fíxose en Londres, fíxose en Málaga, tamén se fixo en Bilbao. E non creo que para a ría de Bilbao fora ningún problema trasladar as súas industrias contaminantes; foi unha bendición que lles permitiu recuperar un espazo urbano e gañar emprego e traballo. (*Aplausos.*)



E, polo tanto, nós o que lle preguntamos é se de verdade vostede ten tan pouca ambición de país que cre que o único futuro é ter a ría de Pontevedra contaminada, ese modelo que vén do franquismo...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...se ten tan pouca aspiración de país... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que lles di aos galegos e galegas que o futuro é seguir enchendo o monte de eucaliptos, cando vemos cal é a situación tan grave que iso xera e que non vai crear rendas máis altas, ou se non temos que apostar polo que di a lei, señor Feijóo.

Porque nós o que lle estamos pedindo é que... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Chisst!

A señora PONTÓN MONDELO: ...—se me permiten as súas señorías alteradas do Partido Popular—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, o que nós lle estamos pedindo é que se cumpra a lei. Ence non pode estar por riba da lei. As súas competencias e o seu autogoberno facúltano, señor Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para poñer en marcha o traslado de Ence. Lidere ese proceso e deixe de comportarse como un conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque ao mellor é que vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...aspira... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)



Grazas. Terminou o tempo.

(Aplausos.)

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, os meus socios son os galegos e as galegas; os seus socios son Batasuna, Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña. (Aplausos.) (Murmurios.)

Señorías, voulle ler o parágrafo do programa electoral, que recordo perfectamente, que di textualmente: «O PPdeG mantén a súa aposta por que Ence abandone o seu actual emprazamento, considerando irrenunciábel a continuación da súa actividade no contorno da comarca de Pontevedra». Este é o noso programa electoral.

Moi ben. Puxémonos a estudar —dado que o conselleiro do BNG de Industria supoño que tiña estudado este asunto con moito interese cando estaba no Goberno— onde podemos levar Ence no contorno de Pontevedra e atopamos. Consumo de auga de Ence: o dobre do que consome Pontevedra, Marín, Poio, Bueu e Sanxenxo, vinte millóns de metros cúbicos; e o que consomen todas estas poboacións son dez millóns de metros cúbicos. Segundo: proximidade a un porto. E terceiro requisito: potencia eléctrica suficiente; esta empresa consome máis do dobre do que consome toda a comarca de Pontevedra, consome a metade de electricidade que consome a cidade de Vigo. E con estas condicións, señoría, seguimos traballando.

No ano 2008, a autorización ambiental integrada, firmada polo Goberno do Bipartito. ¿Por que, señoría, por que lle daban vostedes a autorización ambiental integrada? Porque cumpría a lei. Dende que chegamos ao Goberno, fixemos, no ano 2013, no ano 2015, no ano 2016 e no ano 2018, as inspeccións integrais e seguimos acreditando —igual que o Bipartito— que está cumprindo totalmente as condicións de autorización ambiental integrada; igual que o Bipartito, exactamente igual.

Hai unha diferenza entre vostedes e nós. Mire, cando esta compañía obtén a prórroga do Goberno, sentámonos coa compañía e pactamos máis investimentos, máis emprego e máis calidade ambiental; esa é a diferenza. O pacto está asinado, son douscentos millóns de euros de investimento en Galicia.

Un dos parágrafos dese investimento era nada máis e nada menos que rehabilitar na súa integridade o pazo de Lourizán, cinco millóns de euros. E cando chegamos a rehabilitar o pazo de Lourizán e pedirlle autorización á Deputación de Pontevedra, a resposta é: se é con diñeiro de Ence, non, que caia. (Murmurios.) ¿Hai algún partido máis sectario que nin sequera o patrimonio histórico mantén como consecuencia de que sexa dun pacto ambiental asinado cunha empresa?

Mire, señoría, alá vostedes. Nós queremos facer a depuradora de Praceres con diñeiro e con compromisos desa compañía. Vostedes non. Están en Pontevedra ricamente fumando un puro,



señoría. O problema é que ás oitenta mil familias galegas hai que explicarlles exactamente por que e aos cinco mil empregos hai que explicarlles por que. ¿Por que se cambia de criterio sen dar ningunha explicación? Esa é a pregunta que necesitamos coñecer. *(Murmurios.)*

Mire, señoría, isto non o fai a Generalitat de Cataluña nin o fai o Goberno vasco; e, dende logo, non o vai facer o Goberno galego mentres sexa presidente de Galicia, señoría. *(Aplausos.)* Non estou disposto a aceptar este tipo de chantaxes e este tipo de plantexamento.

Mire, señoría, vostedes son un partido que pide o voto —insisto— para Batasuna, Bildu e Esquerra, e están a favor de que cinco mil galegos se vaian á rúa e de que oitenta mil familias non poidan vender a madeira. ¿De que nacionalistas son vostedes? ¿Son nacionalistas vascos? ¿Son nacionalistas cataláns? Mire, a única alternativa que teñen os cinco mil empregos e as oitenta mil familias que producen madeira, a única alternativa a esta decisión irresponsable do Goberno Sánchez, é o Partido Popular de Galicia, e síntome moi honrado en defender os traballadores e as familias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E reitero: mentres non haxa unha alternativa, imos seguir defendendo os traballadores e as familias. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, ¿que defenden vostedes? ¿A deslocalización da compañía? ¿Defenden vostedes que se amplíe a compañía en Asturias? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nós claro que queremos cumprir a lei, señoría. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Sempre cumprimos a lei! *(Murmurios.)*

E escoitar un nacionalista galego que pide que se cumpra a lei... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é a mellor noticia da mañá. *(Murmurios.)*

Señorías...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor, señor presidente. *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...eu comprendo que a un partido político que pide o voto para Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña lle importan tres narices os galegos. (*Murmurios.*) Eu estou aquí polos galegos, (*Aplausos.*) vou seguir defendendo os galegos, o emprego dos galegos e as familias galegas; non teña ningunha dúbida, señora Pontón. (*Aplausos.*)

A partir de agora vostedes poderán dicir o que queiran, pero non volvan dicir...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que defenden o emprego en Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para darlle resposta á contestación social respecto das súas políticas nos ámbitos centrais da súa acción de goberno

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día, señor Núñez Feijóo.

Eu xa lle teño dito que a súa xestión sanitaria provocou un malestar social e profesional agudo. Que decisións que non teñen demasiado que ver coa situación de crise económica e financeira, como a eliminación da estrutura autónoma de atención primaria, forman parte do problema e non da súa solución. Tamén no pasado, nalgunha pregunta ao presidente, téñolle dito que a precariedade dos recortes complican a xestión e provocan desaxustes, expulsan profesionais, desincentivan os que aquí se quedan.

Deille algún dato. Díxenlle nalgún momento que desde o ano 2011 a porcentaxe de eventuais no conxunto do persoal sanitario se multiplicou case por 2, por 1,8 exactamente. E o seu conselleiro dicía no seu momento —afortunadamente, parece que xa empezou a rectificar—: «*esto es lo que hay*». Posiblemente había algo máis e por iso empeza a haber un cambio na súa política sanitaria.

Tamén lle dixen que desde o inicio da súa xestión en atención primaria hai 1.250 prazas menos, 1.250; é unha cifra relevante.

En xaneiro animeino a rectificar e a ser valente, a recoñecer problemas estruturais, erros de xestión, erros de diagnóstico, e a facerlles caso aos profesionais, que establecían unha terapia para corrixir as políticas sanitarias equivocadas que estaban levando nos últimos dez anos.



Eu teño que dicirlle hoxe que vostedes deron algún paso tímido; hai que recoñecelo. Eu non sei se se trata de acordos, de actas..., dáme un pouco igual. Eu o que lle digo é que non é suficiente, que non é dabondo, que ten que insistir e ten que ser máis radical na súa rectificación, e, sobre todo, que ten que conseguir que esa rectificación sexamos capaces de levala a dous sitios, que é o que podemos facer neste Parlamento e o que poden facer vostedes: levala aos orzamentos e levala ás normas legais.

Levala aos orzamentos porque sen novos recursos non vai ser posible cumprir o que vostede está prometendo. Eses cento setenta e cinco puntos ¿cal é o custo que teñen en termos orzamentarios? Porque son posteriores, a rectificación é posterior á presentación dos orzamentos nesta Cámara. Naquel momento nós dixémoslle que se necesitaban máis recursos; vostedes agora están niso; paréceme ben; pois fagamos unha modificación dos orzamentos para ter eses recursos.

E, en relación coas garantías normativas, é o único que pode darlles estabilidade aos acordos, sexa unha acta, estea discutida polas asociacións ou non. Hai que levalo ás normas, que é o que fai este Parlamento. ¿Para cando unha garantía dunha xerencia propia de atención primaria?, ¿unha garantía normativa de tempos de atención mínimos aos pacientes, dun número máximo de pacientes por médico na atención primaria?, ¿as garantías de que o contrato para o persoal estatutario eventual empeza con dous anos e pode ser prorrogado ata tres —e non un a un, como vostede está dicindo agora—, de que os PAC teñan equipos completos para cubrir a demanda ou de que, por exemplo, existen un conxunto de probas comúns mínimas para o conxunto da atención sanitaria primaria?

Se hai orzamentos e se hai cambios normativos, é que vostede vai en serio. Se non hai orzamentos e non hai cambios normativos, ¿que quere que pensemos das súas propostas de rectificación neste apartado tan central para a nosa cidadanía?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Certamente, cando vin a súa pregunta —tamén parecida á das Mareas— da conflitividade social, pensei que o socialismo galego ía reivindicar baixar a conflitividade social e traballar, por exemplo, polos conflitos que temos no sector industrial en Galicia. Pensei que vostede ía plantexar algunha proposta de como podemos parar o peche de Alcoa na Coruña ou de como podemos garantir que se manteñan os postos de traballo na Mariña lucense, pero lamentablemente non é así.

Pensei que vostede ía tamén traballar en facer algún razoamento sobre o problema dos cinco mil postos de traballo afectados pola empresa madeireira e as oitenta mil familias afectadas



nos seus ingresos porque non terán a quen vender madeira; iso si, ás empresas portuguesas ou outras empresas que se adican no resto de España, pagando os portes da madeira.

Pero parece ser que estes dez mil empregos que están neste momento no limbo ao Partido Socialista Obreiro Español en Galicia non lles interesan. É ao contrario: están contentos de que os postos de traballo estean simplemente no limbo. ¿Por que? Porque en Galicia goberna o Partido Popular de Galicia, e, polo tanto, para o Partido Socialista, canto peor, mellor. Alá vostede, señor Leiceaga, alá vostede, pero vostede é economista e sabe moi ben como traballa o sector forestal en Galicia e sabe moi ben, efectivamente, como estamos a punto de conseguir o que non conseguiu ningún goberno, que é botar de Galicia calquera compañía que faga alúmina ou aluminio. E isto é moi serio, señor Leiceaga, e vindo dun economista respectado, cando menos debería vostede de ocuparlle un minuto, porque un economista respectado non pode dicirlle a un goberno que se hai unha porcentaxe de eventuais superior ou inferior cando o Goberno de España prohíbe ofertas públicas de emprego durante os anos aos que vostede se refería, e queda vostede tan campante.

Agora ben, vostede non di que, dende que chegamos ao goberno, levamos convocadas en sanidade oito mil novecentas prazas; iso non o di. Utilizamos o 100 % das convocatorias que nos deixa a lei do Estado en materia de emprego público. Non hai ningunha comunidade autónoma, —reitero— ningunha comunidade autónoma que estea por riba da capacidade de ofertas públicas de emprego de Galicia.

Vostede non di —acaba de saír o barómetro sanitario— que un ano máis estamos nos dous mellores anos da valoración da sanidade pública en Galicia, moi por riba do que valoraban a sanidade pública durante o Bipartito, non o di, e especialmente a atención primaria. Hoxe case un 4 % de galegos considera que a atención primaria funcionaba mellor que cando vostedes gobernaban. Un 7 % dos galegos considera que funcionaban mellor as consultas externas hoxe que cando vostedes gobernaban. Iso non o di. E, non obstante, fáleme vostede dos plantexamentos da atención primaria.

Pero ¿vostede sabe que máis do 40 % do presuposto da Xunta se adica á sanidade? Nunca antes se adicara tanto diñeiro á sanidade pública como agora, nunca, nunca. E, ademais, dime que debemos de utilizar máis recursos. Dende febreiro, solicitude formal, Goberno de España, 125 millóns de superávit. Solicitamos facer investimentos na sanidade, nos servizos sociais e en educación. Resposta: silencio. E vostede aínda encima me di que debemos adicar máis recursos á sanidade e ten bloqueados máis de trescentos millóns de euros ao presuposto da Xunta de Galicia. Estamos a piques de entrar no mes de abril, non temos resposta e sabe vostede que despois non se poden executar.

Mire, señor Leiceaga, con todos os respectos, se atopa vostede unha proposta máis ambiciosa, unha proposta máis consensuada e unha proposta mellor que fixera algún servizo sanitario de España do que acaba de facer o Servizo sanitario galego, pídolle, por favor que ma traslade.

Por certo, eu estou de acordo con vostede —deixémonos de lerias—: os documentos...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que se asinan como acordos son acordos, aínda que hai algúns aos que nin sequera lles interese ler os acordos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, xa entendo que vostede queira que eu lle pregunte o que a vostede lle guste, pero non, eu pregunteille sobre sanidade. (*Aplausos.*) Xa teremos tempo no próximo pleno seguramente de falar dos temas que lle interesan. O seu grupo parlamentario ten a posibilidade de presentar iniciativas e podemos facelo tamén; o seu conselleiro de Industria ha vir a este pleno contarnos o que considere oportuno.

Pero mire, a min o que me chama a atención é que pretenda modificar as políticas sanitarias e o seu conselleiro nos veña dicir que iso se soluciona con dezasete millóns de euros en dous anos. Iso a min si que me parece unha tomadura de pelo. Son oito millóns e medio de euros cada ano para resolver o problema sanitario. E ¡que vostede me veña dicir que isto se soluciona aplicando a cláusula... —en fin, xa non sei o número, un número moi complicado— que permite utilizar o superávit en determinadas circunstancias! Porque vostede sabe perfectamente —e eu tamén— que isto só é posible para investimentos que sexan sostibles no tempo, que estean dedicados á eficiencia enerxética ou a combater o cambio climático, e que non pode ser (*Aplausos.*) —e esa é a norma de Rajoy— para a sanidade, a educación ou as políticas sociais. Eu estou de acordo con vostedes: pidámoslle ao Goberno de España que modifique esa norma, pidámosllo, pero, mentres tanto, iso é a definición perfecta do que vostede dicía o outro día: unha cortina de fume.

Mentres tanto, fagamos o que é posible desde aquí, é dicir, modifiquemos os orzamentos e apliquemos unha cantidade suficiente para poñer en marcha as medidas que necesita a sanidade para que se produza a rectificación de fondo. E esa é a clave.

Mire, ¿hai outras comunidades autónomas? Si, mire, en Asturias, por exemplo, vostede sabe, coma min, que están destinando douscentos cincuenta euros máis á sanidade que en Galicia por persoa; e en Castela-León, cen euros máis. Con eses recursos, sería máis que suficiente para chegar a onde creo que a curto prazo temos que chegar. Asturias, Castela-León, se quere lle cito algunha máis: Aragón, Extremadura, todas elas comunidades que teñen unha estrutura social, unha estrutura por idade similar á nosa; e, por certo, ningunha delas ten concerto económico.

Por certo, vexo que a flamante fichaxe económica do seu partido, o señor Lacalle, propón concerto económico para todos. Supoño que vostede, coma min, estará en que iso non debe facerse en Galicia. (*Aplausos.*) Espero que diga algo e que lle diga ao líder do seu partido que lle saque da cabeza ao señor Lacalle estas cousas, e outras que teremos ocasión de discutir no futuro.



Señor Feijóo, se se compromete a poñer máis recursos sobre a sanidade, se se compromete a levar as promesas ás normas que temos entre todos, seguramente o conflito sanitario se aplacará e a atención sanitaria mellorará o suficiente para que os cidadáns nos poñan no barómetro sanitario non na terceira percepción negativa pola cola, como estamos hoxe no último barómetro, senón bastante mellor. Sabe vostede tamén que no último barómetro aumenta moi sensiblemente a porcentaxe de cidadáns que din que prefiren ir á sanidade privada, e iso é un indicador moi relevante da deterioración que perciben na sanidade pública. Iso é o que hai que corrixir.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Porque nós tamén sabemos que hai que defender o persoal sanitario, pero para iso necesitan estabilidade e unha carreira profesional potente e atender as súas reivindicacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, ¿parécelle que é un investimento sustentable facer centros de saúde ou non? ¿Parécelle que é un financiamento sustentable ampliar ou remodelar na súa integridade o Hospital da Coruña? ¿Parécelle que é un investimento sustentable facer un novo edificio no Hospital de Ourense? ¿Parécelle que non é un investimento sustentable facer o gran Montecelo en Pontevedra? ¿Parécelle un investimento sustentable, se nos dan a licenza os amigos das Mareas —aínda que non se sabe neste momento en Ferrol quen é amigo e inimigo das Mareas—, ampliar o Arquitecto Marcide? ¿Iso non son investimentos sustentables? ¿Iso non se pode facer co diñeiro dos galegos, non se pode facer? ¿Nós non podemos investir o que é noso? Nós non podemos investir o que é noso porque ese diñeiro non o podemos gastar para cumprir a regra de gasto, e, en consecuencia, ese diñeiro é de Galicia, sendo Galicia a única comunidade autónoma que cumpriu todas as regras ano tras ano e de forma continuada. E agora vén vostede falar da sanidade. Non ten lexitimidade para falar de maior orzamento na sanidade pública do país, (*Aplausos.*) non a ten, señor Leiceaga. Dígollo con todo respecto.

Por certo, señor Leiceaga, se fixera o favor de que o Concello de Lugo nos dera licenza para facer o centro integral no barrio da Residencia, sería magnífico. Do mesmo xeito, se nos dera un soar para facer un centro de saúde en Caldas de Reis, tamén sería magnífico.

Por certo, felicítoo por non politizar a sanidade. O Premio de Vigueles Distinguidos, señoría, acredita que o Partido Socialista toma en serio a sanidade pública en Vigo. O Partido Socialista de Vigo o que nos cobra aos galegos e ao Servizo Galego de Saúde é por prestar asistencia sanitaria en Vigo, impostos.

E despois, señoría, ¿non lle parece que sería máis razoable outorgarlle esa distinción, que ata o momento era bastante seria, ao persoal do 112, aos médicos do 061 e ao persoal de ur-



xencias dos hospitais de Vigo —do Álvaro Cunqueiro, de Fátima, de Povisa—, que estiveron na noite do Marisquiño atendendo centenaes de persoas (*Aplausos.*) durante a urxencia e as emerxencias do Marisquiño?

Señor Leiceaga, ¿como se pode caer tan baixo destruindo o patrimonio que entre o Partido Socialista e o Partido Popular construímos como é o Sistema nacional de saúde?, ¿como se pode caer tan baixo, señor Leiceaga? (*Murmurios.*) Entendo que vostede non é responsable desa desfeita, pero en ningún caso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...imos aceptar que se destrúa a sanidade pública, nin en Vigo nin en calquera outro sitio.

Mire, señoría, acabo de escoitar unha discusión de se poñemos ou non podemos poñer nos hospitais os letreiros de hospital público. É moito máis barato poñer os letreiros de hospitais públicos nos hospitais públicos de Galicia que pagarlles o soldo aos concelleiros, aos deputados e aos alcaldes que menten constantemente, señoría, sobre a sanidade pública. (*Murmurios.*) ¿É que acaso vostedes están en contra de que un hospital leve un letreiro de hospital público, señor Leiceaga? (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) É tan lamentable a súa proposta que me sorprende.

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Losada, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Leiceaga,... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...as propostas que acabamos de facer nós ao Ministerio de Sanidade, o 16 % das propostas do Ministerio de Sanidade —por certo, a maioría delas copiadas do documento do Sergas— considéranse a medio prazo. Para nós é o 40 %. Mire, por exemplo, propoñemos establecer a partir do ano 2025 ratios por debaixo de mil quiñentas cartillas —proposta ao Ministerio de Sanidade—; ata o ano 2025 ¿non imos adoptar esa proposta? Non, non, nós queremos empezar a diminuír as cartillas e, sobre todo, ponderar as cartillas por idade.

Pero, señor Leiceaga, comentábame vostede que non se pode falar do que non interesa. Pero mire, é que a min, como presidente da Xunta, me interesa, é que me interesa moito o que está ocorrendo neste momento en Galicia, moitísimo. E o PSOE galego para Galicia é un partido daniño, señoría. Estiveron presumindo durante semanas dunha baixada dos presupostos do 30 % e noutros lugares subindo o 60 %. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Miraron para outro lado co conflito da atención primaria en trece comunidades autónomas, houbo conflitos de atención primaria en trece. Teñen toda a preguiza para deixarnos investir o diñeiro, que é noso, do superávit... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...no investimento público sustentable na sanidade e na educación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Levan meses sen poñer unha solución aos cinco mil empregos de Alcoa, levan semanas tomándolle o pelo a todo o sector forestal galego... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...¿e vostede fárame aquí dos problemas de Galicia? Mire, señor Leiceaga,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. Silencio.

Remate, por favor, presidente. *(Murmurios.)*

Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Galicia non pode aceptar...

O señor PRESIDENTE: O tempo contróloeu eu, ¡eh! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que para o presidente do Goberno... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Sei o tempo que levou o señor Leiceaga. Se algo controlo o tempo eu, é ben. *(Murmurios.)* E é moi equitativo para todo o mundo, ¡eh! Non hai queixa niso.

Remate, por favor, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, é difícil que un goberno en tan pouco tempo, dez meses, fixera tanto dano a Galicia. E vou seguir traballando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...polos intereses do meu país, señor Leiceaga.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E dígolle unha cousa: mire...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se para vostedes son máis importantes os nove deputados de Esquerra Republicana e os dous deputados de Bildu que dous millóns setecentos mil galegos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...iso será a súa responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu só me debo aos dous millóns setecentos mil galegos, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos deixar claro isto dos tempos. Eu teño aquí membros da Mesa que poden... Este ordenador é público e aquí vese o que se pasa cada portavoz. Creo que son bastante equitativo nos tempos, pero se alguén ten que dicir algo, imos ao tempo estrito, para todos, *(Murmurios.)* se queren, se queren. Eu creo que nunhas preguntas de control ao Goberno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...—perdón— estou dándolles tempo aos portavoces para que expoñan as súas preguntas e, polo tanto, non creo que nisto haxa ningunha protesta. Polo tanto, imos dar por zanjado este asunto e imos continuar.

Rematou o turno de preguntas ao presidente e imos ás proposicións non de lei. *(Murmurios.)*

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, dun proxecto de lei de mobilidade sostible para a súa aprobación

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Finalizada a diáspora, imos iniciar o debate da proposición non de lei. Agradezo a presenza dos deputados do Partido Popular que me acompañan neste debate. *(Risos.)*

Como membro dun partido daniño para os intereses de Galicia, como é o Partido Socialista de Galicia... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Núñez Feijóo dixit... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, señora Prado e señor Sánchez, silencio. Están falando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, por favor! ¡Tranquilidade! ¡Silencio! Xa está. Está no uso da palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Estaba. Estaba eu no uso da palabra, vou ver se sigo...

O señor PRESIDENTE: Tranquilo, que irá no seu tempo, non se preocupe.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, xa sei.

Dicía que, como membro dun partido daniño para os intereses de Galicia, e logo de esperar en van que empezase a soar a música dos mitins do Partido Popular na resposta —sobre todo na última parte— do señor presidente, vou presentar unha proposición non de lei daniña, porque é o que facemos particularmente ben os grupos da oposición.

Na Comisión 2ª do pasado 6 de abril, é dicir, hai vinte días, este grupo preguntaba á Xunta de Galicia se consideraba que era necesario elaborar unha lei de mobilidade sustentable na nosa comunidade autónoma. A pregunta fora rexistrada o día 7 de febreiro deste mesmo ano, e esta data é relevante, tendo en conta que, na resposta, o señor director xeral de Mobilidade —que debe estar xa en campaña— dixo, no seu argumento, que era unha pregunta propia do período preelectoral. Lémbrolles ás súas señorías que na data de rexistro da proposición non de lei e da pregunta non estaban convocadas as eleccións xerais; si as municipais, porque esas xa sabemos todos que teñen unha data fixa. Tamén dixo que a pregunta era unha cuestión semántica —entendo ou quero entender que se refería, no uso dese termo, a poñerlle nome a algo— e tamén que era unha cuestión de forma, pero non de contido.

O certo é que unha lei de mobilidade sustentable era unha necesidade para o Partido Popular no verán do ano 2016 —época preelectoral—, cando a propoñía no seu programa. Neste sentido, fago referencia tamén a que o señor presidente da Xunta de Galicia acaba de citar o que figuraba no seu programa electoral, onde dicían: «Nova lei de mobilidade: establecerase o marco legal necesario para satisfacer as necesidades de desprazamentos de toda persoa nas condicións axeitadas de seguridade, accesibilidade, igualdade, calidade e sustentabilidade. O obxectivo principal é que Galicia conte cun sistema de transporte público eficiente, intermodal e moderno, porque o importante é a busca e materialización da implantación de servizos de calidade e modernos que satisfagan as necesidades dos cidadáns máis alá dos límites competenciais de cada administración». Iso é o que figuraba, literalmente, no programa do Partido Popular.

A resposta que recibimos do director xeral foi —¡como non!—, de entrada, que tiñamos un problema de descoñecemento da actividade lexislativa; isto non é unha novidade, é dicir: a incompetencia da oposición *versus* a solvencia do Goberno. E, así, díxose que non era necesaria esa lei de mobilidade sustentable porque xa estaba todo feito; iso si, en distintos luga-



res, ámbitos, rangos normativos e mesmo nalgún documento que carece de rango, nin tan sequera de resolución.

Imos ver o que se nos dixo nesa comisión e imos comprobar se o nivel de ignorancia é ou non é tan elevado:

En primeiro lugar, falouse da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, que é a que regula o Plan de transporte público de Galicia e que se supón que é per se unha parte fundamental desa lei de mobilidade sustentable. Aparece dúas veces o termo «sustentable». Nesa lei hai tres artigos: un que se refire ao obxecto da lei, outro que define o Plan de transporte público de Galicia e outro sobre a garantía da prestación de servizos; iso si, introduce unha disposición adicional para a prestación de servizos no período transitorio. E isto parece ser que é xa unha parte da lei de mobilidade sustentable.

Falóusenos despois da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que dedica o seu título III —e iso é certo— á ordenación do sistema de transporte regular de viaxeiros. Ese título ten catro capítulos, pero ningún deles fai a máis mínima referencia á mobilidade sustentable en ningún dos artigos. Insto as súas señorías a que, se non encontran unha mellor lectura para conciliar o sono, recorran ao sempre tedioso texto lexislativo; polo tanto, en calquera momento poden comprobar se o que estou dicindo é ou non é certo. Non aparece —repito— unha soa vez o termo «sustentable».

Tamén se nos falou —e isto é ben pintoresco— da Orde do 11 de febreiro de 2019 pola que se regulan os distintivos identificativos dos vehículos dedicados ao arrendamento de vehículos, ou sexa, os famosos VTC. Iso parece ser que tamén forma parte da mobilidade sustentable.

Falóusenos do Plan de transporte metropolitano de Galicia, das estacións intermodais, do Plan de sendas seguras, da entrada de Galicia no corredor Atlántico e, como non, do Plan de transporte público de Galicia, que parece ser que xa é, en si, a nova lei de mobilidade sustentable. Pero, como todo sabemos, o tal Plan de transporte público de Galicia é un documento de planificación, organización e xestión, e non é unha lei. Contén —e estas son as vantaxes dos artigos en PDF, que se poden buscar rapidamente as cousas—, exactamente, sete veces en cento noventa e sete páxinas o termo «sustentable», e algunhas delas, por certo —dezasete—, referidas á sustentabilidade económica.

Visto o cal, eu penso que faltou algunha referencia a que, por exemplo, as leis de mecánica celeste tamén gardan relación coa mobilidade sustentable de Galicia. É dicir, non temos necesidade dunha nova lei porque xa hai algunhas —incluída a mecánica newtoniana— que establecen algunha cousa relativa a este plan.

O certo, señorías, é que as sociedades modernas demandan unha alta e variada mobilidade que require un sistema de transporte complexo, adaptado ás necesidades sociais e que garanta os desprazamentos das persoas e mercadorías dunha forma economicamente eficiente e segura, pero todo iso sometido a unha racionalidade ambiental e relacionado coa lóxica do paradigma de sustentabilidade.



Estamos, polo tanto, ante un problema con dúas compoñentes claramente diferenciadas: os desprazamentos das persoas e os de mercadorías, ás que se debe dar solucións simultáneas. No caso do transporte de pasaxeiros, ademais de constituír un servizo ao consumidor, desempeña un importante papel para o funcionamento eficaz do mercado de traballo e para o desenvolvemento económico, e reviste unha importancia particular para quen non ten acceso aos medios de locomoción privados nas zonas rurais e para quen sofre problemas de mobilidade.

Necesitamos unha lei —un único texto lexislativo, polo tanto— que se faga sobre os principios de seguridade, de minimización do impacto ambiental, de minimización dos custos sociais, de intermodalidade, de sustentabilidade e de uso racional do territorio; que valore os custos e a xestión; que dea prioridade á accesibilidade universal na asignación de recursos públicos, e que fomente a coordinación entre as distintas administracións públicas. Unha lei que teña como obxectivos garantir o dereito da cidadanía á accesibilidade universal, con atención específica —iso si— ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores, á infancia e, especialmente, a quen habita nun medio rural; que mellore a calidade ambiental e a saúde da poboación reducindo a contaminación, incluso a acústica, asociada ao transporte; que axude a mitigar o cambio climático —desgraciadamente, creo que xa fóra de toda dúbida— por medio da diminución do volume de gases de efecto invernadoiro emitidos por vehículos motorizados; que integre as políticas de desenvolvemento urbano e económico e as políticas de mobilidade, e que, en definitiva, contribúa a facer o noso Plan de transporte de Galicia e a mobilidade de persoas e mercadorías —como dicía— sustentables e eficientes.

Existen exemplos —e citábase o último que había no seu momento— de que esa lei é necesaria e de que se pode facer: a última que se publicou foi a de transporte e seguridade sustentable do Principado de Asturias. Cremos, francamente, que é unha oportunidade que non debemos perder. Non podemos autoenganarnos dicindo que non é necesaria esa lei porque xa está en distintos documentos; insisto, un deles sen ningún tipo de rango normativo e outros que nada teñen que ver coa mobilidade sustentable, porque o que fan é organizar administrativamente as adxudicacións relativas ás liñas de transporte.

Polo tanto, instamos a que a Xunta de Galicia, antes de que remate esta lexislatura, elabore e remita ao Parlamento galego, para a súa aprobación, unha lei de mobilidade sustentable que se adecúe aos máis exixentes criterios actualmente fóra de toda discusión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Bo día.

A estes debates como o que tivemos onte dos residuos e tamén o da mobilidade, e aos debates, en xeral, de medio ambiente pódeseles aplicar aquel conto da fábula do traxe novo do



rei: poñen en evidencia todas as vergoñas das políticas do Partido Popular, a falta e a total ausencia de políticas valentes e decididas, a falta de previsión e a falta de planificación nestas materias, que é substituída por decorado, por cosmética, por maquillaxe e tamén por moita propaganda. Porque para iso teñen eses supercontratos cunha empresa, por exemplo, na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: para investir —ou para gastar, mellor dito— case dous millóns de euros en propaganda, en vender fume e en vender sustentabilidade, que é a palabra de moda. Poña sustentabilidade na súa vida, que seguro que triunfa. Pois ben, o Goberno da Xunta tamén aplica esta máxima e di iso —que é un discurso absolutamente oco e baleiro— de que Galicia está á vangarda, cando está realmente á cola en todas esas políticas.

E, así, a mesma conselleira de Medio Ambiente —ex-conselleira, finada xa como conselleira—, Beatriz Mato, o 31 de novembro de 2017 presentaba —mellor dito, anunciaba—, nada máis e nada menos que na Cátedra Naturgy —fíxense o escenario que escolleron; a simbiose é perfecta—, a estratexia galega de sustentabilidade, da que se presentaría un borrador no primeiro semestre do 2018. ¡Nada de nada! Fixeron a primeira fase e agora están coa segunda fase, pero non hai nada aínda feito, redactado, aplicado e vixente, igual que coa estratexia de economía circular, a de cambio climático... É dicir, estratexia, estratexia e estratexia, pero non hai nada, e menos en políticas de mobilidade, que é unha cuestión central, ademais, para loitar contra o cambio climático —ademais da política de residuos, da política urbanística, da política industrial ou da forestal— e, ademais, entendendo que hai que abordar todos os modos de mobilidade para as persoas e para as mercadorías.

Resulta que hai unha Estratexia estatal de mobilidade sustentable xa desde o ano 2009, e Galicia non fixo os deberes. Porque xa levamos dez anos con esa estratexia, que é moi mellorable, pero aquí nin sequera se fixo esa estratexia. Aquí podemos dicir que non hai ninguén ao volante, non hai ninguén ao mando. E así se explica esa intervención do director xeral de Mobilidade, que confunde o chourizo coa velocidade, porque do que fala, exclusivamente, é do transporte público por estrada, como se a mobilidade se reducira ao transporte público por estrada.

Vostedes ¿que fixeron? Fixeron o Plan Move, que xa sabemos o que é, un plan de transporte por estrada que nin sequera chegaron a cumprir. Fixeron un plan director de mobilidade alternativa, si, hai que dicilo. E investiron aí, gastaron, mellor dito, máis de 300.000 euros para un plan que está tirado, gardado nun caixón, desde o ano 2013. Non tiveron a valentía de aplicar ese plan que procuraba promover a mobilidade alternativa, a mobilidade natural, a mobilidade peonil e ciclista. Tiran cos cartos, son moi malos xestores. É un dispendio de cartos públicos.

Anunciaron un ente galego do ferrocarril para xestionar desde Galiza o transporte por ferrocarril de mercadorías, e nada de nada. Non foron capaces de levar a adiante ese proxecto. O transporte público por estrada xa lles dixemos que era unha oportunidade perdida, e andan aí con parches, con medidas parciais a ver se fan que fan algo a este respecto, cando hai que ter unha visión integral de conxunto que abarque todos os modos de mobilidade. Hai que facer unha política, como dicimos, valente, decidida, como se está facendo en Galiza por parte dalgunhas administracións que son referencia, son referencia premiada en todo o



mundo, como os proxectos que se están facendo desde a Deputación de Pontevedra, por exemplo, ou desde o Concello de Pontevedra, que temos aquí e que, ademais, están publicados para tomar nota, para aprender, para utilizar, para aplicar. E a Xunta de Galiza —xa llelo dixemos moitas veces— debería aproveitarse desas experiencias para aplicalas, para facer plans territoriais de mobilidade sustentable, plans locais de mobilidade sustentable, para que esas experiencias se fagan tamén en toda Galiza.

Desde logo, para facer unha política de mobilidade sustentable, ademais dunha lei, hai que ter competencias. E esta é outra asignatura pendente do Goberno galego, que non defende competencias propias en cuestións centrais relacionadas coa mobilidade, como, por exemplo, o ferrocarril; como, por exemplo, as estradas, o tráfico, a seguridade viaria, a AP-9, a policía ou os portos e aeroportos. Sen ter realmente o control e a capacidade de decidir en todos eses ámbitos, é difícil facer unha estratexia integral pola mobilidade sustentábel.

Polo tanto, desde o BNG imos apoiar esta proposta, porque coincide con todo o que levamos defendendo ao longo desta lexislatura e nas pasadas a este respecto, e porque pensamos que Galiza está no furgón de cola nesta materia, que debe saír de aí e que a Xunta debe, dunha vez por todas, asumir políticas decididas, valentes, actuar con previsión e con planificación nesta materia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Bo día a todos e a todas. Grazas, presidente.

Vaia por diante que imos apoiar esta iniciativa. Parécenos totalmente acaído traer esta iniciativa para falar de mobilidade sustentable e recordarlle ao Partido Popular que a sustentabilidade debe ser un eixo central, fundamental e prioritario en todas as actuacións do Goberno; e sobre todo cando falamos de mobilidade, un dos campos fundamentais para combater o cambio climático, porque é un dos campos fundamentais que contribúen ao cambio climático e que está no centro das problemáticas ás que nos enfrontamos como sociedade.

Non podemos seguir permitíndonos gobernos que miren cara a outro lado mentres se segue agravando a crise medioambiental e o cambio climático, porque nos vai literalmente a vida niso. Non podemos permitírnos gobernos que, mesmo comezando a sufrir as consecuencias do cambio climático —porque xa as estamos sufrindo aquí en Galicia, no sur global xa levan moitos anos sufríndoas, e nós estámolas sufrindo agora con secas, con lumes de cuarta xeración, como estamos vendo estes mesmos días—, mesmo xa vivindo o cambio climático, seguen sen actuar de madeira decidida contra esta problemática.

O pasado día 15 de marzo fíxose o 15M climático, no que o estudantado se mobilizou chamando á responsabilidade dos gobernos, e sinalando responsables os gobernos que veñen durante décadas tomando decisións que nos trouxeron ata esta situación e os gobernos que



a día de hoxe, coñecendo a dita situación, seguen sen facer actuacións urxentes e decididas para combater este grave problema.

É urxente actuar. No campo da sustentabilidade non se fixeron ben as cousas, senón, evidentemente, non estaríamos nesta situación. E esta iniciativa propón que se avance nun campo como é o da mobilidade, nomeadamente na mobilidade sustentable, porque é un campo fundamental para a loita contra o cambio climático.

Estamos demasiado acostumados a escoitar discursos bonitos. Decía o señor Bará que utilizan a palabra «sustentabilidade» constantemente. Pero a realidade é que os feitos son os que son e non se están tomando as medidas que se precisan. Precisamos dinamizar o transporte público por estrada e non recortar orzamentos no plan de transporte, como fan vostedes; escoitar, falar e buscar o mellor transporte público por estrada posible, dinamizar ese tipo de transporte. Hai que dinamizar o ferrocarril e non todo o contrario, que é o que fixeron vostedes durante os sete anos de goberno no Estado. A única actuación que fixeron no ferrocarril en Galicia foi destruír o servizo de cercanías. Esa foi a única actuación en ferrocarril do Partido Popular en Fomento durante os pasados sete anos.

Hai que avanzar nas infraestruturas de vehículos eléctricos, hai que apostar pola mobilidade activa, a pé ou en bicicleta, xerando sendas ciclistas, non o que vostedes están facendo. Vostede virá aquí a dicir que as están facendo, pero evidentemente as sendas que está facendo a Xunta de Galicia non serven para a mobilidade en termos de seguridade e, polo tanto, non son útiles. E, como dixo o señor Bará, están vostedes tirando un montón de cartos que non serven para o obxectivo para o que se supón que teñen que servir.

No transporte público por estrada, todo o que veñen facendo con isto é un auténtico desperpento, como xa vimos denunciando en diferentes ocasións. Co ferrocarril, o mesmo: sete anos sen ningunha actuación na rede viaria máis que cargarse o servizo de cercanías. E as sendas ciclistas pois son as que son. Esta é a realidade, e con esta realidade e este tipo de políticas non temos futuro.

O Partido Popular xa pasou do negacionismo. Ata hai ben pouco, menos de dez anos, o Partido Popular seguía mantendo que o cambio climático non existía —asesorado polo primo-cuñado de Rajoy—. Polo menos hoxe xa non o negan. Polo menos hoxe nos discursos xa falan de cambio climático, xa falan de sustentabilidade. Pero seguen sen facer as actuacións que son precisas.

É moi difícil agardar solucións por parte dun goberno —como vimos onte coa conselleira de Medio Ambiente na súa comparecencia— que non toma en serio esta problemática. ¿Que podemos agardar se cando se fai a presentación —joutra presentación máis!— do Anteproxecto de lei de xestión de residuos non fala de cambio climático e dinos que o modelo Sogama é un referente galáctico, que é o mellor modelo de xestión de residuos do mundo? É a peor decisión para combater o cambio climático, un modelo que emite cantidade de gases de efecto invernadoiro á atmosfera, queimando máis do 60 % dos recursos que xera, que emite unha gran cantidade de gases de efecto invernadoiro e transporta o lixo por toda Galicia. O Plan Sogama, o modelo de xestión de residuos de Sogama é a peor decisión posible para



combaten o cambio climático. Evidentemente, non podemos agardar moito dun goberno que di que é o mellor modelo posible, estando no contexto de crise medioambiental e de cambio climático no que nos atopamos. Non podemos agardar moito dun goberno que considera que queimar o lixo é a mellor fórmula para a xestión de residuos. Non se pode agardar moito dun goberno que presume dun modelo de xestión de residuos que recicla o 3,4 % —na última memoria coa que contamos— e do que mesmo a propia conselleira de Medio Ambiente se nega a dar os datos da reciclaxe que está facendo a día de hoxe, porque sabe que son moi negativos.

Non podemos agardar máis polo Partido Popular. Non podemos agardar moito deste Goberno por todo o que vén facendo. Pero podemos agardar moito das novas xeracións, que teñen claro que non podemos seguir por este camiño, que se comezaron a mobilizar e que agardamos que consigan xerar a conciencia suficiente para que a sociedade teña claro que non pode seguir o Partido Popular gobernando en ningunha institución.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Álvarez, temo que a árbore non lle deixa ver o bosque. O programa estase a cumprir, e así intentarei amosarllo.

Se mirase o bosque, ese do que falamos, e non a árbore, se lese este apartado completo do programa e non o fixera parcialmente, vería que fala de articular unha estratexia galega de ampliación e fomento do transporte público, con varios apartados que xa se están a implantar; e, polo tanto, estase a cumprir o programa.

A proposición non de lei, por tanto, creo que é bastante parcial e non vai ao fondo do asunto, que é a modernización da mobilidade facéndoa sustentable, que é o que propón o noso programa e que é o que está a facer este Goberno. Aquí llo deixo, se quere, para que lea todo, e non parcialmente, o programa.

Obvia a globalidade dun tema —que é, evidentemente, moi transversal— e todo o traballo feito polo Goberno. Fala doutras comunidades autónomas. Cada goberno, cada comunidade autónoma, enfoca a resolución dos problemas dun xeito distinto. Algunhas este tema fano con leis —vostede nomeou algunha—, e outras fano só con plans. E no caso galego facémolo cun sistema mixto de plans e de leis, con ambos.

E digo esta dobre vertente e explícome. Por unha parte, hai unha estratexia global de sustentabilidade e de loita contra o cambio climático. Neste momento desenvolvendo xa a ate-



rraxe dos obxectivos de desenvolvemento sostible, ODS, da Axenda 2030 de Nacións Unidas e das políticas europeas, e aterrando esas 169 medidas que establecen. Por outra parte, está feita esa Estratexia galega contra o cambio climático e enerxía 2050; e ademais, neste momento, xusto agora, está aberto ao público o plan operativo 2019-2023 para alegacións. É dicir, dentro desa estratexia xa estamos en publicacións, xa está este Goberno publicando un primeiro plan operativo da Estratexia contra o cambio climático 2050. E, por certo, se de verdade lles importara a mobilidade sustentable, señor Álvarez, se de verdade lles importara o cambio climático, virían a esas mesas ás que foron invitados; ou, agora que está en exposición pública, farían algún tipo de alegación a esa estratexia e a ese plan operativo. Xa digo que está agora aberto aos comentarios e foi feito en diálogo con toda a sociedade, menos cos grupos da oposición, que non o consideraron oportuno. Digo este entre outros moitos documentos —algúns dos que falaban—.

Por unha parte falo dunha estratexia completa de sustentabilidade e cambio climático que está desenvolvendo o Goberno galego e, por outra, de plans, normativas, leis e accións concretas que desenvolve dentro da área concreta de mobilidade e transporte, tanto de cidadáns como de mercadorías. Polo tanto, moitas delas incluso xa están desenvolvéndose.

No ámbito normativo falabamos desa lei de 2016, que expresamente, ademais, fala de acadar esa mobilidade sustentable. Falaba tamén —xa aprobada dentro desta lexislatura— da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, que no título III incorpora as necesidades normativas urxentes e, como di, establece o marco legal necesario. Esta lei establece xa tamén o marco legal necesario. Polo tanto, a proposta do programa de establecer un marco legal está tamén recollida nos textos lexislativos, pero, sobre todo, o que é imporante é que estes temas son transversais, son globais de goberno e son globais dunha consellería. E por iso está a desenvolverse, non só a Estratexia de sustentabilidade global e de cambio climático, de todo o Goberno galego, senón tamén esa Estratexia integral de mobilidade sustentable, da propia Consellería. Polo tanto, esa Estratexia global e integral de mobilidade sustentable ten moitos documentos, moitos, aos que algúns incluso fixeron agora vostedes referencia: o Plan director de mobilidade alternativa, do que falaban —non lles gustará, pero puideron tamén aportar e comentar—; o Plan de transporte público de Galicia, un documento que non só é de sustentabilidade ambiental, senón que é importantísimo o piar da sustentabilidade social para esta comunidade, especialmente para o rural, que incorpora criterios ambientais á hora da contratación dos servizos, como saben vostedes; o Plan de transporte metropolitano de Galicia, outra das grandes aportacións para esta mobilidade sustentable, que bonifica case 15 millóns de viaxes en autobús en toda Galicia, excepto nalgunha cidade, que vostede coñece, que parece que non quere incorporalo.

O mellor xeito de falar desta mobilidade sustentable é planificando estratexicamente e globalmente —que é o que está facendo o Goberno— é orzando, investindo e aprobando documentos concretos de desenvolvemento desta lei. E isto é o que está a facer o Goberno galego.

E entre eles tamén está o Plan de sendas de Galicia, todo o Plan de intermodalidade, coas estacións intermodais en marcha, todas as normativas de transporte público. Creo sinceramente que se está combinando adecuadamente esa estratexia global contra o cambio climático e a favor da mobilidade sustentable con documentos, normativas e lexislacións tamén



concretas, que son os documentos legais necesarios para desenvolver o que dicía o programa, que é unha estratexia global de mobilidade sustentable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Grupo de En Marea a esta proposición non de lei. Penso que non é nada excepcional nin anómalo que coincidamos na preocupación polo medio ambiente e, en particular, pola mobilidade sustentable.

Señor Fernández Prado, felicítouse vostede de que nos preocupemos polo medio ambiente. E voulle dicir que, respecto da Estratexia galega do cambio ambiental, a deputada Patricia Vilán mantivo unha reunión coa directora xeral de Calidade Ambiental para estudar o contido dese plan. De todos modos, se considera vostede pertinente que se acredite documentalmente mediante fotografías ou inclusión na axenda, como barruntaba ou pedía a deputada Paula Prado onte respecto da actividade dos parlamentarios —en concreto, do Grupo Parlamentario Socialista—, podémolo estudar.

Pero hai unha cuestión que me chama poderosamente a atención. Moi mal lles deben estar dando os *trackings* electorais ultimamente, porque, digamos o que digamos, debatamos sobre o que debatamos, sempre acaban aparecendo Vigo, Lugo, A Coruña, Ferrol, Pontevedra... Falamos do cultivo da verza nos Ancares e a súa resposta é: A verza dáse bastante mal en Vigo, (*Risos.*) (*Aplausos.*) moi mal en Lugo e regular en Ferrol. (*Aplausos.*) E esa é a realidade que temos ultimamente, tanto dá do que falemos, esta é a realidade na que están vostedes instalados.

E agora atopámonos con que hai comunidades autónomas que, efectivamente, regularon mediante leis e hai comunidades autónomas que publicaron plans. E vostedes optaron pola solución híbrida; é dicir, leis e plans. O que non está na lei témolo nun plan, e para o que non está no plan hai unha lei. Pero, mire, o problema desas leis ás que vostede fixo referencia —e sábeo vostede moi ben— citeino non explicitamente pero non teño tempo tampouco para facelo. Podemos falar do título III da Lei 2/2017, de ordenación do sistema de transporte regular de viaxeiros. ¿Que aplica esa normativa á mobilidade sustentable? É unha lei instrumental para darlle organización a este sistema de xestión exclusivamente. A mobilidade sustentable é un concepto moitísimo máis avanzado que instrumentalizar como circulan os autobuses, como circulan os camións, como circulan os trens, como se moven as persoas e as mercadorías. Vai moito máis alá, hai que ter unha visión moito máis ampla. O que pasa é que, claro, vostedes levan anos de retraso na incorporación a esa preocupación polo medio ambiente. Levan anos de retraso e, polo tanto, teñen que avanzar moito máis rápido, e non o están facendo, a unha velocidade axeitada para chegar a onde todos queremos chegar.



E, polo tanto, creo que vir dicir aquí e insistir en que, a base de leis, nun lado, e plans, noutro, xa temos pergeñada toda a Estratexia galega de mobilidade sustentable é enganarnos. Vostede sabe que non é así. Vostede sabe que o que hai publicado, o que ten rango de lei, se refire á organización e instrumentación do sistema de transporte —sobre todo, ou case en exclusiva, ao de viaxeiros—. Non fala nada de transporte de mercadorías. Pero eu fíxenlle referencia a obxectivos que debería ter esa lei, que non vai saír adiante posto que vostedes din que non é necesaria.

Pero, mire, respecto do plan non fai falta que mo deixe, teño o seu plan en PDF —como estou seguro de que vostedes teñen o noso tamén nese mesmo formato—. O seu plan dicía expresamente «nova lei de mobilidade». Diga o que diga máis abaixo, vostedes dicían que era necesario facer unha nova lei de mobilidade; polo tanto, cumbran vostedes ese compromiso con «Galicia, Galicia, Galicia». E déanlle para adiante e permitan que se aprobe esta proposición non de lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación polo Goberno galego, antes do remate de 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 46385)

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

“g) Que cumpra o previsto na lei estatal de residuos e no PEMAR, así como no acordo entre o Parlamento e o Consello da nova normativa en materia de residuos.

h) Que aplique os principios de autosuficiencia e proximidade.

i) Que garanta que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice a través de compostaxe doméstica e comunitaria, ou en instalacións específicas.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.



Bo día a todas as deputadas e deputados.

Bo día tamén ao noso público.

Eu son fan dos contos infantís. E hai un conto infantil, que é *Alicia no país das marabillas*, que ten como protagonista especial un coello — todos sabemos cal é — que pasa o tempo dicindo «chego tarde, chego tarde, chego tarde, chego tarde...». Leva en case todas as representacións un reloxo e vai correndo dicindo «chego tarde, chego tarde, chego tarde...». Pois vostedes, en relación co cambio climático, son o coello de Alicia. A conselleira é o coello de Alicia dicindo que chega tarde, que chega tarde. Porque, efectivamente, é case imposible non chegar tarde, dende o negacionismo, ao cambio climático e ata aos lumes desta noite e de onte e antonte en Galicia. (*Aplausos.*)

Se a ministra de Transición Ecolóxica é fundamentalista, neste grupo parlamentario todos somos fundamentalistas á hora de defender o medio ambiente e á hora de denunciar o cambio climático. Se niso consiste, todos somos fundamentalistas e estamos ben orgullosos de ser fundamentalistas. Vostedes son o coello de Alicia, aínda que nos guste, ou que me guste a min especialmente.

Onte a conselleira na súa comparecencia, efectivamente, dixo que chegaba tarde. Dixo que a lexislación de residuos está obsoleta — a galega —. Está tan obsoleta que naceu obsoleta no ano 2008. Contounos tamén que o anteproxecto da nova Lei de residuos e solos contaminados — ese que xa case soprou dúas velas de cumpreanos porque aínda non é nada máis ca un anteproxecto — vai fomentar a prevención e a reutilización dos residuos e a intensificar a loita contra os plásticos. E, ademais desta pose no seu discurso, defendeu tamén a xerarquía comunitaria, a normativa da Unión Europea, para a xestión de residuos.

Pois ben, nós estamos tamén nesa liña. Esta debe ser a terceira ou a cuarta proposición non de lei que traemos para que se mude o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia nesta lexislatura e na anterior. Estamos nesa liña, e sempre nos votaron en contra, por suposto. Pero seguro que hoxe — eu estou convencida, despois da intervención de onte da conselleira de Medio Ambiente — vostedes van rectificar, van deixar de ser o coello de Alicia e van votar a favor. ¿Por que? Pois porque o Plan de xestión de residuos urbanos ía, inicialmente, de 2010 a 2020. Agora vai ata o 2022, modificouse a fecha no ano 2016. E ¿por que se fixo? Pois porque fracasou e segue sendo un fracaso. Non hai campañas masivas de concienciación, non existen, por moito que vostedes nos digan que hai campañas de concienciación masivas. E agora mesmo, dende hai tempo, por desgraza é o que se necesita. Non hai prevención nin reutilización, e cando se pide a posibilidade de introducir un sistema novo de prevención, e que non pase á fase de reciclaxe senón que quede xa na fase de prevención, vostedes votan en contra.

A proba está en que a fracción orgánica — dicíao eu onte — dos residuos municipais é un 42 % do peso total do lixo da bolsa negra en Galicia. E non son datos do Grupo Parlamentario Socialista — que é moi malo malísimo, é maligno e daniño, e ademais inventa os datos sempre — senón que son datos da propia Xunta de Galicia ofrecidos expresamente polo Goberno da Xunta. E, como non se trata ben esta parte orgánica da fracción do lixo, pois o problema



no proceso de xestión é moi grave. E iso así nolo dixo a directora xeral de Calidade Ambiental unha vez que dixo —en rolda de prensa, por suposto, porque todo se fai de cara á galería— que ía constituír unha mesa de residuos. E ela mesmo recoñeceu que é necesario xa fomentar a recollida separada dos biorresiduos —é dicir, esta fracción orgánica do lixo— para darlle una nova vida a esa fracción orgánica a través do compost, a través da compostaxe.

Pois ben, chegados a este punto, as preguntas son claras. Primeiro, ¿onde están as 11 plantas, especificamente, de compostaxe e envases lixeiros distribuídas polo territorio que prevé o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia? ¿Onde están? Hai unha en Cerceda, en Sogama, anexa a Sogama, que aínda non está funcionando, dende hai máis dun ano.

A segunda pregunta: ¿por que se mudou esta decisión do Goberno? Pois porque —tamén o dicíamos onte— en Galicia só o 5 % —non chega ao 5 %— do que chega a Sogama se reutiliza ou se recicla. E, ademais, a Comisión Europea emitiu un informe e di que Galicia e Canarias non chegan nin ao 20 % da reciclaxe dos residuos municipais. Os obxectivos que nos marca a Unión Europea, a directiva europea de residuos, son que temos que chegar ao 50 % de reciclaxe no ano 2020. E queda pouco máis dun ano, un ano e pico, menos de dous anos, e estamos en menos do 20 %. E o Goberno dinos que, continuando con esta política de reciclaxe que están utilizando ata o de agora —co reloxo e correndo un coello polo país adiante— imos ser capaces de subir dende nin sequera o 20 % ao 50 % en ano e medio. Pois xa nos contarán como o van facer, porque ese conto nós non o cremos.

O certo é que, ademais, as poboacións de máis de 5.000 habitantes teñen que comprometerse a implantar a recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais dese ano 2020; e os de menos de 5.000, antes de finais de 2023. Non chegamos a eses obxectivos nin de broma con esta política se vostedes non a mudan. Por iso nós cremos que é necesario cambiar o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, xa llelo dixemos durante bastante tempo.

E vostedes teñen unha fórmula bastante sinxela. Isto implica poñer cartos enriba da mesa, evidentemente, pero teñen unha forma fácil de facelo. E esta mañá o noso voceiro falaba dela —o presidente da Xunta tamén falaba dela doutra maneira—. Está no *Boletín Oficial do Estado* do 4 de xullo de 2018 —governaba o señor Mariano Rajoy—. E na disposición adicional centésima décima sétima di o seguinte, di que se poden utilizar esas cantidades que nos sobraron, cantidades que reclama o presidente da Xunta, do ano 2017 —do ano 2018, neste caso—, para chegar a investir en —vouno ler literalmente— «...investir ao longo prazo en actividades que teñan un impacto positivo directo e verificable sobre a sustentabilidade das finanzas públicas e o crecemento potencial da economía. En concreto, o investimento para realizar ao amparo deste precepto deberá ter efectos positivos para o cambio climático, contribuír á eficiencia enerxética, ou tratarse dun investimento que permita evitar gastos recorrentes ou que implique aforros en exercicios futuros». É dicir, non para a sanidade, tal e como dixo Mariano Rajoy —que foi quen marcou a norma, e que, evidentemente, o noso Goberno agora pode cambiar, e nós estamos pedindo que así o faga—, pero nunca para outras cousas que non tivesen que ver co cambio climático e a mellora da eficiencia enerxética. E, efectivamente, iso é o que se pode facer cun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, vostedes poden poñer en marcha esas 11 plantas de compostaxe que vostedes mesmos dixeron no ano 2010 que ían facer no ano 2020. E estamos en 2019 e son, pois, un pouco coma o conto de *Alicia no país das marabillas*.



Pedímoslles simplemente que utilicen o modelo de cambio do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia que lles pedimos na nosa proposición non de lei: que se axeite á xerarquía comunitaria, que teña como obxectivos menos xeración, máximos niveis de reciclaxe, incineración limitada só para todo aquilo que non sexa reutilizable nin reciclable, que se eliminen os vertedoiros e que Sogama sexa o último destino. Efectivamente, en Europa hai incineradoras —en todos os sitios hai incineradoras— porque todo o que non entra nin na prevención, nin na reciclaxe, nin tampouco na reutilización, necesariamente tense que incinerar, e o que non entra na materia orgánica que se pode compostar ten que incinerarse. Pero o que chega en Europa é un mínimo, non todo o que chega a Sogama neste país. Aí está o erro de diagnóstico que vostedes fixeron dende un principio e por iso estamos agora mesmo onde estamos.

Pedímoslles tamén que se inclúa un financiamento prioritario de actuacións e mellora da recollida selectiva, que se inclúan actuacións de prevención, de concienciación. E utilicen esas cantidades que efectivamente o *Boletín Oficial do Estado* lles di que poden utilizar para loitar contra o cambio climático e mellorar a eficiencia enerxética. A planta de compost de Cerceda, que está sen funcionar aínda, licitouse por 4 millóns de euros. Custou máis pero licitouse por 4 millóns. É dicir, esas 11 plantas licitaríanse, en total, por 44 millóns de euros. Sobran cartos, que este *Boletín Oficial do Estado* nos permitiría utilizar non para eses contos «da abueliña» que nos conta o presidente da Xunta. E, se vostedes votan a favor, algunha vez poderán demostrar que o primo de Rajoy quedou nun rexistro da propiedade co seu outro primo.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Voltamos falar hoxe dos residuos e do Plan de xestión de residuos urbanos de Galiza 2010-2020 —agora 2022—. E realmente temos que dicir que o problema non é o plan, o problema é que o plan non se cumpre. Porque, se se cumpriese o plan, realmente as cousas irían moito mellor. A realidade é que vostedes incumpren sistematicamente a normativa de residuos. Sitúanse á marxe da lei. Se isto fose unha película de vaqueiros, serían vostedes uns foraxidos, foraxidos que incumpren a lei.

Incumpren a Directiva europea de residuos, incumpren a Lei estatal de residuos —que no seu artigo 24 establece que os plans autonómicos teñen que establecer medidas para a separación e para o tratamento dos biorresiduos—, incumpren o Plan estatal marco de residuos, o Pemar, que tamén fixa que os plans autonómicos nas súas revisións teñen que aclarar, especificar, como se acomete a recollida e a xestión dos biorresiduos para cumprir ese obxectivo, efectivamente, do 50 % antes de 2020. Non en 2020, o Pemar di que antes do 2020. É dicir, neste ano deberíanse cumprir eses obxectivos, que non se van cumprir porque non fixeron os deberes. E, ademais, está aí a modificación do artigo 24 da Lei de residuos, que di concretamente que hai que establecer a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro do 2020, e tamén que se debe garantir o tratamento



deses biorresiduos a través de plantas, desas 12 plantas fantasma que non existen; ou tamén a través da autocompostaxe, que é nada máis e nada menos que a compostaxe doméstica e comunitaria. Porque vostedes están facendo unha cruzada contra a compostaxe comunitaria que está implantando a Deputación de Pontevedra a través do Plan Revitaliza. E a realidade é que esa modificación da lei fala —como unha das solucións— da compostaxe doméstica e tamén da comunitaria. Por certo, unha compostaxe comunitaria á que tamén se apuntan os concellos do Partido Popular. Miren, Sanxenxo, Baiona, Redondela, Soutomaior, Cerdedo-Cotobade, Valga, Marín, Mondariz-Balneario, todos eses concellos, están aplicando os criterios de Revitaliza e da compostaxe comunitaria. Será que algo bo lle ven.

Si, señor Moreira, non diga que non. Vostedes están intentando boicotealo pero os concellos estanse apuntando. Non só se están apuntando, porque Mondariz-Balneario xa o utiliza como sistema integral, non como fase experimental, como sistema integral.

E incumpren todas esas previsións de plantas de compostaxe. Xa digo que non é a única solución, que se evitaría construír todas esas plantas se se aplica tamén a compostaxe comunitaria. Porque as tres regras de ouro do Plan Revitaliza —que debería ser o plan de futuro para o que mirasen vostedes— consisten, nada máis e nada menos, en que o mellor residuo é aquel que non se produce; no caso de que se produza, o mellor residuo é o que non se ten que recoller; e, en terceiro lugar, o que non se ten que transportar. Esa é a filosofía, precisamente, de Revitaliza: a compostaxe doméstica, a compostaxe comunitaria e, para as zonas onde non se poden aplicar estes criterios, a compostaxe en planta.

E nós xa lles fixemos aquí en numerosas ocasións propostas para que apliquen toda esta lexislación, para que apliquen o propio Plan galego de residuos, que di concretamente —na súa páxina 22— que o desenvolvemento das plantas incluídas nesta planificación deberá avanzar progresiva e gradualmente. Onte díxonos a conselleira que se ían construír esas 12 plantas a menos de 45 quilómetros. Pero ¿en que plan está iso?, ¿en que previsión?, ¿en que proxectos?, ¿en que localización?, ¿con quen falaron para desenvolver esa planificación? Non hai nada, foi unha declaración para a galería que nos deu onte aquí para escorrer o vulto, nada máis ca iso.

E vostedes están nunha fuxida cara a adiante, ademais, que incumpre tamén o plan galego, porque acaban de contratar case 500 millóns de euros nun contrato de quince anos para ampliar a planta de Cerceda, para poder queimar todo o lixo procedente de toda Galiza e cun contrato de dez anos de transporte. É dicir, unha auténtica hipoteca para o futuro para calquera alternativa a esta, cun sistema que é contaminante, que é caro, que é custoso, que é centralizado, que é un despilfarro.

Fixémoslles ofertas sinceras para falar, para sentarse a falar. E deberíase, dada a transcendencia que ten este tema, facer unha conferencia galega sobre residuos para estudar todas as alternativas, para ver tamén a compatibilidade do sistema Sogama con estas outras alternativas baseadas na compostaxe, e para buscar unha solución de futuro que cumpra toda esa normativa europea e que pasa por unha regra moi simple: o mínimo de incineración, o máximo de recuperación e reciclaxe e, polo tanto, o máximo de compostaxe.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Esta é a proposta pola que está apostando o BNG. Esperemos que a poidan escoitar e que non nos leven ao abismo no que están vostedes con esa fuxida cara a adiante do Plan Sogama.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Decía o señor Bará que o Partido Popular, a Xunta de Galicia, por incumprir os seus propios plans, a súa propia lexislación, son foraxidos —se fora unha película do oeste—. Non, non, serían o *sheriff* corrupto que traballa para o poderoso do pobo. Iso é máis acaído para o labor que está facendo o Partido Popular na xestión dos residuos e no modelo Sogama. Porque —insisto— detrás de todo isto non está só a incompetencia, que tamén, non está a ineficacia dun goberno de non cumprir nin sequera cos plans que eles aproban, senón que está o interese.

E volvo repetir a miña obsesión malsá por falar de Naturgy —Gas Natural-Fenosa anteriormente—, que é a que verdadeiramente está detrás do negocio de Sogama. É accionista do 49 % das accións da Sociedade Pública de Sogama. Gas Natural-Fenosa recibe reiteradamente os contratos de subministración de gas e electricidade dende que Sogama existe, practicamente, a pesar das advertencias do Consello de Contas do conflito de interese de darlle os contratos sempre á empresa que é a que ten o 49 % das accións —contratos millonarios: 41 millóns de euros para a subministración de gas, 20 millóns de euros para a subministración de electricidade—. Polo tanto, iso está detrás de que non se cumpra a directiva europea, a xerarquía de tratamento de residuos da directiva europea.

Virá aquí o portavoz do Partido Popular e, veña quen veña, non contestará ao fundamental, non contestará a se se van cumprir os obxectivos marcados por Europa para o ano 2020 —que estamos en 2019, creo eu—, e non contestará se é bo que nos últimos anos se incrementase espectacularmente a cantidade incinerada de residuos en Sogama, se iso é un bo dato ou non —porque se incinera o 61 % dos residuos que entran en Sogama, e crecendo—. Pero ¿que incentivos vai ter a empresa para reducir a incineración e aumentar a reciclaxe?, ¿que incentivos? Acabaríase o negocio. Polo tanto, todo está detrás diso.

E, claro, coa iniciativa que nos presenta o Partido Socialista nós estamos de acordo. Aínda que tamén coincidimos co BNG en que o problema non é o plan, o plan 2010-2022 —que non é bo—, o problema é que non se está cumprindo o plan. Por exemplo, para cumprir o plan habería que ter feito o labor de descentralización do tratamento de residuos. Isto cae de caixón. O que non é racional é ter un sistema que fai que esteamos circulando lixo por todo o país, con materia orgánica en cuxa composición o 80 % é auga, que pesa, que ten un custo, que ten un custo ambiental, que é un fábrica de cambio ambiental, etc. Non, o normal



é, primeiro, a redución, a prevención. E ¿canto dos orzamentos da Xunta de Galicia vai para políticas de prevención e canto vai para políticas de incineración? Ben, despois da prevención virá a reutilización, ou a reciclaxe. E a reciclaxe hai que facela preto do centro de produción do residuo. ¿Canto orzamento da Xunta de Galicia foi para políticas de compostaxe de materia orgánica, por exemplo? Prometían 11 plantas de reciclaxe, e ¿cantas hai? Nin unha. Vaise facer finalmente en Cerceda unha planta con capacidade para tratar 15.000 toneladas de materia orgánica. ¿Cales son os obxectivos de capacidade do plan actualmente vixente, aprobado cos votos do Partido Popular? Son 247.000 toneladas. É dicir, é imposible que cheguemos a cumprir o plan nese aspecto.

Polo tanto, o plan que hai non é bo, hai que facer outro, estamos de acordo. Pero o principal problema é que o Partido Popular non cumpre o plan e non lle importa. E despois virá darnos leccións de cumprimento da lei o Partido Popular.

Por último, o que ten que explicar, e que non explicou onte a conselleira, é: para o Partido Popular ¿é boa noticia que, no último ano no que hai datos, os residuos tratados por Sogama se incrementaran un 4,6 %? ¿É bo dato?, porque onte a conselleira vendeuno como un bo dato. E o que nos di este dato é que as políticas de prevención e de redución de residuos non están funcionando. ¿É bo dato que os últimos datos oficiais da propia Sogama digan que só se recicla o 11 % e que o 89 % se elimina? E¿ é bo dato o de que os gases de efecto invernadoiro se incrementaron espectacularmente, segundo di a memoria de actividades de Sogama, no ano 2015? Aumentaron os gases de efecto invernadoiro por tonelada tratada no conxunto dos residuos un 47,7 % no ano 2015, ¡47,7%! É unha fábrica de produción de gases de efecto invernadoiro, sen contar o transporte ata a central. Subiu a xeración de gases debido á incineración un 35 %; en vertedoiro, un 120 %. Seguramente virá aquí o portavoz do Partido Popular e non contestará a nada do que aquí se lle preguntou.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

A min alégame que se fagan referencias literarias nesta Cámara. O que pasa é que ás veces... (Murmurios.) Non, literaria foi a da señora Vilán, porque saben vostedes que antes da película houbo un libro moi coñecido e que penso que ademais deberían ler todos.

Mire, claro, ese libro sería o da Oruga Azul. Dálle exactamente igual o que eu lle diga, porque vostede vai debater todo, vai negar o que eu lle diga e encima vaino facer de malas formas. Co cal, ese libro está moi ben porque hai personaxes para todos. Vostede encaixa moi ben con esa personaxe.

En canto ao Coello Branco, señora Vilán, debería vostede saber que fala dun personaxe moi interesante que simboliza a aqueles que fan unha viaxe de descubrimento, iso é o que re-



presenta Coello Branco nese libro. Ese papel foi moi utilizado na literatura. Fíxoo Dante co descenso aos infernos a través de Virxilio, que foi o seu guía. Tamén logo, máis recentemente, se introduciu ese personaxe na película *Matrix*. Supoño que esa si que a vería, co cal terá esa referencia tamén das películas. Pero mire, tamén hai outra personaxe, que é a Lebre de Marzo. ¿Sabe por que se mete esa personaxe na película, ou no libro? Porque as lebres en marzo tolean. Tolean, señoría. E a vostedes parece que lles pasa coma ás lebres de marzo. É verdade que hai outros personaxes que quizais teñan máis contido literario e máis repercusións, como pode ser Humpty Dumpty, pero supoño que iso xa será moito para vostedes.

Mire, señora Vilán, onte eu falei aquí da boa xestión de Sogama, que deixou atrás os malos anos do Bipartito, anos de soldos desproporcionados, anos de dietas, anos de enchufes, e que permitiu que agora se poida tomar unha medida moi boa, moi boa para o medio ambiente e moi boa para os galegos. ¿Por que? Porque implica a baixada do canon. Esa baixada tense que repercutir nos galegos, e iso implica que se reduza tamén o lixo producido e que se incrementen as taxas de reciclaxe. A maioría dos concellos de Galicia uníronse a esta rebaixa —agás os do Partido Socialista de Galicia, que, cunha actuación concertada, buscan boicotear unha boa medida, unha boa medida para os galegos e unha boa medida para o medio ambiente—, a maioría dos concellos de Galicia. E dá igual de que partido sexa o alcalde. Hai gobernos da Marea que se sumaron a esta medida, tamén do Bloque Nacionalista e, por suposto, tamén do Partido Popular, agás os do Partido Socialista de Galicia —agás a maioría, porque si houbo algún que lles deu prioridade aos seus veciños fronte ás consignas do seu partido—. O que eu non sei —e é o que me pregunto— é por que o Partido Socialista de Galicia deu a consigna de que os seus alcaldes non rebaixaran o canon, por que non queren que se rebaixe o canón, por que non queren repercutir esas medidas nos galegos, por que non queren que se reduza a produción de lixo e por que non queren que se incrementen as taxas de reciclaxe. Debería vostede responder a iso, porque penso que é bastante grave.

Eu si creo que vostedes son daniños para Galicia, e ademais sono precisamente con medidas coma esta. É verdade que teñen vostedes un currículo de feitos daniños para Galicia, como a redución do 30 % dos investimentos —que vostedes aplauden, non sei por que—. Non sei que lle ven vostedes de positivo a que o Estado invista un 30 % menos na nosa comunidade, ou por que vostedes están a favor dun estatuto para as empresas electrointensivas que é terriblemente daniño para os intereses dos galegos. Pero iso non é máis que un suma e segue.

En relación co que vostede pide, señoría, Galicia xa conta cun plan de xestión de residuos urbanos completo, e actualizado, ademais, recentemente, con vixencia ata o 2022. Polo cal, esa é a folla de ruta que ten o Goberno galego.

En relación cos puntos que vostede pide na súa PNL, mire, vostedes viven nunha realidade paralela. Pensan que os galegos e os medios de comunicación van seguir detrás de vostedes facendo ou crendo que calquera cousa que vostedes digan pois forma parte da realidade. E non é así. Mire, vostedes poñen unha lista de exixencias para que lle dea a sensación, ou a impresión, ao que nos estea escoitando que o actual plan non as cumpre, e iso é completamente falso. Todo o que vostede está a pedir cúmpreo o actual plan, ¡todo! E non podería ser doutra forma, porque a lei obriga a que sexa así.



Mire, no punto terceiro pide vostede que Sogama sexa un modelo de xestión complementario a outros máis próximos ao territorio. Vostedes, ademais, é que non escoitan, e nin sequera escoitan aos outros portavoces desta Cámara. O modelo Sogama é un modelo complementario daqueles outros sistemas ou modelos de tratamento que se poidan implementar en calquera municipio ou entidade local, que por mandato... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Di o señor Bará que non. ¡Ah!, eu non sei, señor Bará, onde envían o que non tratan nos seus composteiros, non sei onde o envían. ¡Envíanos a Sogama! ¿Por que? Porque Sogama permite que todo aquilo, que é o 99,9 %, que vostedes non son capaces de tratar se envíe a Sogama e que Sogama o trate. É un sistema complementario aos seus caprichos. Se vostede quere gastar dez millóns niso, pode facelo, poden facelo, e despois o 99,9 % —co que non saben o que facer— vano enviar a Sogama. Por iso Sogama é complementario, e vostedes en calquera concello nos que gobernan poden facer todas as medidas que queiran para potenciar os composteiros, poden facer calquera medida...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...para reducir a produción de lixo, poden vostedes mellorar a reciclaxe, poden facelo vostedes en calquera concello, ¡en calquera! Sogama non implica iso. É máis, vostedes poden dicir cantas toneladas queren enviar a Sogama. Sogama non os obriga a que envíen un mínimo de toneladas. Pero non o fan, non o fan, e prefiren confundir a cidadanía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Da mesma forma, o resto dos puntos que vostede di, todos os puntos, contéplanse no actual plan: a xerarquía establecida na Directiva do 2008; o que se establece como obxectivo da xeración; máis reciclaxe; que non se incineren aqueles materiais reutilizables ou reciclables; e tamén, por suposto, a eliminación dos vertedoiros.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: E quero recordarlles cal era o escenario de Galicia hai varias décadas e cal é o escenario de agora. Antes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o seu tempo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio tanto do BNG como de En Marea. Aceptamos, ademais, a emenda de adición do Grupo Parlamentario do BNG, porque cremos que engade, que aporta á nosa petición do cambio do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. E lamentamos que o Grupo Parlamentario do Partido Popular non apoie esta petición, porque



vai en contra, primeiro, do que nos contou onte a conselleira, absolutamente en contra. E claro, o señor Trenor estaba aquí cando falou a conselleira, pero ela falou en sentido máis abstracto, con verbas moito máis bonitas, e o señor Trenor vén facer aquí o papelón que lle toca como voceiro de medio ambiente.

Dixo vostede que en marzo as lebres tolean. Pois ao mellor o 29 de marzo, incluso o 27 de maio, os que van tolear son os coellos que van correndo por aí co reloxo. (*Aplausos.*) E vese —polas respostas que vostedes fan en cada momento, cando soben aquí— que xa están toleando previamente, non é necesario nin sequera esperar ao 29 de marzo. Veremos o 29 de marzo e veremos o 27 maio quen tolea antes e quen tolea despois.

Claro, señor Trenor, non pode dicir vostede que o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia xa se cumpre, porque prevé expresamente once plantas de compost, de xestión de residuos por todo o territorio, e non existen. Hai unha. Entón, como mínimo, hai unha parte que non se cumpre. Como mínimo, dez de once; unha parte importante que non se están a cumprir.

E que diga vostede que nós vivimos nunha realidade paralela cando onte a conselleira se despediu con esta frase: Estean tranquilos, van ter unha planta cada 45 quilómetros para levar os biorresiduos... Iso foi o que dixo. Non once, senón centos de plantas. Vai haber milleiros de plantas por toda Galicia. Dixo: Van ter unha planta cada 45 quilómetros para levar os biorresiduos.

Pero para iso é necesario modificar o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia outra vez, porque iso non está contemplado. Pois puideron facer vostedes unha emenda á nosa proposición non de lei e chegaríamos a un acordo nesa modificación, porque iso non está tampouco no plan actual —modificado no ano 2016—.

E non enganen vostedes, non enganen. Non hai unha baixada do canon, non é unha bonificación. O que houbo foi unha suba do canon de case o 33 %, nun momento de crise profunda no ano 2013, que decidiron vostedes. Nós pediramos que non, despois dos beneficios de Sogama de millóns de euros, e vostedes baixaron primeiro un 10 % e logo outro 10 %. Iso non é unha bonificación, iso é unha baixada dun 20 % fronte a un 33 % de subida que decidiron exclusivamente vostedes, e que lles impuxeron aos concellos. ¡Non mintan, non mintan! (*Aplausos.*)

E nós seremos moi daniños, malignos. Incluso está ben ser o malo da película, que sempre é moito máis divertido que o bo da película. Pero moito máis daniño é ser como foi, como é e como foi, por exemplo, en relación co medio ambiente, a súa vicepresidenta do Goberno, a señora Soraya Sáenz de Santamaría, que foi a responsable da reforma da lexislación sobre enerxías renovables, que recortou a rendibilidade das empresas dedicadas a enerxías renovables, e a que agora traballa para un despacho de avogados que fai reclamacións ao reino de España precisamente por eses recortes ante a corte de arbitraje.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señora VILÁN LORENZO: Iso si que é daniño para o país. Non o PSdeG nin o Partido Socialista.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch, con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. Para formulala ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu, antes de nada, quero saudar os representantes sindicais de Bosch e de Vodafone que nos acompañan desde a tribuna e trasladarlles ás traballadoras e traballadores de Bosch da sede de Vigo o apoio e a solidariedade nesta xornada de folga que están levando a cabo hoxe, que, pola información que temos, está tendo un moi amplo seguimento.

E hoxe traemos aquí esta iniciativa porque a decisión dos gobernos españois de liberalizar o sector das telecomunicacións para facilitar o negocio ao capital, de pasar dun servizo público a rebaxalo e non consideralo un servizo de interese xeral, modificou profundamente este sector, fundamentalmente en cuestións como o abandono, a deterioración, daqueles territorios que consideran que non son economicamente rendibles, co conseguinte incremento da fenda dixital, a baixa calidade do servizo, a destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo. É unha constatación que o deseño, a dirección a organización, a planificación da actividade, das telecomunicacións, realízanse cada vez máis afastadas de Galiza e ten como consecuencia deixar o noso país sen un sector estratéxico en canto á toma de decisións e ao desenvolvemento económico e do emprego. Un sistema de xestión cos centros de decisión noutros territorios pois conduce a un descoñecemento da realidade económica, e mesmo física, de Galiza. Tradúcese nunha redución da cantidade e calidade do servizo, nun atraso económico e tecnolóxico, e na execución dunha política empresarial de concentración e centralización tanto do persoal como da estrutura organizativa. A consecuencia é que Galiza se ve cun novo espolio dunha infraestrutura produtiva fundamental, como é a das telecomunicacións, e a perda e deterioración dos postos de traballo.

As grandes operadoras están embarcadas nun proceso de concentración do emprego, do emprego cualificado, en Madrid, en Bilbao ou en Barcelona. Os datos que temos din que no ano 2017 o emprego directo en Galicia era de 1.233 traballadoras e traballadores, un 2,3 % do total do Estado, cando supoñemos un 5,3 % do PIB ou un 5,8 % da poboación. Polo tanto, estamos a falar dun déficit do emprego no sector das telecomunicacións respecto do consumo deses produtos e servizos no noso país. Este emprego deslocalizado de Galiza, para crealo, no caso de Vodafone, fundamentalmente en Madrid, correspóndese cos postos de traballo de dirección, de xestión, comercialización, deseño e operación de redes e servizos, os máis tecnificados, cualificados e de maior nivel de renda. A consecuencia directa desta



situación é a imposibilidade de que os traballadores e traballadoras se desenvolvan profesionalmente en Galiza, o que obriga á emigración do persoal máis formado. Iso ten, evidentemente, un impacto na renda salarial total percibida, no emprego inducido, nos impostos recadados e nas bases de cotización. En suma, o que trae consigo é o empobrecemento xeral da sociedade galega no seu conxunto.

E paralelamente a este proceso de centralización, as grandes operadoras de comunicación reduciron o emprego total no Estado español de 94.000 a 55.000. Pagamos a repercusión en Galiza. E unha parte dese emprego, á parte do que vai destinado á concentración en Madrid e do que se destrúe aquí, pois non desaparece, senón que se realiza un fraccionamento dun único proceso produtivo en varias empresas, que á súa vez subcontratan servizos acudindo pois especialmente ás ETT, ou incluso aos falsos autónomos. Iso si, sempre empeorando salarios, bases de cotización e condicións laborais. O emprego que non se centraliza pasa a estas contratas, fundamentalmente ao sector do *call center*. Hai destrución de emprego cualificado en Galiza. Só permanece —e aínda así destruíndose constantemente— o emprego de teleoperadoras, de operadores de comunicación de base, mal pagados, precarizados, con condicións laborais desreguladas e con salarios de supervivencia. Coma sempre, as beneficiarias son as grandes operadoras, cun elevado ingreso e cuns reducidos custos laborais. En resumo, poderíamos cualificalo como dereitos económicos para as empresas e poucas obrigas sociais. *(Aplausos.)*

Estas empresas levan anos socializando as perdas, mais non fan o mesmo cos beneficios, que os teñen. E todas as cargas e repercusións pasan para a clase traballadora. Tanto o ERE de Vodafone como o ERTE de Bosch son consecuencia deste deseño que acabo de describir. Vodafone toma a decisión de deslocalizar a carga de traballo. Esa decisión repercute en Bosch e ambas trasladan as consecuencias desas decisións aos traballadores e traballadoras, unha auténtica desfeita para o noso país.

Vodafone presentou un ERE a finais de xaneiro, o terceiro en seis anos, cunha afectación a nivel do Estado de máis de 1.000 traballadores e traballadoras, arredor do 20 % do seu cadro de persoal, que xa está en fase de aplicación. E só se compromete a non facer o seguinte ata dentro de dous anos, ata o ano 2021; é dicir, que esa destrución de emprego non acaba con este ERE. A folla de ruta é amortizar emprego a pesar de que hai carga de traballo. Proba diso é que, por exemplo, en Vodafone se fan un sennúmero de horas extras. O cálculo que teñen é que máis de 40.000 —as que están rexistradas—. E, a pesar de que hai infraestrutura en Galiza e persoal cualificado, faise esta destrución de emprego e a concentración en Madrid dese emprego cualificado.

En Galiza chegou a haber traballando para Vodafone máis de 480 persoas —300 en Vigo e 180 na Coruña—. E pasouse a ter na actualidade 126 en Vigo e 55 na Coruña. Ao rematar este ERE pasarán a ser ao redor de 46 na Coruña e 95 en Vigo. É dicir que de 380 postos de traballo se destruíron máis de 340, e, pinga a pinga —insisto—, unha auténtica desfeita.

Isto tradúcese na derivación ás empresas que teñen subcontratadas, como é o caso de Bosch en Vigo, a empresa máis grande do sector con máis de 2.000 persoas contratadas, 1.683 do cadro de persoal, e ao redor de 350 a través de empresas de traballo temporal. Un emprego feminino, máis do 60 %, cuns soldos medios mensuais de 900 euros, moitos contratos a



tempo parcial, un contrato estándar de obra, que permite despedir por diminución de volume de traballo; é dicir, toda a actuación que lle permiten as reformas laborais.

O 60 % do cadro de persoal de Bosch traballa para proxectos de Vodafone, e teoricamente, como consecuencia do ERE en Vodafone pola deslocalización de traballo cara a Colombia, ou cara a Exipto, pois presenta un ERTE dun xeito, dende logo, sen garantías. Para o cadro de persoal afectará finalmente a 542 persoas. Xa ten despedidas 200 persoas de ETT que facían estes servizos, e outra ETT que está presentando un ERE de extinción para o seu persoal —76 persoas—, porque Bosch vaille deixar tamén de facer contratacións.

Estamos, polo tanto, diante dunha auténtica desfeita para o noso país, cunha presentación dun ERTE sen garantías no caso de Bosch. Pechou o ERTE sen consulta, sen informar aos traballadores de cal era a situación real, sen previsións certas, sen concreción, sen documentación completa e correcta, pretendendo que todas as repercusións sexan para os traballadores e traballadoras.

En ningún momento por parte da empresa se intentou minimizar o impacto deste ERE, senón que sempre foi a un ERTE de máximos con pretensión de total flexibilización e que os traballadores e traballadoras estean á súa disposición continuamente.

Por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa, e o que pedimos fundamentalmente é que a Xunta se implique, que, como autoridade laboral, actúe —porque, co nivel de irregularidades presentadas, este ERTE tiña que estar xa paralizado por parte da autoridade laboral—; que manteña unha posición activa de mediación, porque a Xunta ten recursos, ten instrumentos para actuar, tanto no caso do ERTE de Bosch como do ERE de Vodafone, e intentar que dende logo sexan o máis axustados posible.

Demandamos tamén que, tanto en Vodafone como en Bosch, se garanta a atención en galego, que se garanta o dereito dos galegos e galegas a ser atendidos no noso idioma polas empresas que prestan aquí servizos, a atención aos clientes desde Galiza en galego, respectando os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas, porque ese é un xeito de garantir tamén o mantemento do emprego.

Demandamos que os servizos e subvencións que a Xunta realice con empresas de telecomunicación sexan condicionados, porque por exemplo no caso de Bosch...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—a Xunta é cliente de Bosch— hai un problema de alta velocidade de 3X, e cun estudo realizado en marcha, onde a Xunta vai investir recursos. E, dende logo, esas cuestións teñen que ser tidas en conta. A Xunta ten que facer presión para que non se poida destruír emprego cando hai contratación —remato, presidente— con estas empresas.

E demandamos que se presente no actual período de sesións un estudo de cal é a situación do sector, porque dende logo non se pode seguir destruíndo emprego e que ás empresas lles saía grauíto.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

O Grupo Socialista tamén quere saudar os representantes legais dos traballadores do centro de Bosch en Vigo, así como os de Vodafone nos centros da Coruña e de Vigo, e transmitirles todo o noso apoio neses dolorosos procesos de ERE e de ERTE que están a sufrir. (*Aplausos.*)

Ben, o día 22 de febreiro deste mesmo ano asinou a acta final do acordo do período de negociacións do ERE que afectou os centros de traballo que Vodafone ten en Vigo e na Coruña. E a finais dese mes de febreiro iniciouse o expediente de regulación de emprego temporal de Bosch en Vigo; ERTE que afecta a máis de 500 traballadores e que, dependendo do servizo no que traballen ou das tarefas que realicen, a suspensión irá de quince días a dous meses. E hai que ter en conta que xa se despediron 200 traballadores das empresas de traballo temporal.

Bosch ten na actualidade varios proxectos firmados con Vodafone, e o futuro está condicionado en gran medida polo momento que atravesamos Vodafone, sen esgotar outros proxectos como Orange ou Repsol, que tamén supoñen unha importante carga de traballo para Bosch en Vigo.

A pesar desa carga de traballo, a empresa negouse a recolocar os traballadores afectados polo ERTE noutros departamentos. Estase a cancelar contratos e a contratar xente de fóra pola negativa da empresa á recolocación dos traballadores afectados polo ERTE.

Estamos a falar da segunda empresa de Vigo, a que xera máis empregos despois de PSA, que ten un ERTE vixente ata o 31 de xullo deste ano, nun sector bastante precario con practicamente moitos contratos a tempo parcial e salarios baixos; unha empresa que mostra unha nula vontade negociadora e que, coas actuais condicións, implicaría un exíguo salario dos traballadores de 686 euros ao mes. ¿Pensan vostedes, señorías, que con este salario que non chega nin sequera ao salario mínimo interprofesional pode vivir un traballador e manter a súa familia? (*Aplausos.*)

Pero hai que recordar que Vodafone ten contratado con Bosch o servizo de teleoperadores para asistencia técnica, o proceso de alta de clientes e a tramitación das reclamacións presentadas nos organismos públicos de consumo. Vodafone realiza despedidos para deslocalizar o traballo a países como Exipto ou Colombia. Pero é que este ERE de Vodafone segue a cobrar vítimas fóra do propio Vodafone, como é o caso deste ERTE que estamos a analizar. Loitar contra o ERE de Vodafone non só era loitar e defender os postos de traballo de Vodafone, senón salvar moitos máis postos de traballo, como agora estamos a ver. Era para protexer



os dereitos colectivos do sector; polo tanto, os dereitos doutras empresas, doutros traballadores, doutras empresas de telecomunicacións.

E ¿que fixo a Xunta de Galicia para paralizar ou minimizar o ERE de Vodafone? ¿Puxo algunha medida propia ou ben a través do Consello Galego de Relacións Laborais? Non. Estivo, coma sempre, expectante e de brazos cruzados, esperando que os problemas se resolveran sos. *(Aplausos.)*

Pero o que é máis sangrante é que non fixo valer a Xunta de Galicia a súa posición de cliente da compañía Vodafone para parar ou minimizar ese ERE de Vodafone. Cabe recordar que a Xunta de Galicia prorrogou en xuño do 2018 o contrato do servizo de telecomunicacións ata febreiro de 2021, sendo adxudicataria do servizo de telefonía móbil a operadora Vodafone.

Ademais, a empresa Vodafone, xunto con Orange e Telefónica, asinaron o pasado 6 de novembro de 2018 un convenio de colaboración con Antega e a operadora pública Retegal, no que se plasmaba o compromiso das tres operadoras de telecomunicacións de desenvolver un mínimo de seis prototipos baseados na tecnoloxía 5G entre 2019 a 2020. A posta en marcha deste proxecto é a primeira das medidas do Plan 5G para posicionar a Galicia como territorio preferente na pilotaxe de solucións innovadoras nesta materia, segundo verbas da propia Xunta de Galicia. E repito que a Xunta de Galicia, como cliente de Vodafone, non fixo nada para evitar ou minimizar os danos dese expediente de regulación de emprego en Bosch.

Por iso, o que lle pedimos á Xunta de Galicia é que atalle o conflito de Bosch, que aposte por manter a actividade desta empresa dentro do marco legal, que empregue todos os instrumentos legais ao seu alcance e que os active de xeito inmediato. Deixen de manter unha actitude inmovilista, estática, que é o que está a definir a actitude da Xunta de Galicia nos últimos anos en materia de emprego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—vou rematando, señor presidente— e empecen a facer o que se lle supón que ten que facer un goberno, que é gobernar e defender os dereitos dos traballadores.

Por iso, adiantamos que imos votar afirmativamente a proposición presentada hoxe polo BNG. E, aproveitando as palabras da miña compañeira, non sexan como o coello de *Alicia no país das marabillas* e non cheguen tarde de novo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.



Nós tamén o primeiro que queremos é saudar os traballadores e traballadoras que nos acompañan hoxe, e tamén, por suposto, a todas as afectadas polo ERE de Vodafone e as que hoxe mesmo están en folga en Bosch, en Vigo, pola inxusta situación que están vivindo. E por iso, por suposto, imos votar a favor desta proposición non de lei —de feito é moi semellante a unha que vimos de debater e de presentar na Comisión de Industria esta mesma semana—, porque cremos que estamos ante un sector de gran importancia para o noso país. Máis de dez mil persoas traballan no telemárketing en Galicia, e, ademais, esta empresa en concreto, Bosch, é a segunda empresa que xera máis emprego na cidade de Vigo, máis de 1.600 traballadoras e traballadores.

Cremos que estamos ante un conflito no que a Xunta de Galicia non está tomando as medidas necesarias. É evidente que a empresa non ten ningún tipo de vontade negociadora, xa se mencionou aquí. O único que hai é unha actitude impositiva. Pero por iso insistimos tanto en que a Xunta de Galicia ten que mediar dunha maneira clara, e non pode seguir, como ata o de agora, pódose de perfil ante un conflito tan importante como o que temos diante.

Estamos falando dun sector que está atravesado pola precariedade, con baixos salarios. A maioría do cadro de persoal non traballa nin sequera 30 horas, a maioría traballa 25 ou 20 horas, ou incluso menos, cun salario medio de 600 ou 700 euros. Podemos imaxinar, con estes salarios, como afectaría incluso cobrar menos. Falamos dun sector onde as taxas de rotación son elevadísimas, cunha carga de traballo psicolóxico moi imporante, con xornadas de moita intensidade, con altas taxas de temporalidade. E a todo isto —algo que é, como digo, común a todo o sector do telemárketing— súmase nesta empresa en concreto a aplicación dun expediente de regulación temporal de emprego que afectaría a 600 persoas, tras despedir, como xa se mencionou, a 200 contratadas a través de ETT.

Nós, como xa se mencionou, cremos que este ERTE é inxustificado. Non hai motivos, hai alternativas, e a Xunta ten que tomar medidas claras, ten que presionar a empresa. Porque hai moitas opcións que poden levar a adiante. Por exemplo, non é admisible que non recolquen algunhas traballadoras noutros departamentos, a pesar de recoñecer a propia compañía que necesitan máis persoal noutros departamentos e que todo parece indicar que van acabar contratando por fóra, cunha única intención de precarizar aínda máis.

E cremos que isto é sintomático de que as empresas se cren impunes, que cren que poden facer o que lles dá a gana. Porque, obviamente, levamos décadas de políticas onde o único que se defendeu sempre foi as grandes multinacionais, e nunca os traballadores e as traballadoras.

Como dicía, esta semana aprobouse unha iniciativa que contiña algúns puntos importantes, pero temos que volver incidir nunha cousa: sempre vetan sistematicamente un dos puntos que na nosa opinión é máis relevante, que é a derogación das reformas laborais. E sempre insistimos no mesmo: se non se derrogan as reformas laborais, todo o que poidan dicir aquí vai ser mentira, porque non van poder aplicalo, e despois ampararanse na lexislación. Pero teñen a opción de derrogar as reformas laborais. Decidiron levalas adiante. Pois ben, agora teñen a opción de derrogalas. Porque, se non, como digo, poden dicir o que lles pete. Poden dicir que defenden o emprego, pero en realidade será todo unha mentira.



Tamén se falou aquí —e insistimos moito— do problema da deslocalización dos servizos que están facendo moitas empresas. De feito, un dos problemas fundamentais con Vodafone é este. E hai medidas que se poden tomar. Pódese legislar para evitar a deslocalización, pódese evitar que se garanta a atención en Galicia, pódese tamén evitar e non permitir o traslado de datos persoais a países externos da Unión Europea. Pero, obviamente, se hai vontade política, se se quere facer algo, por suposto, hai alternativas para evitar a deslocalización. Estamos falando de empresas, moitas, que reciben subvencións e que ademais teñen contratos coa Administración pública. O que non pode ser é que lle deamos diñeiro público á empresa sen garantir un mínimo de emprego de calidade e sen ningún tipo de contrapartida. Non pode ser que as grandes multinacionais sempre socialicen as perdas cos traballadores e traballadoras pero nunca os beneficios, porque tamén aí está o principal problema. Estas empresas están tendo beneficios ano tras ano. ¿Como é posible que, tendo beneficios, agora estean cada día precarizando máis e querendo mandar ao paro a traballadores e traballadoras?

Hoxe mesmo dicíamos que estaban as traballadoras de Bosch nas rúas, o Goberno ten que escoitalas, non pode continuar facendo coma que non vai con el. Teñen que rectificar o camiño dos últimos anos, que é un camiño que destrúe emprego e que xera emprego da peor calidade posible. Cremos que o balance das políticas industriais dos últimos anos é nefasto, hai unha nula planificación industrial no noso país. E hoxe falamos dunha empresa en concreto pero que é unha realidade común a todo o sector. A situación de explotación que viven é común. Hai que rematar co modelo que só explota, que ten salarios de miseria, que non dá ningún tipo de estabilidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Por iso nós queremos que se defendan estes postos de trabalo, pero queremos tamén que se melloren as condicións de todo o conxunto do sector. Nesta empresa, por suposto, hai que paralizar este ERTE, pero tamén hai que mirar a medio e longo prazo e hai que crear emprego de calidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Dende o Grupo Parlamentario Popular tamén queremos saudar os representantes sindicais dos traballadores e traballadoras de Bosch e de Vodafone presentes neste debate e manifestar desde o Grupo Popular tamén o noso apoio e que teñan claro que, se un grupo e un partido os pode axudar a saír desta situación, será o Partido Popular. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!, aquí escoitouse a todos con respecto, por favor.



O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Señora Prado Cores, vostedes presentan esta PNL relativa ao ERE da empresa de telemárketing Bosch, de Vigo, unha PNL similar a outra que aprobamos esta mesma semana de En Marea, coa que o Partido Popular chegou a un consenso e votamos por puntos o pasado 21 de marzo. Coincidimos en que este é un sector moi importante para o tecido empresarial de Galicia e da provincia de Pontevedra, e sobre todo para Vigo e para a súa área de influencia. Bosch Service, de Vigo, conta cunha plantilla de 1.683 traballadores e traballadoras. Sobre todo hai que destacar que hai unha importante presenza de mulleres, e tamén que son traballos a través das ETT.

O expediente de regulación de emprego é de carácter temporal, é para 540 traballadores, que estará vixente ata o próximo 31 de xullo. Vodafone, principal cliente, é unha compañía que está negociando un expediente nacional dun millar de empregos en toda España. Dende decembro soporta unha baixada importante de traballo. Orange e Repsol tamén supoñen carga de traballo para Vigo. No *call center* de Vigo, Vodafone ten encargado o soporte técnico, provisión administrativa e reclamacións. Bosch pasou de 50 traballadores en 2003 a máis de 2.000 nos centros de traballo de Vigo. Despois de Citroën, El Corte Inglés e Povisa, é unha gran empresa que hai na cidade de Vigo.

A vostedes, señorías do BNG —e de esquerdas en xeral—, dá igual o que se lles diga, as respostas do conselleiro, do presidente neste Parlamento, as aclaracións, os datos, os obxectivos, as estratexias, os plans... Como non podía ser doutra maneira... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —eu pediría silencio, por favor, que eu non interrompín a ninguén—, o Goberno de Galicia estivo e está en contacto permanente co comité de empresa e coa empresa mesma. A Xunta ponse á disposición dos traballadores e traballadoras da empresa para escoitar as súas demandas. A Administración autonómica, como autoridade laboral, e a Inspección de Traballo, de acordo coas competencias que lle corresponden, fixo un seguimento do procedemento do ERE, vixiando que se cumpriran as formalidades legais. E, unha vez aprobado o ERTE por parte da compañía, fará un seguimento do regulamento de emprego para velar polo seu cumprimento e para preservar os dereitos dos traballadores conforme a legalidade vixente.

Como sempre que se formaliza un ERTE, non significa necesariamente que se execute, como, por exemplo, o que aprobou o ano pasado PSA-Citroën de cincuenta días e afortunadamente non utilizou ningún. En todo caso, en colaboración coa Inspección de Traballo, actuaremos para vixiar que os trámites do procedemento se leven a cabo con observancia da legalidade.

Este grupo parlamentario é consciente da súa preocupación —que tamén é a nosa—. Dende a Xunta de Galicia e, por suposto, dende este grupo parlamentario, imos seguir ao lado de todos os axentes do tecido produtivo galego, e tamén do das TIC, como temos feito sempre, na procura do mellor mercado laboral para Galicia e con empregos de calidade. Así llo trasladou a Xunta ao comité de empresa, e baixo esta premisa seguiremos actuando. A Xunta seguirá ao lado dos traballadores e das traballadoras.

Estar ao lado dos traballadores e traballadoras non é estar cinco minutos diante dunha pancarta e despois *si te he visto, no me acuerdo*. Tamén tratarán de botarlle a culpa á Xunta. E, por suposto, a culpa —segundo vostedes— será de Feijóo. E, con todo o respecto, señorías, en



Galicia temos claro onde estamos. Temos un obxectivo claro, que é a creación e a non destrución de emprego. As cifras son as máis altas dos últimos cinco anos. A aposta é clara e decidida polo futuro, a sociedade galega pode estar tranquila en xeral e, en particular, no sector das TIC. Temos un goberno estable, forte e capaz de axudar á economía cos orzamentos de 2019 —por certo, que vostedes rexeitaron—.

Señorías, dámoslle a benvida á oposición na súa preocupación polo emprego e polo tecido industrial de Galicia. Dámoslla se se preocupan por todo o emprego. Non cremos que haxa industria de primeira e industria de segunda. ¿Que van dicir agora co peche de Ence? Que ninguén pode estar por riba da lei. Estamos de acordo. Estarán contentos, ¡noraboa!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Vou rematando, presidente.

Para vostedes, con botarlle a culpa ao PP, xa está todo solucionado.

Nós imos seguir traballando para e por todos os traballadores. Non queremos, señorías, que ningún traballador quede sen traballo, non queremos que peche Ferroatlántica, non queremos pechar Ence...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: ...—remato— non queremos pechar Elnosa. E, por suposto, e de aquí o compromiso da Xunta de Galicia e deste grupo parlamentario...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: ...non queremos que peche Bosch en Vigo.

E nós queremos votar o punto 2 —presidente, quero aclaralo—, que é «manter unha posición activa de mediación entre a dirección de Bosch e as traballadoras e traballadores afectados para minimizar os efectos do ERTE».

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten o turno o grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Quero empezar agradecendo ao PSOE e a En Marea o apoio manifestado a esta iniciativa que trae hoxe aquí o BNG e lamentar que o Partido Popular queira quedar ben sen gastar nada. Porque está ben votar o de ter unha posición activa de mediación cando a realidade é que non o están a facer. E a realidade é que estamos xa diante da con-



solidación tanto do ERE coma do ERTE. Queda moi ben dicir que é un sector moi importante, pero por parte da Xunta de Galiza e do Partido Popular, dende logo, non se aplican para defendelo.

E, mire unha cousiña, non só é por baixadas de traballo, é que as empresas están deslocalizando o traballo. Esa é a cuestión. E o que lles pedimos é que actúen para que non se deslocalice ese traballo. Deslocalízano a países sen dereitos laborais nin garantías sindicais. E a vostedes, diante diso, pois parécelles que non pasa nada.

Dixo o deputado do Partido Popular que que se realice un ERTE non significa que se vaia executar. ¡Pero é que xa o están executando! No caso de Bosch, desde o 22 de febreiro; e no caso de Vodafone xa se está executando. ¡Pero de que vén vostede falar aquí, señor deputado do Partido Popular!

Eu lamento que, máis unha vez, non sexan capaces de poñerse do lado dos traballadores. A situación do sector en Galicia, a súa afectación brutal, é consecuencia da falta de peso político que ten o noso país e da falta de peso político que ten o Goberno da Xunta. Porque, se se está deslocalizando traballo e concentrándose noutros territorios, pois será por algo. As empresas non poden facer o que queren, cando queren e onde o queren, sen que teña consecuencias sociais e laborais e sen que a Xunta non faga absolutamente nada. Non poden facelo, e por riba coa conivencia e complicidade dos gobernos. Porque nós pedimos unha implicación da Xunta de Galiza, e a Xunta de Galiza ata hoxe non fixo nada.

Hoxe, por primeira vez, a secretaria xeral da Consellería de Traballo chamou ao comité de empresa de Bosch para sentarse a falar. ¡Hoxel!, cando levan máis dun mes aplicando un ERTE. E no caso de Vodafone, desde logo, non temos información de que fixera absolutamente nada. Co cal sería bo que, á parte de predicar, fixeran algo máis.

Desde logo, no BNG cremos que Vodafone non pode destruír máis emprego en Galiza cando ten volume de negocio e proxectos financiados con fondos públicos en Galiza. Non se lle pode consentir a Bosch que aproveite este ERTE para precarizar aínda máis a situación laboral do cadro de persoal e telo á súa disposición sen garantías, que é o que está facendo, señoras e señores deputados do Partido Popular. Nun sector cun modelo de absoluta precarización, rotación, explotación, temporalidade, quendas abusivas, presión e estrés non se pode consentir que sigan a apertar máis este sector. E a Xunta ten que implicarse porque ten instrumentos, ten os instrumentos da legalidade e ten os instrumentos políticos. E ten o instrumento, no caso de Vodafone, de ser cliente, de ter un proxecto para despregar a alta velocidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...na que está implicada Vodafone.

E, desde logo, o que demandamos con esta iniciativa é que a Xunta se responsabilice, que se poña á fronte e non deixe, unha vez máis, tirados os traballadores e as traballadoras. O que pretendemos é que haxa alguén ao volante do Goberno da Xunta, do Partido Popular...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que haxa alguén ao volante e que exerza de goberno e non de comentarista.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: Porque ser goberno dunha nación, dun país, como é Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...non pode ser exercer só de comentarista sen actuar cando hai problemas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E, neste caso, hai moitos problemas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc núm. 47456).

Emenda de modificación.

O punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<3. Que se dea traslado a este Parlamento do resultado do informe da consultoría nomeada pola Xunta de Galicia para avaliar a situación da empresa, do mercado e das posibles alternativas.>>

Emenda de modificación.

O punto 4 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:



«4. Que se realice unha auditoría por parte da Xunta de Galicia sobre as axudas recibidas pola empresa, así como o destino e o efecto delas.»

Emenda de supresión

O punto 7 da parte resolutiva da iniciativa débese suprimir.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Moitas grazas.

Xa comezamos con este asunto no pasado pleno. O noso voceiro preguntou explicitamente ao señor presidente da Xunta de Galicia pola situación industrial en xeral e, en concreto, polo asunto do ERTE de Bosch e o ERE de extinción —que era naquel momento— de Poligal. E o señor Feijóo —ademais con esa actitude prepotente e minusvalorando as preguntas do noso voceiro— díxolle explicitamente: «Non me pida vostede contundencia con Poligal, unha empresa que nunca solicitou nin obtivo axudas da Xunta de Galicia». Isto díxoo explicitamente.

Ben, vaíamos ás probas, pódeno consultar —seguro que xa o consultaron desde aquel día—. As contas rexistradas da empresa Poligal do ano 2017 no Rexistro Mercantil explicitan claramente no seu balance e na súa memoria que teñen un inmovilizado, aínda sen amortizar, por valor, naquel momento, de 464.654 euros provenientes dunha subvención de capital da Xunta de Galicia —464.000 no 2017—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

O señor CASAL VIDAL: Si, si, miren, miren no Rexistro Mercantil. Pero é que no ano anterior, claro, eran 483.000. E sigan tirando para atrás, a subvención total era moi superior.

Ou sexa, resumindo, unha vez máis o señor Feijóo mentiu ao Parlamento, ¡unha vez máis!, porque o dixó taxativamente: «Nunca a Xunta de Galicia lle deu subvencións a esta empresa».

Hai máis elementos, ademais, para ter unha actitude forte ante a empresa. No ano 2012 a empresa plantexou outro ERE e chegou a un acordo firmado polo actual conselleiro delegado de Poligal polo que os traballadores admitían unha redución de plantilla de 35 postos de traballo —que foron á rúa— e, a cambio, a empresa comprometía un investimento de seis millóns de euros, a desenvolver en tres anos, na factoría de Poligal en Narón. ¿Canto se investiu destes seis millóns de euros comprometidos nun Xulgado do Social e firmados polo naquel momento e actualmente conselleiro delegado de Poligal? Cero euros. Un incumprimento flagrante dunha sentenza que os traballadores levaron ao Tribunal Superior de Galicia, e xa hai unha sentenza firme de que Poligal ten que facer ese investimento.



Pensamos que son elementos suficientes: por unha parte, a Xunta de Galicia subvencionou esta empresa; por outra parte, a empresa está incumprindo sentenzas xudiciais firmes. Pensamos que o Goberno ten elementos suficientes para ter unha actitude que vaia máis alá da que está a ter nestes momentos.

Por outra parte, a situación de Poligal é verdadeiramente sorprendente, porque é o mesmo que está a pasar con Ferroatlántica, con Bosch en Vigo e con moitas outras empresas. É unha empresa totalmente solvente, onde se desenvolve todo o I+D+i de todo o grupo de empresas, e despois leva esas patentes para fabricar nas plantas de Polonia e Portugal. Porque xusto cando a empresa non desenvolveu eses investimentos aos que tiña obrigación na planta de Narón, en cambio, investía corenta millóns en Polonia e quince millóns en Portugal; e agora anuncia un novo investimento de quince millóns de euros en Portugal.

¿Entón cal é a realidade? Mercado hai, mercado é evidente que hai; de feito, a comercializadora que comercializa todos os produtos que se producen en Narón, en Portugal e en Polonia está alí tamén, en Narón. ¿Pero que pasa? Esta comercializadora é o único cliente das factorías: recolle toda a produción e, á súa vez, véndea aos seus clientes. ¿Que pasa? Que iso impide que as factorías poidan ter unhas contas verdadeiramente explícitas de cales son os seus resultados, e a comercializadora reparte os custos como lle parece ben entre as tres factorías. ¿Que interesa que Narón teña malos resultados? Pois cárganselle custos que non lle pertencen, por exemplo, o cen por cento de custos de I+D+i, que despois, en cambio, son aproveitados por todo o grupo; ou toda a xerencia e dirección comercial. Toda unha cantidade de gastos que están nas súas contas e que se deberían repartir entre todas as contas das factorías que actualmente ten a empresa.

Despois: Poligal Narón produce o oitenta por cento dos plásticos especiais que produce Poligal Grupo, e eses plásticos teñen un enorme mercado. A empresa trasladou aos seus clientes que estiveran tranquilos, que non ía haber desabastecemento, que ía poder seguir servíndolles estes plásticos especiais. Se estes plásticos especiais só se producen en Poligal Narón, quere dicir que agora pretenden incrementar os investimentos en Polonia e en Portugal para levar alí estas producións, e todo isto a partir dos beneficios e do I+D desenvolto en Narón.

Pensamos que son elementos suficientes para que o Goberno teña unha actitude moito máis contundente coa compañía. Unha compañía que incumpre sentenzas xudiciais, que ten subvencións da Xunta de Galicia e, sen estar totalmente amortizadas, pretende pechar a compañía. E o que pon en marcha a Xunta de Galicia é contratar un consultor que —non sei se se deron conta— é xusto o consultor que informou a Poligal sobre como deslocalizar a empresa a Portugal. A nós non nos parece o consultor máis adecuado; ao mellor éo, pero non o parece. Que o consultor que xusto fixo o traballo para que a empresa levara a factoría a Portugal sexa o que agora poña solucións para que Poligal permaneza en Narón...

Por iso pensamos —e é a proposta que presentamos hoxe no Pleno— que a actitude da Xunta de Galicia ten que ser moito máis contundente; iso por unha parte, porque un goberno si ten que facer, sobre todo ante unha empresa que está ante unha serie de incumprimentos bastante importantes. Despois, deixarlle claro que, se deslocalizan, vai exixírselles a devolución desa subvención.



Despois, modificar todas as convocatorias das subvencións, porque a empresa pon na memoria que a axuda é non reintegrable. Isto non o sabemos; teremos que buscar a convocatoria inicial, que cremos que é de hai sete ou oito anos, para ver se isto é así, pero imaxinamos que unha cousa que se mete no Rexistro Mercantil será verdade. Por iso é imprescindible que, igual que fixo o Ministerio de Industria coas axudas á interrompibilidade, a Xunta de Galicia faga o mesmo e que todas as axudas deste tipo teñan unha cláusula clara de mantemento de produción e emprego, cousa que non se fai. Ou sexa, o Grupo Popular só exige ao Goberno do Partido Socialista, pero, en cambio, aquí parece que non cren que sexa necesario tamén poñer esas cláusulas.

Despois, por suposto, apoiar xuridicamente os traballadores para exixir á compañía que cumpra a sentenza xudicial e que teña claro que ten que investir os seis millóns de euros na factoría de Poligal. Porque a factoría de Poligal —xa digo— é a máis desenvolvementalmente, pero con eses seis millóns podería ser líder mundial, sobre todo en plásticos especiais, que non teñen sobrecapacidade, que é o que argumenta a empresa. Hai sobrecapacidade, sobre todo, en polietileno e nos usos máis básicos de bolsas, etc., porque baixou o consumo deste tipo de plásticos. Pero, en cambio, nos plásticos especiais, sobre todo para medicamentos e para produtos alimenticios, que requiren condicionamentos moito máis estritos, aí non hai sobreproducción, senón todo o contrario.

O outro día o conselleiro non quixo dar resposta a ningunha das preguntas que nós lle plantexamos, por iso rexistramos a proposta non de lei, para que todos os grupos teñan que explicitar que actitude van ter ante este conflito verdadeiramente sorprendente e, sobre todo, para ter clara a actitude do Grupo Popular, que sostén o Goberno, e do propio Goberno, de como vai ser a actitude a partir de agora.

Temos un pouco máis de tempo, porque o Xulgado do Mercantil de Barcelona, ante a evidencia de todo isto que estamos a comentar, ditaminou que a solicitude de liquidación da compañía non se axusta ao dereito, e rexeitouna totalmente. Si aprobou a posta en marcha do concurso de acredores, pero saben vostedes que o concurso de acredores que presentou a empresa era con proposición de liquidación inmediata e ERE extintivo inmediato, e todo iso o Xulgado do Mercantil rexeitouno. Agora, hai un proceso concursal e hai un responsable... Entón, a Xunta de Galicia ten que intervir neste proceso e ten que deixar claro que, como xa adianta o Xulgado do Mercantil, non hai condicións obxectivas e que o Goberno vai facer todo o posible para que a empresa cumpra os seus compromisos.

E, sobre todo, unha empresa líder mundial na produción de plásticos especiais non se pode perder, e moito menos na comarca de Ferrol; por aí vai a nosa proposta. Imaxinamos que todos os grupos da Cámara estarán de acordo en que hai que facer cousas contundentes, constantes e soantes para que Poligal non peche, como xa o está adiantando tamén o Xulgado do Mercantil.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Otero Rodríguez.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo.

Só unha puntualización, porque este Grupo Socialista quedou bastante preocupado coa intervención do voceiro do PP na anterior proposición, que veu corroborar o que nós denunciabamos: que a Xunta non fixo nada para evitar ou minimizar o ERE e o ERTE tanto de Bosch como de Vodafone. Porque dixo, literalmente, que a Xunta de Galicia ía vixiar e controlar que se respectaran eses ERE e ERTE; polo tanto, unha posición pasiva de brazos cruzados ante o ERE e o ERTE de Bosch e de Vodafone, que era o que denunciaba o Partido Socialista.

Ben, cambiamos de PNL, pero non cambiamos de problema; seguimos a falar da decadencia do tecido industrial da nosa comunidade autónoma e da ameaza de peche e de perda de moitos dos postos de traballo dunha nova empresa como é Poligal.

Virá despois o voceiro do Partido Popular, con ese discurso tipo que ten para todas as intervencións —da igual que se fale de Ferroatlántica, que de Alcoa, que hoxe de Poligal—, dicir que a culpa é de Pedro Sánchez, que vai facer bo o señor Zapatero, que se o Falcon, que se o «dieselazo», etc. escoitando ultimamente os discursos dos deputados do Partido Popular poderíamos pensar que os problemas laborais para os traballadores e traballadoras galegas empezaron en xuño de 2018 e que ata esa data reinaba unha paz social no mundo laboral aquí en Galicia. Pero é que dende hai anos resulta raro non atopar pola rúas dos nosos pobos e das nosas cidades algunha protesta dos traballadores das moitas industrias do sector produtivo ou de empresas de servizos, a pesar de que a Xunta de Galicia, que é allea á realidade da clase traballadora, esgrime cifras positivas de emprego e de crecemento económico.

Quero recordarlles aos señores deputados do Partido Popular que, antes tamén da chegada do señor Sánchez á Moncloa, existían en Galicia moitos problemas laborais. Só un dato: no ano 2017, cando gobernaba aquí en Galicia o señor Feijóo e en Madrid o señor Rajoy, Galicia foi a segunda comunidade autónoma que perdeu máis xornadas de traballo por folga; contabilizáronse máis de 159.500 xornadas de traballo perdidas por conflitos laborais, unha media de catrocentas trinta e sete ao día. Quero recordarlles, entre outras, as mobilizacións dese ano dos empregados do metal da Coruña, do transporte de viaxeiros, dos examinadores de Tráfico, dos traballadores dos portos galegos e dos traballadores de Ferroatlántica e de Alcoa, tamén en 2017. Polo tanto, estiveron vostedes —están vostedes— a gobernar dez anos na Xunta de Galicia, e sete anos e medio que estiveron a gobernar en Madrid; xa é hora de actuar e de non manter esa posición vixiante. Ben, agora cambiaron e mudaron a posición, porque, polo menos, agora reclámanlle ao Goberno do Estado o que non lle estiveron a reclamar durante sete anos e medio.

Concordamos coa exposición que fixo o señor Casal na súa proposición, e, dende aquí, todo o noso apoio aos traballadores de Poligal, que pasan por unha situación problemática e preocupante, dende logo.

O mesmo día que se firmaba a acta final do período de acordo de consultas de Vodafone, paradoxalmente ese mesmo día, o conselleiro delegado de Poligal comunicaba ao Comité de



Empresa que acababa de solicitar o concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón. Nun mesmo mes, para a Xunta de Galicia tres problemas: Bosch, Vodafone e Poligal. Como se dicía aquí, o concurso foi aceptado polo Xulgado do Mercantil de Barcelona, non así a liquidación; pero a empresa segue e persiste coa súa intención de liquidar e, aínda que non o presentou, anunciou que presentaría un ERE extintivo. Cremos que a Xunta de Galicia debe exixir e mediar neste conflito, poñer medidas contundentes e deixar esa postura vixiante que soe adoptar —como xa se recoñeceu nesta cámara— para ver se os problemas se resolven sós.

A empresa non é clara cos traballadores e non lles aporta toda a documentación para valorar a situación real da empresa de Poligal. Temos que ter claro que unha empresa que inicia un expediente de regulación de emprego, se forma parte dun grupo de empresas —como é o caso— coa obrigaçión de formular as contas consolidadas, deberá de acompañar as contas anuais ao informe de xestión consolidada da sociedade dominante debidamente auditada, se é o caso de que se exixa auditoría. Nesta negociación é fundamental remitirse ao grupo empresarial, que ten beneficios e subida de vendas, pero esta información non lles é trasladada aos traballadores.

Nós presentamos tres emendas: dúas de modificación e unha de supresión. Pedimos a supresión do punto 7 porque, se ben consideramos que se debe poñer en marcha unha estratexia competitiva en mercados e produtos non con base só na redución de custos, non cremos que se poida limitar ou prohibir por lei a deslocalización, aínda que si se podería condicionar durante certo tempo a existencia de permanencia no territorio por recibir axudas. E presentamos unha emenda de modificación do punto 3, xa que entendemos que, se a Xunta xa ten nomeada unha consultoría para avaliar a situación da empresa, hai que aproveitar esta e que se nos dea traslado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...do seu resultado —e remato, señor presidente—; e unha emenda de modificación do punto 4, para que se realice unha auditoría por parte da Xunta de Galicia sobre as axudas recibidas pola empresa, así como o destino e efecto das mesmas.

Adiantamos que, se non se aceptan as nosas emendas, solicitaremos a votación por puntos para votar este último punto 7 por separado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Que o de Poligal é unha deslocalización encuberta é xa, a estas alturas, unha realidade indiscutible. A operación preparada con tempo abondo e con maña comeza cunha clara falta



de investimento na fábrica de Narón desde hai xa tempo. As últimas coñecidas son de 2012, cando se instala unha planta de coxeración, e en 2013 arranca unha nova liña de regranulado. Logo disto, a empresa comeza os seus devaneos: un ERE hai seis anos e o comezo do teatro que nos leva ao peche actual. Poñen en escena unha obra cun guión repetido e sabido. En 2016 instalan unha nova metalizadora híbrida na fábrica de Portugal e en 2017 comeza unha cuarta liña de produción na fábrica de Polonia. En Narón, nin un céntimo máis. A obra representada pola Dirección de Alcoa tiña a mesma trama. Todo isto adobiado coas declaracións de sempre para lle dar ambiente de confianza: esta planta é a mellor do grupo, a máis versátil e non entra en conflito con ningunha das outras plantas do grupo. E, para que non houbese dúbidas, facían coma que estaban analizando algúns escenarios de investimento para mellorar, máis aínda, a produtividade e a eficiencia das instalacións na comarca ferrolá.

E claro está que como os expertos políticos e económicos do PP andan a outra cousa e o señor Conde está no seu castelo de obsesión da legalidade que el mesmo fabrica, aquí ninguén sospeitou nada. Estaba cantado, pero non houbo sospeitas; coma na crise: todos nas verzas.

E xa se sabe: abandonan Narón á súa sorte, sen investimentos. Co entramado que Poligal ten no grupo de empresas, cargando beneficios a un lado e perdas a outro como se fosen independentes, sempre seguindo a estratexia marcada de deslocalización —por suposto—, a fábrica de Narón aparece con perdas millonarias mentres as outras dan beneficios; xustificación abonda para facer as maletas e marchar.

¿ E que papel xoga o Goberno do Partido Popular en todo este xogo? Pois ningún, literalmente nada; está desaparecido. O 22 de febreiro deste ano Poligal anuncia un ERE por sorpresa, e o señor Conde, coa celeridade que o caracteriza nestes asuntos, non tarda máis ca un mes en convocar a mesa de encontro entre as partes interesadas para negociaren e para falaren do asunto. A mesa debe ter a súa dificultade, as táboas non deben ser de *alcolitro*, non; serán de cerna de carballo do país e, así, xa se sabe, leva o seu tempo facela para convocala. Un mes non é tanto; total, só se trata do futuro de cento catorce traballadores e traballadoras, ben poden agardar.

Por outro lado, o señor Feixoo mantiña un pulso coa oposición deses que tan ben se lle dan, coma hoxe, afirmando impertérrito unha nova mentira: Poligal non recibiu ningunha axuda da Xunta. Xa, xa... Medio quilo dos de agora, é dicir, medio millón de euros en tres liñas de axudas. Claro, o serio do señor presidente non mentía cando afirmaba que era falso que o seu goberno dese un euro; non mentía, non; non era un euro, non; eran algúns máis. Claro que xa nos ten tan afeitos ás mentiras que, cando aquí di unha verdade, se nos fai difícil crerlla. E así imos indo, probando a ver se conseguimos, coa inestimable axuda do Partido Popular, facer do noso país unha sociedade de servizos, quieta, vella e sen esperanza. De momento imos indo polo bo camiño.

Na rúa aínda non se apagan os ecos da última protesta dunha deslocalización e xa comezan outras protestas. Agora xa ninguén lembra que houbo, hai moito, moito tempo, un presidente en Madrid que atendía polo nome de señor Rajoy e que seica non tivo nada que ver coa política industrial en Galicia. E o señor Conde, xa se sabe: a voltas, disque, co cumprimento estrito da lei, polos partidos da oposición. Agora teñen a quen botarlle a culpa e sofren



amnesia. Mentres, nas rúas traballadores e traballadoras duns e doutros ERE e ERTE defenden con uñas e dentes o pan dos seus fillos coa vaga esperanza de que o Partido Popular no Goberno teña un chisco de alma e se poña dunha vez do seu lado. Inútil: con tanto trapicheo e corruptela non lles queda alma. Só teñen leis e máis leis coas que xustificar a súa apatía, leis e máis leis que lles serven para xustificar a quietude e a impavidez diante dos problemas do noso tecido industrial, agardando que o mercado, o discorrer do tempo e os donos do capital impoñan o seu mandato.

¡Vostedes tranquilos! ¡Aquí non pasa nada! Galicia está sendo desmantelada no mellor da súa industria e non pasa nada. Na rúa hai voces, hai vida, hai coraxe para dicirlles que son representantes desa política que goberna para os poderosos, que inclina a cerviz diante dos seus desexos; que calan covardemente porque non teñen solucións para os nosos problemas. Pero o Goberno usa a política da tartaruga.

Dicía o poeta de Cambados: «*¡Pobre de nós! / ¡Pobre dos pobres sen pan! / ¡Deus nos colla da súa man!*». (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señor Rivas, despois de escoitarse a si mesmo o que acaba de dicir, ten que pensar por que non os vota ninguén; é o que debería pensar. Probablemente porque o seu discurso é toda unha auténtica falacia, que está moi ben para facer cancións, pero é que a realidade da rúa é outra ben distinta.

Neste salón de plenos, señor Casal, ten vostede tres ferroláns: na primeira fila, José Manuel Rey; na Presidencia, Diego Calvo, e este deputado que lles fala. Os tres, de Ferrol; os tres, fillos da reconversión naval dos oitenta e dos noventa. Os tres fomos xunto cos nosos pais e cos nosos tíos a moitas manifestacións na comarca de Ferrolterra (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) criticando esa reconversión, a mal chamada reconversión naval, porque en realidade estabamos ante o desmantelamento da industria naval, do sector naval, do militar e tamén do civil en Astano, en Fene.

Poligal foi unha das poucas industrias instaladas, naquela mal chamada reconversión, na comarca de Ferrolterra, no polígono da Gándara. Polo tanto, os que estamos aquí, os tres deputados de Ferrol —de Ferrol, non de Pontevedra; de Ferrol—, coñecemos ben o problema de Poligal, e, polo tanto, estamos aquí defendendo Ferrol, a nosa comarca. Porque decidimos entrar en política precisamente para iso: para non resignarnos ao discurso do Partido Socialista tan compartido por vostedes, ese discurso que dicía que Ferrol non tiña futuro. Por iso estamos aquí e non en Pontevedra; aquí, defendendo Poligal, instando o noso goberno a poñer solucións. (Aplausos.)

Mire, ¿sabe cal é o principal responsable da situación de Poligal? A empresa. (Murmurios.) Eu xa sei que vostede vén aquí a ver se consegue facer responsable o Goberno da Xunta, por-



que vostedes están sempre no mesmo: buscando tallada política en vez de resolver os problemas da xente. ¿Pero é que vostede cre que a xente non se dá conta diso? (*Murmurios.*) Vostede ten que saber que este grupo e o Goberno que respaldamos somos os únicos que fixemos algo polos traballadores de Poligal; vostedes o único que fixeron foi tratar de sacar tallada política, como sempre.

Veñen aquí romper a unidade dese parlamento. Nós presentamos e debatemos unha iniciativa sobre Poligal, e hai un acordo da semana pasada na Comisión 6ª —na Comisión de Industria—, un acordo que o que demanda é buscar solucións todos xuntos. Vostedes veñen aquí, unha vez máis, romper esa unidade e esa unanimidade e buscar tallada política permanentemente. ¿E como o fan? Mentindo. Este goberno non pagou ningunha axuda a Poligal, ¡ningunha! Mentiu o señor Villares —é habitual—, mentiu hoxe novamente vostede e, de paso, o do Bloque; ningunha axuda.

Mire, o medio millón que figura nas contas anuais de 2017 —entérese, porque vostede fala de oído permanentemente—, eses cincocentos mil euros nas contas anuais do ano 2017 son un importe que lle quedaba á empresa pendente de amortizar dunhas axudas outorgadas nos anos noventa —¡noventa!— polo Goberno de Felipe González (*Balbordo.*) e polo Goberno de Manuel Fraga. E, polo tanto, este goberno da Xunta de Galicia —levamos xestionando dez anos— non lle deu nin unha soa axuda a Poligal. As que houbo foron as adicadas dende o Goberno de España por aquela mal chamada zona de industrialización en declive. Polo tanto, ¿por que minte?, ¿por que ten a necesidade de mentir?

Mire, o outro día os traballadores de Poligal concentráronse en Fene ás portas dun mitin do Partido Popular. ¿Sabe que fixo o presidente Feijóo? ¿Sabe que fixemos o vicepresidente do Parlamento e eu mesmo? Fomos falar con eles. Ao día seguinte reuniuse ese grupo de traballo que parece ser que non fixo nada. ¡Oia! ¿Como que a Xunta de Galicia non fixo nada? Aquí a Xunta de Galicia encargou a unha empresa especializada —a que máis sabe no sector— un caderno de venda para buscar un comprador. Os que non fixeron nada foron vostede e o seu partido. ¿Pero por que nos toman el pelo? ¿Por que queren, permanentemente, instrumentalizalo todo en favor do seu partido? Que xa nin tan sequera é partido, que agora son tres —ben, dous partidos e unha asociación de veciños, que Anova xa non se presenta as eleccións—. (*Aplausos.*) ¿Por que nos toman o pelo?

Señor Casal, mire: fai falta ter valor para falar con esa suficiencia coa que vostede fala cos temas que trae na súa man. Fai falta ter valor para empregar a linguaxe que emprega na redacción das súas iniciativas. Fai falta ter valor, tendo vostede a biografía que ten como empresario —que levou a súa empresa a concurso de acredores—, para exixirlle a outras empresas que devolvan non sei que axudas. ¿Pero vostede cre que nos pode dicir isto? Eu sei que o seu grupo é cada vez máis pequeno, pero ¿non ten un compañeiro que poida defender isto? Non nos tome o pelo, señor Casal. Vostede é o McGyver da industria galega: vén aquí co chicle para buscar solucións que vostede non tivo nin sequera para a súa propia empresa. (*Aplausos.*) ¿Pero que leccións nos quere dar? Vostede —de verdade— de concursos de acredores, de liquidacións e de non devolverlle o diñeiro á Administración pública sabe moito. E logo vén aquí, di o que di e queda tan pancho. Xa sei que me vai dicir: cando queira dou explicacións. ¡Pois déaas!



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Este é o momento, aproveite e dea as explicacións, porque sempre di que vai explicar e nunca explica nada. *(Aplausos.)* Señor Casal, respecte os traballadores de Poligal, respecte as cento oito familias que están preocupadas polo seu futuro. Porque a situación é difícil, ¿eh? Concurso de acredores: hai nomeado un administrador concursal que ten que buscar solucións, e a Xunta de Galicia xa encargou un caderno de venda para buscar un posible comprador. Non é fácil, ¿eh?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non é fácil. A Xunta está traballando, ¿e vostede? Vostede vén aquí facer demagogia e pedir o voto para Yolanda Díaz por Pontevedra.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Todo dito. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Casal.

¿Cantas veces toquei o timbre? ¿Alguén sabe cantas veces toquei o timbre? Non me acordo. É que non sei cantas veces toquei o timbre, se unha ou dúas. Estou preguntando. ¿Ninguén o sabe? Despísteime eu agora. Dúas deberon de ser. Ben, vou tocar outra vez, a última. Xa está, así arraxamos.

Cando queira, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Xa pasou onte, e hoxe repítese: os señores do Partido Popular, cando non teñen argumentos, pasan á difamación, directamente; á difamación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si; non se preocupe que terei tempo de sobra para explicalo. Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Señor Pazos, silencio.

O señor CASAL VIDAL: Xa o expliquei, outra cousa é que vostedes non queiran escoitar. *(Murmurios.)* Cando o señor Inda sacou esa noticia, esa falacia contra a miña persoa, eu expliqueillo claramente aos medios de comunicación. *(A señora Nóvoa Iglesias: ¡Non!) (Murmurios.)* ¿Como que non?

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Nóvoa. Silencio.

O señor CASAL VIDAL: ¿Como que non? *(Murmurios.)* Xa o expliquei claramente: eu non debo nada a ningún ente da Xunta de Galicia, eu non debo nada; a miña empresa —que non era miña, eu tiña o oito por cento— non lles debe nada á Xunta de Galicia nin a ningún ente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASAL VIDAL: O que pasou foi que o Igape investiu na empresa que eu dirixía; investi, era unha accionista, que é un pouquiño diferente a dar un préstamo. A empresa plantexoulle no ano 2007 ao Igape recomprar esas accións e o Igape dixo que non, porque a empresa ía como unha moto. E é verdade: no ano 2012, en plena crise e por unhas circunstancias que eu non quixen facer publicas, un director xeral do Igape que era un *killer* das empresas galegas —e, algún día, cando deixe a política dentro duns anos, explicareino con pelos e sinais— (*Un señor deputado:* Non, ¡agora!) levou a empresa á quebra. E iso está, ademais, no expediente de concurso de acredores. Lean o que di o xuíz e o que din o resto de socios da empresa —socios moi importantes, por certo—: que unha actitude improcedente dun dos socios levou a empresa á quebra, efectivamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si; iso está na sentenza.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CASAL VIDAL: Unha sentenza que di explicitamente que a dirección da empresa fixo todo correctamente e fixo todo o posible para salvar unha situación de impagos brutais, e que un dos socios actuou de maneira desleal co resto da propiedade. Investiguen cal era ese socio.

Entón, primeiro: de crédito, nada; investimento como accionista. Segundo: plantexóuselle a recompra cando a empresa ía ben e dixeron que non; en cambio, cando a empresa ía mal era cando querían vender. ¡Vaia apoio do Igape ás empresas galegas! E vouno deixar aí.

Ou sexa, difamación, así de claro. E se vostede quere máis comentarios, direillo noutro momento. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Xa llo direi noutro momento! (*Murmurios.*)

Señor presidente, como se me fixo unha difamación explícita, pido un pouco máis de tempo para falar agora do asunto.

Ou sexa que deixen xa de difamar. Onte a señora Nóvoa, como non tiña tampouco argumentos... (*Murmurios.*) Difamación, difamacións.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASAL VIDAL: Evidentemente, a empresa é a que ten a culpa —¡evidentemente!—, como a empresa Isowat Made tiña a culpa tamén. Nós plantexamos separar Made de Isowat, porque Isowat era a raíña da coroa, era a empresa fácil de buscarlle unha solución, e Made, en cambio, era unha empresa moito menos desenvolvida tecnoloxicamente. Ben, pois o Goberno autonómico de Castela e León xa buscou unha solución para Made. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero o Goberno galego, como con Poligal, segue a falar de estudos e máis estudos.

E non deixamos fóra o Ministerio de Industria: hoxe hai unha reunión co Ministerio de Industria, e, coas conclusións que saian desa reunión, tamén lle exixiremos cousas ao Minis-



terio de Industria. Pero a Xunta de Galicia xa tiña que estar implicada no asunto dunha maneira máis importante. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

Fala o Partido Socialista de que nos remitamos á consultoría: non, porque a consultoría vai facer un informe técnico, e aquí hai que facer un informe técnico e un informe económico, porque nós tememos que hai enxeñería contable dentro das contas de Poligal Narón. Entón, aceptaremos a emenda do Partido Socialista como engádega, non como substitución. Porque tamén a Xunta ten que ter información contable.

Despois, vostede di e insiste en que non tiveron... ¡Pois claro que lle deu! ¡Pero se está nas contas explicitamente! *(O señor Tellado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio!

O señor CASAL VIDAL: Non, non, e está... *(O señor Tellado pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero direille...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Señor Tellado, silencio!

O señor CASAL VIDAL: Pero, señor Tellado, préstamo... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Préstamo!

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, chámoo á orde por primeira vez. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Balbordo.)* Silencio. ¡Silencio, por favor!

Remate, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Como xa sabían... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Ben, cando rematen, sigo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) *(Pausa.)*

E levo falando do tema Poligal dous ou tres minutos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ¡home! Falei claro: responsabilidade da empresa, inacción da Xunta de Galicia, como hai solucións para Made e non para Isowat. O mesmo que está a pasar en...

Pedimos que o informe que están encargando a esa consultoría, en vez de ser só técnico, sexa tamén económico; ben explícito queda na proposta.

E, despois, voullo facilitar para que o busque: crédito IG100 do Igape por importe de 552.099 euros sobre unha cantidade financiable de 1.945.219. Iso é o que o Igape aprobou, iso é o que a empresa fixo como investimento e está amortizando. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia*



palabras que non se perciben.) Revise. Efectivamente, hai subvencións do ano 2007 do Plan Reindus, pero ese crédito está explícito... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Tellado, por favor.

O señor CASAL VIDAL: É que non podo rematar así.

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

Señor Tellado, vouno ter que volver chamar á orde. Silencio. ¡Silencio!

O señor CASAL VIDAL: O señor Tellado di que o Rexistro Mercantil... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Balbordo.)*

¡É que non me deixan rematar!

O señor PRESIDENTE: O debate estouno moderando eu, de momento. *(Murmurios.)* Xa veremos nun futuro, pero, de momento, estouno moderando eu. E sei o que estou facendo, porque houbo unha alusión, e este señor ten dereito a responder a unha alusión que se fixo; e agora ten o seu tempo para pronunciarse sobre esta cuestión. Isto é o correcto. *(Aplausos.)* As cousas no seu sitio.

O señor CASAL VIDAL: O señor Tellado di que o Rexistro Mercantil é unha fonte non fiable; imos deixalo aí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Casal. Remate xa.

O señor CASAL VIDAL: Despois, no punto que pide o Partido Socialista, imos aceptar o voto por puntos, pero é que nós non pedimos prohibir as deslocalizacións, senón que as leis dificulten e limiten. E isto está autorizado pola Unión Europea: hai leis en Italia moi contundentes e leis en Francia bastante contundentes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: E, despois —dez segundos só, pola alusión—, por resumir, señor Tellado... *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor CASAL VIDAL: ¿Pero non querían explicacións? Para resumir, señor Tellado: eu, con trinta e tres anos e dous fillos, enxeñeiro industrial de Fenosa, o enxeñeiro máis xove da empresa nun cargo directivo, decidín deixar a empresa, sen indemnización nin nada, e crear unha empresa que creou dez mil postos de traballo en vinte e cinco anos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.



O señor CASAL VIDAL: ¿Non querían explicacións? Dez mil postos de traballo en vinte e cinco anos e creando un sector industrial en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal. Grazas. Terminou o seu tempo.

(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)

Grazas.

Houbo unha alusión, un xuízo de valor, e está zanjado este tema. Eu non vou entrar no que din ou non din os deputados. Vostedes gozan dunha inviolabilidade e vostedes saberán como a utilizan. Eu o único que digo é que isto está...

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

Non, señor Villares, xa sei para que me vai pedir a palabra, pero non. Aquí non constou... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, iso foi replicado xa polo señor Casal, que é o que está... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, non lle vou dar a palabra, porque respondeu á alusión correctamente o señor Casal. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non ten a palabra, señor Villares; non ten a palabra. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Iso será cuestión xudicial se vostedes o queren facer así. Está falado. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* O debate non é así; terminouse. *(Murmurios.)* E diso sabe vostede máis ca min. *(Murmurios.)* Terminou o debate. Imos votar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Non, iso é unha opinión dun deputado, e eu respéctoa; para iso hai outros mecanismos. A votar. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Silencio.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos.

Creo que toquei tres veces o timbre, supoño que estarán todos avisados. Imos comezar coas votacións. Hai algunha complexidade aquí co das votacións; rogo que colaboren para este tema.

En concreto, a primeira votación é dun debate que foi acumulado. Eu non sei se pode haber unha transacción conxunta ou non; vostede dirá, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non. Rexeitamos a emenda do Partido Popular e aceptamos a emenda de En Marea.

O señor PRESIDENTE: Perdón, ¿rexeita a emenda do Grupo Popular e acepta a de En Marea?



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, están informados os voceiros.

O señor PRESIDENTE: ¿E non aceptan as outras? ¿A do Grupo Socialista non a acepta?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non.

O señor PRESIDENTE: Votamos esta proposta.

(O señor Losada Álvarez: Solicitamos a votación por puntos: os tres primeiros por un lado e o cuarto por outro.)

Pero a ver se lle deixa a señora Presas. Entón, ¿como serían eses puntos? *(O señor Losada Álvarez: Do un ao tres, e o catro por separado.)* Ou sexa: o 1, o 2 e o 3, e o 4 separado. Pois votamos os puntos 1, 2 e 3.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 4.

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 36; abstencións, 27.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 4 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña. Estaba pendente unha transacción, non sei se chegaron a ese acordo. Déanlle voz ao escano da señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Non, non chegamos a un acordo. Se queren, podemos votar por puntos. Pero é que confundir o que son as burras, as bestas, os cabalos do monte co cabalo doméstico... Non podemos aceptalo.



O señor PRESIDENTE: Ben, pois non hai acordo. ¿Vostede oferta unha votación por puntos?

A señora CUÑA BÓVEDA: Si.

O señor PRESIDENTE: ¿Os grupos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, dálles igual. Entón votamos así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da protección dos garranos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Moisés Blanco. Non acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e cinco deputados/as máis, sobre o mantemento pola Xunta de Galicia do seu apoio aos profesionais que traballan no campo galego a tempo parcial, así como o impulso das medidas necesarias para fomentar e protexer a súa actividade nel.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez. Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate da X lexislatura, dun proxecto de lei de mobilidade sostible para a súa aprobación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán. Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación polo Goberno galego, antes do remate de 2019 e coa participación dos grupos parlamentarios, dun novo plan de xestión de residuos urbanos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Tellado. Había emendas, non sei se hai transacción. (*O señor Miguel Tellado:* Hai unha autoemenda.) Hai unha autoemenda. (*O señor Miguel Tellado:* E aceptámola.) Claro, evidentemente. (*Risos.*) As outras non se aceptan.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento dun marco enerxético estable e un prezo eléctrico competitivo consensuado co sector electrointensivo, así como a actuación que debe levar a cabo respecto da presentación dun expediente de regulación de emprego temporal na empresa Ferroatlántica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores. Foi solicitada unha votación por puntos dende a tribuna. ¿Acepta vostede a votación por puntos? (*A señora Prado Cores:* Non.) Non, non acepta.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das reivindicacións do persoal da compañía Bosch con sede en Vigo, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego temporal presentado pola empresa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Francisco Casal. ¿Acéptase a emenda como engádega?

O señor CASAL VIDAL: Si, os puntos tres e catro aceptámoslos como engádega e aceptamos a votación por puntos. A votación por puntos que pedía o Partido Socialista era votar todos os puntos menos o último, ¿non?, menos o 7. (*A señora Otero Rodríguez: Votar do un ao seis xuntos e o sete separado.*) Ou sexa, do 1 ao 6 xuntos, e aceptamos como engádega as emendas 3 e 4.

O señor PRESIDENTE: Vale.

O señor CASAL VIDAL: E votárase á parte o punto 7.

O señor PRESIDENTE: Perfecto.

(O señor Tellado Filgueira pide a palabra.)

¿Si? Déanlle voz ao escano do señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nosoutros queremos pedir a votación por separado do punto 1.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por separado do punto 1?

(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)

Entón comezamos votando o punto 1.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 2 a 6.

Votación dos puntos 2 a 6 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2 a 6 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E agora xa non sei. ¿Este era o punto sétimo ou cal era? (O señor Calvo Pouso: do 2 ao 6. Falta o 7.) Estes eran do 2 ao 6. Agora ¿que nos queda por votar, o punto sétimo? (O señor Calvo Pouso: Si.)

Votamos o punto sétimo.

Votación do punto 7 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as xestións que debe realizar diante do Goberno central en relación co concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 36; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 7 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos, neste caso, cunha alteración da orde do día, pola que adiantamos unha pregunta ao Goberno.



Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da decisión do Ministerio de Xustiza de se apartar por primeira vez da proposta de creación das novas unidades xudiciais formulada de xeito consensuado pola Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Paula Prado, do Grupo Parlamentario Popular.

Cando queira.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor vicepresidente, como é coñecido, a competencia para a creación de novas unidades xudiciais corresponde ao Goberno de España. E, sempre que o Goberno central procedeu a crear novas unidades xudiciais, a Xunta de Galicia manifestou a súa vontade de poñer á súa disposición todos os gastos que a creación destas unidades supón, como son os edificios, o mobiliario, o material informático e os medios materiais dos funcionarios que auxilian os xuíces e fiscais.

Ben, para adoptar estas decisións sobre as necesidades das unidades xudiciais sempre se tivo en conta a opinión dos xuíces e maxistrados. E para iso está creada a Comisión Mixta de Xustiza de Galicia, da que forma parte o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Xunta. Aí adóptanse por consenso as necesidades de creación de novas unidades xudiciais e, unha vez que hai ese consenso, trasládanse ao Goberno do Estado.

Esta proposta, historicamente adoptada por consenso entre a Xunta de Galicia e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sempre foi respectada polo Goberno central. A primeira vez que pasa que non se respecta a decisión consensuada entre os xuíces e o Goberno de Galicia acaba de suceder co goberno socialista de Pedro Sánchez. Por primeira vez non se atende a esa cuestión e por primeira vez denégase un xulgado do social para Santiago e un xulgado do social para Lugo. Unicamente se dá un xulgado do social para Vigo. ¿Por que será?

Esta é unha mostra do sectarismo do goberno socialista de Madrid e da obsesión que teñen con Galicia. Xa o demostraron nos orzamentos da aldraxe do 2019, nos que lle recortaron a Galicia un 30 % en investimentos, dándolle a Cataluña o 60 %. O Goberno do Estado despreza os traballadores de Alcoa, despreza os traballadores de Ence e despois vén o delegado do Goberno, coma un teleñeco de Pedro Sánchez, dicir cousas diferentes ás que están nos papeis.

Por iso, señor vicepresidente, eu quérolle preguntar. Porque hai unha pregunta rexistrada por En Marea na que di exactamente que hai un deputado de En Marea, o señor Fernán-Vello, que pregunta ao Goberno de España pola creación destas unidades xudiciais. E hai unha resposta do Ministerio onde se exclúe a creación do xulgado de Lugo, unha resposta oficial do Ministerio. Eu quérolle preguntar, señor vicepresidente, se é certo isto que di aquí a ministra homófoba de Xustiza: «*La Comunidad Autónoma de Galicia, en su propuesta de crea-*



ción de nuevas unidades judiciales, solicita la creación de tres nuevos juzgados de lo social en esa comunidad autónoma, uno en A Coruña, uno en Santiago y uno en Vigo». Non di nada do xulgado de Lugo —documento oficial, saída de rexistro do 28 de febreiro de 2019—.

Señor vicepresidente, ¿pode vostede dicirnos o que sabe oficialmente do xulgado do social de Santiago...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e do xulgado do social de Lugo? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Pois, señora Prado, a Xunta de Galicia sabe oficialmente o que está nos papeis que lle mandou o Ministerio de Xustiza: que non se vai crear un xulgado do social nin en Santiago nin en Lugo. Iso é o que nos mandaron, o que viña na comunicación oficial que recibimos — polo menos ata o día de hoxe, e levamos meses xa con este proceso— dende o Ministerio de Xustiza.

É certo —e creo que isto é unha boa demostración de que no Ministerio de Xustiza alguén perdeu os papeis, literalmente tamén— que saían dicindo que non se pediran os xulgados do social en Lugo e Santiago. Despois rectificaron e tiveron que recoñecer que si. Pero este é un síntoma de que non están levando isto do xeito que había que levalo, como se levou ata o de agora —por certo, con diferentes gobernos—, que era dun xeito obxectivo e atendendo as peticións baseadas en criterios obxectivos que se facían dende as comunidades autónomas; polo menos dende a Comunidade Autónoma de Galicia, que sempre o fixo, precisamente para evitar calquera tipo de discusión, de forma que fora baseada en criterios e necesidades obxectivas.

Ten razón vostede. Nós sempre fomos das comunidades autónomas —que, por certo, non foron todas, nin moito menos— que dixemos que de todos os xulgados que se concederan a Galicia aceptaríamos a súa creación. E é certo que a maior parte do custo económico —case a totalidade, non a totalidade pero, dende logo, a parte máis importante— asúmeo a Xunta de Galicia. Reunímonos en comisión mixta cos representantes xudiciais e acordamos, dos xulgados que nos din que nos conceden, cales son os máis prioritarios. E foi o que fixemos agora. O Ministerio, no mes de outubro —o 3 de outubro—, na conferencia sectorial anunciou que se ían crear novos xulgados. Todos lle dixemos que canto antes. Despois tiveron que pasar moi poucos días, naquel momento, para que nos dixeran os xulgados que queríamos. E desde entón pasaron meses sen noticias do Ministerio, ata que no mes de febreiro nos chegou un escrito da Dirección Xeral do Ministerio de Xustiza no que dicía que se creaban xulgados diferentes aos que pediramos de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza, en primeiro lugar. Xa digo, meses sen saber nada desde que mandamos a petición —por



certo, dixemos que, se había máis de tres, máis de tres quereríamos, pero dixeron que só tres—. E encontrámonos en febreiro con que non eran os que pediramos. E desde entón eu creo que xa é coñecida a posición de todo o mundo que ten algún interese —e son moitos os sectores, incluída a sociedade civil— en que se creen eses xulgados.

Coñecemos despois a rectificación que fixo o delegado do Goberno, dous días despois, emendándolle a plana totalmente ao que acababa de dicir a directora xeral do Ministerio de Xustiza. Pero, por certo, teño que dicir que isto foi un teletipo de prensa, e non soubemos nada máis. A día de hoxe, e oficialmente, Santiago segue sen xulgado do social. Non é dos que propón crear o Ministerio. Máis que esa declaración que fixo o delegado do Goberno —non sabemos a quen lle preguntou—, dende logo, o Ministerio de Xustiza non deu razón de que aquilo se fora rectificar. E con Lugo exactamente o mesmo. Coñecemos agora que a alcaldesa de Lugo tivo unha reunión co Ministerio de Xustiza e veu contando que lle ían dar o que xa hai. Se ao final a solución para Lugo é que haxa un xuíz de reforzo, xa o hai, co cal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...ao final a conclusión é que Lugo pode quedar tamén sen xulgado do social. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor vicepresidente, a verdade é que quedamos moito máis preocupados do que estabamos. Vostede estanos dicindo que sobre o papel, oficialmente, o Goberno de España do señor Sánchez non confirma que vaia haber un xulgado do social en Lugo e un xulgado do social en Santiago.

Eu lamento que nesta Cámara se frease, se tirase do freo de man, por parte do Grupo Socialista, que levaba presentando moitísimas iniciativas para pedir novas unidades xudiciais cando gobernaba o Partido Popular no Estado. Agora non se sabe nada, agora hai silencio absoluto.

E o señor Sánchez o que fai é utilizar como teleñeco o delegado do Goberno para que diga o que eles non son capaces de poñer nun papel: que vai haber xulgados onde non os vai haber. Iso, señor vicepresidente, o único que demostra é o desprezo do Goberno de Sánchez a Galicia. (*Murmurios.*) E eses «venres do euromillón», nos que están despilfarrando todos os cartos públicos, ao único que nos van levar é a onde nos levan sempre os gobernos socialistas despois dos gobernos: aos «luns ao sol». Despois dos venres do euromillón o que veñen son os luns ao sol. (*Murmurios.*)

Señorías, nós estamos absolutamente de acordo con que sigan pelexando, señor vicepresidente, por que sexa unha realidade o xulgado do social de Santiago e o xulgado do social de Lugo. Eu e este grupo parlamentario maioritario da Cámara, que respalda o Goberno, pedí-



moslle, señor vicepresidente, que siga insistindo e que lle pida a esa ministra homófoba e machista que polo menos non siga desprezando a Galicia, que non desprece a Galicia, que lle dea a Galicia o que lle corresponde, o que lle piden os galegos e as galegas, e o que lle pide a Comisión Mixta, que representa a todos os xuíces de Galicia, que non son uns calquera, que son os que saben as necesidades reais de Galicia, e que deixen de desprezar a Comisión Mixta, que deixen de desprezar os lucences, que deixen de desprezar os santiagueses e que deixen de desprezar a Galicia. ¡Xa está ben de que o Goberno de Pedro Sánchez desprece a Galicia cada día dende que iniciou ese Goberno nefasto que nada lle está dando a Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e que é o peor goberno de España para os intereses de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta por parte do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Si, grazas, presidente.

Pois, señora Prado, por resumir a situación, é certo que non hai moito máis que dicir respecto disto no que estamos. Oxalá que isto se puidera desatascar. *(Murmurios.)*

Do Ministerio non sabemos nada, a nivel de convocatoria dunha conferencia sectorial, de contactos entre o Ministerio e as comunidades autónomas, dende o 3 de outubro. Foi a única vez que tivemos unha reunión. Díxosenos que se nos convocaría en pouco tempo e xa van alá seis meses, ningunha noticia máis. En medio pasou isto que lle dicía na miña primeira intervención: moita urxencia para que dixeramos que xulgados eran necesarios, e, a partir de aí, a nada.

Os xulgados xa poderían estar creados dende o 1 de xaneiro, xa poderían estar funcionando. A Xunta tiña consignación orzamentaria para, se entre outubro e decembro se atenderan as peticións que faciamos, preparalo todo e que estivesen funcionando. Dígoo porque —segundo dicía a alcaldesa de Lugo— lle transmitiron o outro día do Ministerio que había moita urxencia en poñer en funcionamento eses xulgados. Pois eu pregunto que onde está esa urxencia, cando levamos seis meses sen ningún coñecemento máis que saber que se desautoriza a petición que fai a Xunta de Galicia e —recórdo, é importante— o poder xudicial en Galicia.

A día de hoxe —insisto—, salvo unha declaración, un canutazo que fixo o delegado do Goberno desmentindo, e emendándolle a plana absolutamente, o que dixera o Ministerio dous días antes —iso tamén fala ben ás claras do rigor co que se fan as propostas ou as contra-propostas dende o Goberno de España—, nada sabemos. Xa vai alá un mes e non hai ningunha comunicación —oxalá que chegue— para dicir que, efectivamente, se vai dar un xulgado do social a Santiago, que foi o que pedimos. Pero vai un mes, e desa suposta ur-



xencia e desa suposta rectificación á que o delegado do Goberno obrigou ao Ministerio de Xustiza, non sabemos absolutamente nada. Creo que isto é importante dicilo porque se deu como feito. E vai un mes —oxalá que se confirme— e non sabemos absolutamente nada.

Dende logo, respecto do xulgado do social de Lugo, se o que se vai conceder finalmente é o que manifestou a alcaldesa de Lugo que lle dixeron que ían ter na reunión que dixo que tivera —nós tampouco temos ningún coñecemento, e iso que somos os responsables, os competentes e os que terían que pagar e asumir os custos económicos da decisión que se tome—, non sabemos absolutamente nada. Respecto institucional, a tope —tamén hai que dicilo—. Nada, absolutamente, sabemos, máis que o que dixo a alcaldesa de Lugo de que lle conceden un xuíz de reforzo —que, insisto, xa existe, xa está en Lugo— e tres funcionarios de reforzo, como moitísimos funcionarios de reforzo que paga a Xunta de Galicia. Iso é o mesmo que dicir que Lugo queda sen xulgado do social. Se esa é a solución durante un ano —como, por certo, lle dixeron—, como parche, iso e non ter xulgado do social é exactamente o mesmo.

Polo tanto, eu espero que o Ministerio rectifique, que non o teña que rectificar outra vez o delegado do Goberno. E, se o rectifica, que o rectifique pronto. En definitiva, que sexan rigorosos e que, canto antes, se poñan a funcionar eses xulgados. Nós dixemos tres xulgados como prioritarios, os tres do social; con dous deles non nos fixeron caso. Estamos neste saínete e, desde ese momento, pasan os meses. E a xente que está esperando para que se axilien os seus casos ve como non se poden crear. Dende logo, non é pola Xunta de Galicia, que ten a consignación orzamentaria dende o primeiro día.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E estas rectificacións entre o Ministerio e os socialistas en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...eu pido que acaben...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e que teñamos seguridade sobre a xustiza galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.*)



Primeiro, quería dicir eu unha cousa, se non lle importa. Non me gustan determinadas linguaxes que se utilizan. Eu, claro, véxome nunha tesitura moi complexa á hora de retirar, porque non os podo considerar insulto. Non, non, claro, é moi difícil. Os deputados teñen liberdade para dicir determinadas cousas, e eu pediríalles que vostedes saiban utilizar esa liberdade. *(Murmurios.)* Por exemplo, considerar que metaforicamente se poida dicir que un señor é un teleñeco iso non o podo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non o podo considerar unha linguaxe... Non me gusta esa linguaxe, non me gusta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, estou falando eu, aínda estou falando eu. *(Fortes murmurios.)* ¡Aínda estou falando! Señora Vilán, eu o que lle pido, por favor, é que nos comportemos todos. Non me gusta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pídllelo a todos, señora Prado, a todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vamos facelo con normalidade. A min non me gusta, pero determinadas expresións, como comprenderán, forman parte da linguaxe dos señores deputados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

Si, eu déixolle o seu turno.

Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora VILÁN LORENZO: Pídlle á señora deputada do Partido Popular que retire os adxectivos «teleñeco», «homófoba» e «machista». *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Porque máis homófobo e machista que recorrer ante o Tribunal Constitucional a Lei de matrimonio homosexual non hai nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Vai retiralo? Non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, perdón, un momentíño. Por favor, non compliquemos o debate, non compliquemos o debate.

Non, non. Eu voulle preguntar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* Por favor, señor Pazos. Señor Pazos, por favor, silencio.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)



Señora Prado, vostede ¿para que quere a palabra? ¿Vai retirar esas expresións?

A señora PRADO DEL RÍO: Señor presidente, eu dixen que o señor Pedro Sánchez utiliza coma un teleñeco o señor delegado do Goberno, non dixen que fora un teleñeco, punto un. Punto dous..., (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: É unha matización. (*Fortes murmurios.*)

¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: ...que a señora que nos chama «o Partido Popular de Epi e Blas» (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) veña darnos leccións e que fale hoxe do «coello de Alicia no país das marabillas» e que teñan a mandíbula de cristal, señor presidente..., (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está, silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: ...a verdade é que sorprende moito...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas. (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)

Terminou o tempo. Grazas, xa está.

Por favor, compórtense todos. ¿Que queren que lles diga? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Terminou.

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Imos ao debate acumulado de dúas interpelacións.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención primaria da saúde

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



A ver se nos tranquilizamos todas e todos.

Bo día, señor Almuíña, creo que hoxe vostede debe de estar contento de que o interpelemos e poida explicar aquí ou desmentir o señor presidente sobre o que trasladou esta mañá. Porque, sinceramente, eu estaba escoitando dende a Mesa do Parlamento e estábame dando vergoña escoitar como se atacaban os profesionais da atención primaria — neste caso, en referencia a ese tratamento ou a esa consideración que se lles deu por esa recepción dun premio aos xefes e ás xefas de servizo de atención primaria en Vigo—. O desprezo que rezuman as palabras que se trasladaron aquí non teñen nin sequera, eu creo, cabida neste ámbito que é o que estamos a vivir, o de campaña electoral, e que entendemos que vai ser o habitual dentro dos debates.

Pero xa non é a primeira vez que se despreza os profesionais de atención primaria por parte do presidente da Xunta de Galicia, porque, como non todo o mundo pensa igual ca el, desgraciadamente pois vemos como hai que desacreditar os profesionais. De feito, hoxe traémolo para interpelalo por unha cuestión da que é coñecedor non só vostede, senón todas as deputadas e deputados. Só hai que escoitar as palabras das últimas semanas, dos últimos días, dicindo que só queren defender a atención primaria e a sanidade pública aqueles e aquelas que asinan acordos coa Xunta de Galicia. Todas as demais que non estamos de acordo, que non están de acordo, que teñen críticas e que consideran —que consideramos— que o que están a facer vostedes é unha medida de disuasión das mobilizacións, un intento de disuasión das mobilizacións, e non propostas reais, segundo o presidente da Xunta de Galicia non merecen a consideración de dicir que están defendendo a sanidade pública. Ese é un desprezo enorme a milleiros de profesionais do sistema sanitario público deste país. Ten vostede unha moi boa oportunidade para, dende logo, contradicir e desmentir as palabras do señor presidente Núñez Feijóo.

E, mire, hoxe traémolo aquí porque, desgraciadamente, na súa comparecencia do anterior pleno vostede non despexou aquí asuntos chave — polo menos para nós, e eu creo que para a maior parte dos profesionais —, como é o orzamento dedicado a esas propostas de melloras que vostedes din que teñen sobre a mesa e que están a negociar coas profesionais e cos profesionais. Hoxe queremos que nos responda, clara e meridianamente, cal é a porcentaxe orzamentaria que pensa incrementar a Xunta de Galicia para levar a cabo as medidas a medio, a curto e a longo prazo que se expoñen nesa proposta de plan que vostedes trasladan. Entre outras cousas, señor Almuíña, porque, como xa lle dixemos na comparecencia do pasado pleno, eses 8 millóns de euros que vostedes anuncian anualmente, en dúas anualidades, en reparación de centros de saúde non serven, obviamente, para poñer profesionais, non están dedicados ao capítulo I. Así que, por favor, vostede debería contestar cal é esa porcentaxe. E, se fai o favor, trasládenos tamén de onde sae ese importe, en que capítulo vai dedicado e se se vai incrementar o capítulo I. Porque vostedes non están a atender o fundamental que piden o groso dos profesionais, que é incremento de persoal.

Ese acordo —que non é un acordo, que xa se lle indicou aquí pola mañá que se está a terxiversar o que se dixo por parte dos profesionais nunha mesa na que se reunían vostedes para tratar un punto tan importante como a mellora da atención primaria— é absolutamente insuficiente. E xa se lles indicou aquí —e témolo comentado moitas veces— que profesionais



hai. O tema é que hai que sacar esas prazas á oferta pública, a concurso, que hai profesionais de sobra, e que non atenden vostedes a maioría das categorías profesionais. Ese é un problema e vostedes non están a cumprir.

Esta mañá outra das cousas que trasladaba o presidente da Xunta era que estaban de acordo cunha gran parte das medidas que propuñan os traballadores e traballadoras dos puntos de atención continuada. Eu quero dicir aquí que é un insulto que este señor diga aquí na Cámara que está de acordo cuns profesionais aos que ninguén lles está facendo caso en absoluto. Vostedes levantáronse, racharon a negociación, porque non están negociando co comité de folga dos puntos de atención continuada. E hoxe os traballadores e as traballadoras víanse abocados unha vez máis a tomar unha medida para chamar a atención da necesidade de que vostedes se senten, porque hai unha folga dende hai meses e vostedes non están negociando. Eses traballadores e esas traballadoras hoxe abandonaron as súas poucas horas libres para ir camiñando ata a Consellería de Sanidade para dicirlle a vostede que ten que atender as peticións das e dos profesionais, que non se pode traballar sen persoal e que segue habendo descubertos nos puntos de atención continuada.

Cando un quere chegar a un acordo, séntase a negociar. E con quen teñen que sentarse a negociar é co comité de folga. Hai unha folga, hai un comité de folga, e vostedes están desprezando eses profesionais. Esa é a forma de negociar. Evidentemente, todos os acordos cun comité de folga —e non creo que teña que explicalo eu aquí— despois trasládanse, no caso da Administración pública, á mesa onde están representados a globalidade dos sindicatos. Pero vostedes teñen que sentarse co comité de folga porque hai unha folga e non se están atendendo as demandas de incremento de persoal. E xa no anterior pleno denunciámos aquí a continua existencia de descubertos, dentro dos puntos de atención continuada, das profesionais e dos profesionais que fan mover —por parte das xerencias dos hospitais e por parte da Consellería de Sanidade— dun centro a outro deixando a poboación indefensa ante a ausencia de persoal suficiente. E volvemos recordar aquí os problemas, o que aconteceu no PAC da Estrada, a situación que vimos denunciando dende moito antes, pero, sobre todo, dende entón, do risco que hai cando non hai persoal suficiente.

Esta mañá dicíanme, trasladábanme os profesionais, que lle dixeramos que estaban indignadas porque non se están sentando vostedes a negociar, e as propostas que din que lles aceptan da negociación non teñen nin que negociarse. Porque que vostedes digan que lles van pagar unha dieta aos profesionais é que non é negociable. Os que estamos aquí cobramos dietas de transporte, dietas para manutención. ¿Como non lle van pagar a dieta ao persoal da sanidade pública, as dietas aos profesionais que fan gardas e ás que, polo tanto, teñen dereito? É que iso non debería nin sequera estar negociándose, é un insulto. Dixéronnos que, por favor, lle lembráramos que a súa seguridade non se negocia, e que vostedes digan que van aceptar medidas como que dentro das ambulancias poidan ir fixas as aparataxes para que non se golpeen durante o transporte é indignante. Porque iso non se debería nin estar a negociar.

Vostedes queren sacar o titular de que aceptan cousas nunha negociación cando nin están negociando nin están, dende logo, adoptando ningunha medida que mellore substancialmente a situación destas persoas e, polo tanto, o servizo que se presta. Porque é evidente



que as leis vostedes teñen que cumprilas. E incúmprense un montón de leis en materia de descansos —que llelo temos trasladado aquí—, incluso de directivas europeas en materia de seguridade dos traballadores e das traballadoras. E, polo tanto, o cumprimento dunha lei non é negociable. Creo que non teño que ser eu nin sequera quen llo lembre, porque vostede é conselleiro de Sanidade. E iso é o único que vostedes din que lle están a aceptar ao persoal dos puntos de atención continuada. Seguimos na mesma situación.

Eu dende aquí quero trasladarlles o noso apoio, porque verdadeiramente é moi difícil manter unha folga con este desprezo durante tantísimos meses. Evidentemente —dicíao o señor Feijóo pola mañá—, claro que os servizos son do cen por cento, os servizos mínimos. O problema é que o resto do tempo o persoal está en servizos mínimos ou menos, porque non se cumpren en moitos casos cos mínimos requiridos para dar unha atención sanitaria correcta. E iso non aparece na súa proposta de atención primaria, nese papel que eu lle dicía na anterior comparecencia que non ten orzamento asociado. E volvemos preguntarlle por ese orzamento, señor Almuíña, porque seguimos na mesma situación. E non é circunstancial que teñamos unha proposta de folga convocada para os días 9, 10 e 11. Evidentemente, hai que concretala e materializada a través dos representantes sindicais. Pero iso está sendo así, os traballadores queren facer folga, van facer folga, porque vostedes non cumpren cos mínimos que están solicitando en materia de incremento de profesionais.

E eu creo que é histórico, en ningún lugar acontece, que os profesionais se manifesten e vaian a unha folgan, ou propoñan unha folga, non para defender melloras persoais senón para pedir, por favor, que non os deixen tirados sen persoal suficiente, porque o que está en xogo é tamén a atención sanitaria e, polo tanto, os dereitos das galegas e dos galegos. Esta situación segue sen resolverse e o que vostedes propoñen nese plan é absolutamente vacuo, non ten concreción ningunha e é insuficiente o que vostedes presentan. Están ofrecendo unha serie de cousas sen que exista orzamento suficiente para levalas a cabo. Díxeno na anterior comparecencia e hai que lembralo: nós e o resto de grupos fixemos emendas aos orzamentos, que non se aceptaron, para incrementar tamén os capítulos dedicados ao persoal sanitario público. Non sabemos por que non aceptan nunca esas emendas. E agora mesmo temos uns orzamentos exiguos en materia de persoal sanitario que non dan para dotar prazas se vostedes non modifican eses orzamentos. E, polo tanto, vostede debería contestar esa pregunta.

Tamén nos gustaría que nos dixera se iso que propoñen lle parece suficiente, se ese aumento de prazas lle parece suficiente. Tamén nos gustaría que nos dixera, respecto das competencias de enfermería, se vostedes van poñer máis medios para o colectivo enfermeiro. Díxenllo a anterior vez. Reúnense uns señores nunha sala e deciden entre eles que é o que imos facer a profesión enfermeira. Retrotráennos en moitas ocasións á década dos anos oitenta e, dende logo, o que non hai é o incremento dos profesionais previsto. Non sobre as prazas que están sen consolidar —e vou rematar xa, que non me queda tempo—, senón sobre as necesidades reais do servizo. Lémbrolle aquí o número de prazas, o máis dun milleiro de prazas, que vostedes destruíron en persoal sanitario nos últimos dez anos neste país. E rétoo unha vez máis —porque vostede nunca o traslada— a que nos diga de onde saen os datos de persoal que manexan, cal é a fonte, onde está a cifra, como a calculan, e que nos traslade a fórmula da Coca-Cola, se é que existe, que vostedes utilizan para dar o número de profesionais...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...da sanidade pública. Porque non son reais, temos máis dun milleiro menos e vostedes non contemplan nada no Plan de atención primaria para substituílos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Agora imos saudar os alumnos e alumnas do Centro Tomás Terrón Mendaña, de Carballeda de Valdeorras, e tamén os profesores que os acompañan. Son alumnos de 1º e 2º da ESO.

Benvidos ao Parlamento, e tamén as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, e bo día tamén aos nosos convidados e convidadas hoxe.

Señor conselleiro, bo día. Vostede chega hoxe —permítame que llo diga— arrastrado a este Parlamento, como ultimamente vén sempre. Por vontade propia practicamente non comparece salvo que llo pidamos. E hoxe vai poder responder a esta interpelación. No último pleno veu despois de que lle pedimos a comparecencia. Fixo esa pequena trampa, a de: «Ben, agora tamén a pido eu». E, como non puido anunciar o que cría que ía poder anunciar, mañá comparece o xerente do Sergas en comisión a ver se el o pode anunciar ou non. Creo que aínda non poden anunciar moitas cousas. Pero vostede en realidade ten esa vontade de regatear este Parlamento. En xeral, vostede trata de dar unha imaxe cara a fóra, pero non son quen de resolver dentro. E esa é a nosa preocupación. Están máis preocupados por vender que por solucionar, e iso pois, a verdade, é problemático.

Mire, é un debate estraño o de discutir se hai actas ou acordos sobre as cousas. Eu creo que, cando hai un acordo, as partes que asinan un suposto acordo recoñecen ese acordo como tal. E, salvo a Consellería, ninguén dos que subscribe ese supostísimo acordo o acepta como tal. Polo tanto, eu, cando chego a un acordo con alguén, se o outro non o recoñece como un acordo, é difícil... Se vostede vai á páxina dun colexio médico, á páxina *web*, para acceder a ese documento o título é claro: Acta da xuntanza do 20 de marzo. Pero, en definitiva, non imos entrar nun debate lingüístico. Eu o que plantexo é que, se unha das partes que subscribe un documento non o recoñece como un acordo, malo.

Pero vostedes debaten que si, que se é unha acta, que se é un acordo... Están máis preocupados da imaxe. Vostedes incluso, para axustar a imaxe, trouxeron aquí a colación o consejero vasco, que fixo unhas declaracións. E, de toda a intervención que fixo, extraéronlle aí unha parte pequena que puxo moi ben as accións da Consellería. Xa lembra, xa sabe —eu dígollo constantemente—, que a nosa posición é que cremos que vostede debeu dimitir hai tempo. Pero vostede, para defender a súa posición, invocou o consejero vasco. Ao día seguinte de facelo, cesárono. A vostede hai que recoñecerlle certa capacidade política, non só



non dimite vostede senón que fixo dimitir o consejero doutro lugar só por vir aquí para falar ben da súa xestión. Veu aquí, falou ben de vostede e, ao día seguinte, cesárono. Cada vez que lle facemos nós unha crítica, están temblando todos os consejeros de saúde de todas as comunidades autónomas de Galicia, porque non vaia ser que cite algún. A verdade, señor conselleiro, hai que recoñecerlle capacidade, niso vai... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Coa andaluza non tivo nada que ver? Non, houbo unhas eleccións. Non se preocupe, xa verá. Vai desfrutar dentro dun mes do poder das eleccións e do voto, vai desfrutar dentro dun mes, non se preocupe. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, vostedes teñen ese problema de que teñen ese debate entre a imaxe e tal... Mire, lémbrolle que, cando dimitiron os xefes de servizo da área de Vigo, vostedes dixeron que faltaban á verdade. Hai non moito suplicábanlles para que non se foran dunha xuntanza. Lémbrolle a vostede que, cando hai mobilizacións cidadás, vostedes din que a xente vai ás mobilizacións porque lle poñen bus e bocadillos. Dá a sensación de que ou hai moitos bocadillos ou hai moitas ganas de mobilizarse porque a percepción da sanidade é mala.

Están vostedes en campaña electoral e disparan contra o Ministerio. É un ministerio implicado en resolver, e vostedes están máis interesados en ser escapistas, en ver se lle botan a culpa a alguén. Vostedes están máis preocupados por facer unha foto dicindo que resolven que por resolver. E, a verdade, vostede agora atopou, é certo, esa bondade de ter un ministerio ao que disparar. Eu preguntome, sobre calquera das preguntas que se fai vostede retoricamente en público sobre o Ministerio, que ocorrería se a fixera sobre Dolors Monserrat ou sobre o que fixo Alfonso Alonso ou sobre o que fixo Ana Mato —sete anos de consejeros, ministros neste caso, de Sanidade do Partido Popular—. Vostedes non abriron a boca. En sete meses de goberno de Pedro Sánchez vostedes xa encontraron a quen botarlle a culpa —sete anos por sete meses—.

Sinceramente, hai un ministerio que os está sobrepasando un pouco por riba nas medidas. Vostedes propoñen un contrato dun ano, o Ministerio propón dous. *(Risos.)* É unha risa un pouco macabra. Xa sei que o da estabilidade... É que vostedes consideran estabilidade un contrato dun ano. Dous parécelles... ¡Que louco o Ministerio contratando médicos por dous anos!, ¡que cousa máis horripilante! Xa sei que lles produce broma; aos médicos, ningunha, aos médicos, ningunha, non vaia ser. Dígollo porque, rirse de que contraten médicos... Tampouco é para tanto, señor conselleiro. Xa sei que vostedes desfrutan coas folgas dos médicos, desfrutan vendo que os médicos perden dereitos e explotando. ¡Xa sei!, pero tampouco o evidencie de tal maneira, tampouco o evidencie de tal maneira.

Están vostedes certamente un pouco nerviosos, pero non utilicen isto como unha arma electoral. Sexan quen de debater, sexan quen de propoñer. Porque vostedes despois van xunto ao Ministerio e alí non din o que din en público, porque é mentira. Vai alí pedir esas convocatorias extraordinarias de MIR cando en realidade vostede recoñece —como ten que recoñecer aquí— que é un problema de acreditacións da Consellería, ¡da Consellería! Quiñentas acreditacións en toda España paralizadas polo Goberno do Partido Popular —en Galicia, non solicitadas algunhas delas—. É máis, con vostede perdemos acreditacións en medicina familiar, señor conselleiro, perdemos acreditacións. E agora pídenlle que en sete meses re-



solva. Por certo que o Ministerio resolveu, que convocou un MIR cun 5 % máis de prazas no último convocado; que vai convocar —o próximo— o MIR máis grande da historia. E sábeno. Sen embargo, vostedes están buscando a quen botarlle a culpa.

Ten vostede un problema en atención primaria, e teno porque non son quen de resolvelo. Acordáronse agora de que había un problema, ¡agora! Xa llo comentaba no anterior pleno, señor conselleiro: a xente, cando se xubila, xubíbase normalmente en torno á mesma idade, e todo o mundo cumpre anos un ano cada ano. Era moi posible prever o «bum» de xubilacións dende hai tempo. Vostedes empezan agora a tomar decisións —aínda así, timidamente—.

Xa vai ter outro problema: vanse xubilar en boa medida un bo número de titores MIR. ¿Están facendo algo para resolvelo? Non. Porque unha das reivindicacións que lles plantexan os médicos é que hai que incentivar moito máis a presenza de titores, que agora non teñen en realidade máis incentivo que unha vontade forte de traballar para que o sistema teña continuidade. Pero están vostedes depositando a bondade do sistema en que os profesionais queren o sistema. Vostedes, non; pero os profesionais, si. E están vostedes depositando niso toda a bondade. Imos ter un problema de titores dos Mir. Imos ter, seguro, seguro, un problema de xubilacións nestes próximos anos, que está empezando xa. Vostedes están descubriendo agora que a xente se fai maior. Pois, mire, todos, máis ou menos, como lle digo, un ano cada ano, aproximadamente. Algúns facémonos máis, porque crecemos máis rápido.

Pero, en todo caso, vostede ten ese problema, esa realidade, e están agora comezando a buscar xa non solucións senón a quen botarlle a culpa. Están os xefes de servizo da área de Vigo de primaria dimitidos. Aínda non sabemos, señor conselleiro, se vostede ten algunha planificación do que facer máis que pedirllas por favor que non se vaian, ou dicir que non lles van aceptar a dimisión.

Seguen os PAC exixindo cousas —como xa foi dito aquí pola voceira de En Marea— que non deberían ser nin negociables, que deberían ser asumidas. Sorprende que teñamos que estar hoxe en día aceptando como acordos e como forte capacidade negociadora que se avance en cousas que é incomprendible que non estean avanzadas xa —e xa houbo aquí algúns exemplos—.

Vostedes alimentan conflitos entre colectivos, reúnense cos enfermeiros e dinlles que lles van facer todo o caso e que van poñer direccións de enfermería. Reúnense cos médicos e dinlles aos médicos: Non, tranquilos, non lles imos poñer direccións de enfermería aos enfermeiros. Pero logo os enfermeiros din: Chegamos a un acordo para isto. E os médicos din: Non, nós chegamos a un acordo para o contrario. E vostedes bótanlles a culpa a eles. Bueno, ou a Touriño, ao que tamén lles gusta botarlle a culpa, ou a Zapatero. Ten vostede para botarlle a culpa un montón de xente. Pero non son capaces vostedes de xuntar todos os colectivos e de chegar a acordos con todos, porque non teñen esa capacidade negociadora. Vostedes —xa llo dixen na última comparecencia— teñen un problema, pero é natural e é lexítimo. Vostedes tiñan un modelo, unha intención coa sanidade pública. E, por certo, estivemos a escoitar ao señor Feijóo dicir que «entre o PP e o PSOE estivemos construíndo...» Non, non, vostedes, cando tiveron leis para votar a favor, votaron en contra, en contra sempre, (*Aplausos.*) a lei de 2008 en Galicia e a lei do 86 en España. ¡En contra! Se fora polo PP,



non estabamos como estamos. Vostedes non suban a este carro, e menos o señor Feijóo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, e menos o señor Feijóo, si; e menos o señor Feijóo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Continúe, señor torrado.

¡Silencio, por favor!

O señor TORRADO QUINTELA: Vouno explicar. Eu non teño o suficiente ego aínda, como o señor Feijóo, para crer que eu construí o Sergas. Pero si pertenzo a un partido que votou a favor da sanidade pública. E vostede, señor Puy, non. *(Aplausos.)* *(Fortes murmurios.)*

E eu lamento que vostede teña que arrastrar esa débeda persoal e moral con ese partido. Pero vostede ten un problema, pertence a un partido que votou en contra da sanidade pública. Así que, se non lle importa, vou seguir falando. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Continúe, señor Torrado.

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señor Puy! ¡Silencio!

Non dialoguen. Continúe a súa exposición. *(Murmurios.)*

O señor TORRADO QUINTELA: O indio, papanatas, teleñecos... A verdade é que está a cousa complicada. *(Murmurios.)*

Señor conselleiro, plantexáballe, como lle plantexei na anterior comparecencia, que vostedes teñen un modelo que fracasou, que é lexítimo. Vostedes defendían ese modelo, fracasou e agora queren regatear e intentar defender outro modelo cunhas modificacións que son basicamente, en inicio, intentar recuperar cousas que vostedes tiraron abaixo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Nós o que plantexamos e que é imposible defender agora un modelo contrario ao que defendían. Ese inicio non pode ser un punto final. Debe ser unha continuidade real ata un modelo novo, que vostedes non están agora mesmo dispostos a facer.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: E deberíamos cambiar a dirección da Consellería, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores parlamentarios.

Tamén dou a benvida aos alumnos, alumnas e profesores do Colexio Tomás Terrón, de Carballeda de Valdeorras. Benvidos.

Antes de nada, quixera facer unha precisión. Porque falar de xente que non está no hemiciclo creo que non é, polo menos, educado. Pero eu creo que a señora Solla non entendeu as palabras do presidente. O presidente para nada despreza os profesionais, nunca os desprezou. Coñéceos ben porque traballou moitos anos no Sergas e no Insalud e sabe perfectamente os magníficos profesionais que temos na sanidade pública de Galicia e tamén de España. Polo tanto, non é o comentario do presidente. O presidente o que dixo foi que uns premios foron utilizados, e que se utiliza a sanidade. En Vigo ocorre moi frecuentemente utilizar a sanidade como arma política, desgraciadamente. En vez de axudar sempre se utiliza. Cada un dos xefes de servizo que dimitiron en Vigo teñen a valía profesional para recibir ese premio ou calquera outro. Pero a razón política de darlles ese premio por parte de quen llelo deu, o alcalde de Vigo, foi ter unha reclamación ante a Xunta de Galicia, non pola valía profesional deles e de todos os profesionais que traballan na área de Vigo, ou en calquera outra área de Galicia. Esa é a diferenza. O que pasa é que ás veces nos despistamos co twitter. Ao mesmo tempo que estamos no Parlamento estamos utilizando o twitter e seguramente non escoitamos ben o que hai que escoitar.

O 12 de marzo comparecín neste Parlamento para informar do novo modelo de atención primaria. E nesa comparecencia fixen primeiro unha análise da situación aportando datos. Porque para poder avanzar no deseño deste novo modelo faise imprescindible coñecer ben a realidade e contar coa información necesaria. Dispoñemos dunha atención primaria magnífica. Onte xa o dicía unha persoa, Jordi Varela, que é un médico de familia cunha ampla traxectoria en Cataluña. Dicía que temos unha moi boa sanidade pública en España —e a atención primaria en concreto—. E, ademais, moi ben valorada polos cidadáns, que é algo que ás veces olvidamos. A mellor valorada de todas as accións das actividades sanitarias en España é a atención primaria. Pero nos últimos anos, debido eu creo que ás tensións derivadas da falta de profesionais para facer esa cobertura de substitucións dos compañeiros que están traballando, pois hai, digamos, desaxustes que o modelo ten para poder facer o cambio.

E ante iso, desde hai xa tres anos, tomamos medidas, empezamos a tomar medidas. Fomos dos primeiros servizos de saúde de España que empezaron a tomar medidas; medidas como



foi a flexibilización da idade de xubilación, e que puideran elixir voluntariamente os que quixeran continuar connosco —e así o fixeron un número importante de profesionais—; tamén o plan de estabilización, acordado coa maioría dos sindicatos; tamén aumentamos as prazas MIR de familia para poder formar máis profesionais; tamén a carreira profesional ordinaria se puxo en marcha, e este ano é o primeiro que ten unha repercusión directa para os profesionais; tamén o concurso aberto e permanente; tamén as OPE anuais, que en Galicia se foron facendo ano a ano, levando o máximo —como dixo o presidente esta mañá— de cobertura, desde logo, e de posibilidades da lei —que a crise que tivo España obrigou a limitar a contratación de persoal, e nós levámolo sempre ao máximo—; e tamén a creación das categorías profesionais de especialistas en enfermería, tanto en medicina de familia como en pediatría, no que tamén fomos pioneiros —neste momento hai prazas xa despregadas polo territorio galego—.

Desde decembro dixemos que todas estas medidas que tomamos non chegan, non son suficientes. E, polo tanto, imos seguir tomando medidas, e para iso queremos convocar, en grupos de mellora, profesionais de todas as categorías profesionais que forman o gran equipo da atención primaria. Porque a atención primaria non son só os médicos e as enfermeiras, senón un gran equipo no que están dez categorías profesionais traballando para nós todos os días.

E iniciamos en decembro un cronograma intenso para tratar de chegar, como dicíamos, a febreiro cun primeiro borrador. E a día de hoxe seguimos traballando nel. Todas estas semanas estivemos traballando, e seguimos facendo modificacións para que o modelo sexa o mellor posible. E para iso necesitamos as incorporacións de todos eles.

Presentouse este modelo, este primeiro borrador, como dicía, o 20 de febreiro. Estiveron invitados a participar as sociedades científicas, os colexios profesionais, solicitouse tamén representantes a cada categoría profesional das áreas sanitarias de Galicia para que houbera unha cobertura. Pregúntannos quen forman os grupos de mellora. Os grupos de mellora fórmanos os profesionais da sanidade galega. E, ademais, todas as iniciativas —empezaron sendo 175 e neste momento son 183—, todas e cada unha delas, foron feitas polos profesionais que estiveron implicados. Pero non só non chega isto, esta representación importante que son os profesionais, senón que tamén convocamos os cidadáns. Fixéronse —por primeira vez, seguramente, nun ámbito e nunha modificación tan importante coma esta— enquisas enviadas a través da páxina *web* da Consellería, onde a cidadanía —4.549 persoas— contestou sobre cales son para ela as necesidades que ten o futuro da atención primaria.

O que nos pedían os profesionais era sempre máis tempo para poder atender os pacientes. É lóxico, é unha petición razoable, e por iso estamos traballando para tratar de coordinar.

Estas iniciativas van na liña de crear unha filosofía de traballo en equipo: o equipo de cabeceira, o equipo de atención primaria, equipos fortes, desenrolados e, desde logo, con iniciativas propostas por eles. A Consellería, ademais, vai realizar o importante esforzo de incrementar os recursos humanos. Claro que isto vai levar un incremento de recursos humanos, si, claro que si. E así está establecido. E, de feito, ese acordo que tivemos hai uns días coas diferentes sociedades científicas, as tres grandes sociedades científicas médicas e



tamén o Consello de Colexios Médicos, fala de prazas concretas de médicos para os próximos dous anos.

O aumento de prazas debe contribuír a que os profesionais, como dixo esta mañá o presidente, teñan máis tempo para dedicar aos pacientes. Pero esta non é a única medida contemplada no modelo da atención primaria. Hai outras salientables, como a reordenación do traballo dentro dos equipos de atención primaria. Os equipos están compostos por diferentes categorías, ata dez categorías diferentes. Contamos, ademais, con instrumentos como as novas tecnoloxías, que nos permiten acercarnos máis ao cidadán e prestar servizos de maneira máis accesible, como a plataforma Telea, que facilita o seguimento das persoas con enfermidades crónicas; tamén a través do Conecta 72 realizamos o seguimento das persoas dadas de alta nos hospitais; e a consulta telefónica proporciona unha accesibilidade óptima para solucionar algunhas cuestións sen que as persoas teñan que desprazarse. O Telea parte dun proxecto de innovación a nivel europeo, con fondos europeos, porque Europa sabe que nos próximos anos a realidade que temos neste momento en Galicia pode ser igual en cada unha das rexións da Unión Europea. E, polo tanto, Galicia está servindo de modelo, porque ten unha medicina avanzada e porque está utilizando tamén as novas tecnoloxías.

No tocante ás prazas de médico de familia, hai que salientar que no ano 2018 traballaban en atención primaria 2.566 profesionais —164 máis que no ano 2008—, e que o 96 % deles teñen un contrato estable. Pese a isto, dicimos que temos máis profesionais traballando e temos, desgraciadamente, menos poboación, pero si é certo que unha poboación máis envellecida. A ratio pacientes/médico en Galicia está en sexto lugar de toda España. Indica que imos traballando na boa dirección.

Ademais, na oferta pública de emprego para este ano 2019, aprobada no Consello da Xunta o 28 de febreiro, convocamos 200 prazas de médicos de familia e 35 de pediatría, que, sumadas á oferta de 2018, farán un total, na próxima convocatoria de exames, de 254 médicos de familia e 93 pediatras.

Por outra parte, como dicía antes, tamén apostamos pola enfermería especialista —somos pioneiros a Comunidade Autónoma de Galicia—, especialista en medicina de familia e comunitaria e en pediatría. De feito, como dicía, somos pioneiros. E na OPE incluímos xa 28 prazas máis, 20 profesionais na especialidade de enfermería familiar no 2019 e 8 en enfermería pediátrica.

En concreto, polo que respecta á pediatría, neste momento en Galicia hai desigual distribución de nenos nas cidades e no medio rural —sobre todo no interior—, polo que haberá que artellar fórmulas que permitan a accesibilidade e a continuidade asistencial pediátrica e unha repartición máis equitativa das cargas de traballo. Temos traído aquí a este Parlamento que de media estamos sobre as 900 TIS de nenos por pediatra, por debaixo da media nacional, que está arredor das 1.100. Pero hai áreas de Galicia, comarcas de Galicia, nas que temos ata 300 nenos por pediatra, unha ratio, desde logo, moitísimo máis baixa que no resto do territorio nacional.

Seguimos apostando por crear prazas xa, efectivamente, e cremos que a cronicidade debe pivotar sobre a enfermería no caso de pacientes crónicos de baixa complexidade. O papel da



enfermería ten que aumentar e, polo tanto, detrás diso virán máis prazas de enfermería. Unha parte será de enfermería especialista, pero outra coa enfermería que temos neste momento, que ten unha experiencia indubidable. E pedimos ao Ministerio que acelere esa acreditación, pola vía extraordinaria, da enfermería de atención primaria, que leva moitos anos traballando e, polo tanto, facendo un magnífico traballo, para que teña tamén esa especialidade e poida estar tamén na creación das novas prazas de especialidade. *(Aplausos.)*

E tamén, se algo facía falta, era que a atención primaria e a atención hospitalaria compartisen e fixesen realidade a continuidade asistencial, que empezou coa integración dunha única historia clínica por cada paciente; un feito do que agora non nos acordamos e que tamén tivo rechazos. A historia clínica electrónica tivo rechazos no seu inicio porque parecía que ía dificultar a relación entre médico e paciente. Hoxe en día, evidentemente, entendemos que isto é indisoluble da práctica clínica. A atención centrada no paciente precisa dun traballo moi coordinado entre profesionais, rompendo a estanquidade, xa que o paciente precisa coidados coordinados, integrais e integrados, e fomos quen de superar esas barreiras e de verdade poñelo no centro do eixe do sistema e tamén mellorar a comunicación entre os profesionais de atención primaria e os dos hospitais; e, polo tanto, voltar ao pasado sería un retroceso.

Respecto das diferentes cuestións que foron reclamadas, estamos traballando nelas. En gran parte, como digo, é case un documento pechado, posiblemente en dúas semanas terémolo pechado definitivamente. Pedíannos os profesionais un orzamento de atención primaria, un compromiso para ter un orzamento específico para o programa de gasto na atención primaria de saúde. O capítulo I xa o tiñamos, e ten unha desviación de incremento —como ocorre no capítulo I en xeral ano tras ano—, pero é independente do capítulo I do hospital.

Por primeira vez imos comprometer un capítulo VI, un plan de necesidades. É a primeira vez que se fai este plan de necesidades. Había un capítulo VI que era simplemente para as obras, para novos centros, e neste momento vaise crear un plan de necesidades, un capítulo VI que está dotado —xa falamos— con 17,3 millóns de euros en dous anos. Como digo, non había plan de necesidades exclusivo para a atención primaria. Vaino ter neste ano e nos seguintes, por unha cantidade importante que vai ir ao tema de equipamento electromédico, mobiliario e informática. E vai ser priorizado, como debe ser, polos xefes de servizo dos centros de saúde.

Tamén cambiamos o organigrama das áreas sanitarias, das EOXI, creando unha dirección de atención primaria con novas funcións específicas só para atención primaria; e que sexa o interlocutor único do xefe de servizo para tratar de dar maior autonomía de xestión aos centros de saúde e que, de forma coordinada, poidan mellorar a súa actividade no día a día.

Tamén, como digo, diminúe a carga asistencial, ese tempo que nos piden. Por iso incrementamos e imos contratar máis médicos. Xa o contrato de interinidade e de continuidade que estamos facendo está funcionando moi ben e vai axudar. E a formación de máis MIR é importante tamén. Este contrato vai facer que poidamos, desde logo, baixar aínda máis esa presión asistencial. E por iso pedimos a convocatoria extraordinaria de MIR para poder ter un maior número de médicos, de médicos que agora saen da facultade de medicina e non teñen saída, para que poidan ter esa especialización.



Tamén estamos por dar resposta aos PAC. Hoxe parece ser que ían deixar unha nova solicitude de reunión cunha proposta nova, que anunciaron cando se foron da mesa nas últimas semanas e desde entón non tivemos noticia. Nós queremos chegar a acordos.

E, como digo, tamén temos aspectos como a zonificación na zona urbana. Estamos traballando niso pero queremos que sexa, desde logo, co maior número posible de acordos. Imos traballando tamén na interconsulta, coa limitación de tempo, e abrindo tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...un canal novo para eles.

E algo estaremos facendo ben cando o Informe Bloomberg sobre os países máis saudables, publicado o pasado febreiro, nos sitúa como o país máis saudable do mundo, cunha puntuación de 92,7 sobre 100. Estamos de acordo en que o sistema sanitario é bo, pero, como todo, é mellorable. Desde logo, o compromiso da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade, é seguir por este camiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Almuíña, o que é unha falta de respecto é que o presidente da Xunta non estea presente neste debate. Iso si é unha falta de respecto, iso si é unha falta de respecto. Vostedes cánsanse de nomear persoas que non están presentes nesta Cámara e veñen dicirnos a nós que non podemos replicar o que nos parece, que dende logo non só é incorrecto senón que ataca os profesionais da sanidade pública.

Vostede foi o que non escoitou ben, ao parecer —segundo o que trasladou aquí nesta tribuna—, porque se dixou, efectivamente, que había outros profesionais aos que darlles esa condecoración ou ese premio. E a nós non nos gusta nada que se traslade aquí o debate das municipais, xa o temos pronunciado en moitos ámbitos. Pero o que nos gusta menos é que se insulte os profesionais da sanidade pública e que se insulte os xefes e xefas de servizo que defenderon que con recortes non se pode traballar. Tan malos non deben ser cando vostedes os manteñen na coordinación; porque, dende logo, vostede non se pronunciou retirándoos desa coordinación. Tan malos e tan malas non deben ser, señor Almuíña, a pesar do que diga o señor presidente. E, por certo, hai unha pregunta na interpelación. Se vostede considera que non se lles falta ao respecto, respóndanos por que non os tiveron en conta á hora de dialogar nese suposto plan que vostedes estiveron facendo. Figura no último lugar desta interpelación, pode lela vostede. Seguro que a ten aí por escrito. Gustaríanos que nos respondera. ¿Por que non tiveron en conta os profesionais que están denunciando a situación que teñen nos seus servizos?



E que vostede veña aquí a dicir que os profesionais de atención primaria dos puntos de atención continuada son os que se levantaron da mesa é, dende logo, unha vergoña. Sinto dicirlllo pero vostede non está á altura da consellería que leva. Trasladarlles aos profesionais, que levan meses cunha folga, sostendo unha folga que é moi difícil, ¡moi difícil!, con gardas obrigatorias, coa imposibilidade de mudar quendas, señor Almuíña, que a responsabilidade é deles, cando queren dende o principio que se chegue a un acordo, é dende logo unha vergoña. Vostede non está á altura deses profesionais, non está á altura dos profesionais da sanidade pública. E sinto trasladarlllo, pero paréceme unha vergoña que os responsabilice. E hoxe, cando falei con elas e con eles antes desta intervención, dicíanme: Non nos fan caso, levántanse da mesa de negociación, non se dirixen a nós, non negociaron ningún punto de incremento de persoal.

Non hai nada do capítulo I. ¿Que nos vén explicar, señor Almuíña? Claro que hai desviacións. Neste pleno estivemos debatendo sobre o Consello de Contas. Vostedes non fan caso, fan caso omiso das consideracións do Consello de Contas. Hai alteracións nos orzamentos de sanidade todos os anos e vén aínda a presumir de orzamento. ¡Por favor! Por unha vez, incrementen o capítulo de persoal de maneira correcta. Digan de onde van sacar os cartos, como van modificar eses orzamentos, e déixenos de falar das reparacións que van facer dos centros de saúde, fale do capítulo I, de persoal. Non vale de nada que vostede pinte nun papel que van poñer non sei que prazas e que é un desexo seu poñer non sei que prazas se non hai orzamento, señor Almuíña. Esa é a realidade, os profesionais queren concreción de cousas reais, medidas reais que lles permitan traballar en mellores condicións. ¡Claro que queren ter máis tempo para os seus doentes! ¿Como non van querer? E para traballar en equipo, señor Almuíña, fai falta incrementar o resto de categorías profesionais. Díganos o que vai facer coa ausencia de matronas en atención primaria, coa ausencia de psicólogos e psicólogas clínicas, coa ausencia de fisioterapeutas. Estamos fartas de traer estas cuestións. Vostedes votan sempre en contra. Non figuran nin na proposta nin nese papel que nos veu traer vostede o día da comparencia, nin nese non-acordo ao que chegaron cos profesionais, neste caso da medicina —que vostedes din que é un acordo—. Eu non vou poñerme a discutir aquí sobre a semántica, pero non están de acordo con vostede en que iso sexa así. Non firmaron nada. Igual que vostedes din que non hai unha folga convocada, non hai nada acordado con ningunha central sindical, señor Almuíña. Hai papel, papel mollado, sen orzamento no capítulo I. Responda, porque é moi importante, e deixe de falar das reparacións dos centros de saúde.

E, por favor, se quere falarnos diso, lembre tamén que recortaron vostedes ese capítulo de reparación, de mellora e de equipamento dos centros de saúde practicamente ata deixalo sen un euro —e non 700.000 euros— na última anualidade. ¡Non me estraña que teñan que incrementalos! Porque hai un montón de centros de saúde con goteiras, con barreiras arquitectónicas ou con aparataxe de hai vinte anos, señor Almuíña. Pero é que iso non resolve o capítulo de persoal.

Temos un problema evidente, grave. Creo que hai que atendelo cun pouco de seriedade, non responsabilizando os profesionais. Vostedes acordáronse tarde, e acordáronse despois de amortizar moitísimas prazas neste sistema de saúde, máis dun milleiro de profesionais sanitarios menos.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Por favor, aproveite a súa quenda de dúplica para explicarnos —porque non o dixó— de onde saca vostede o dato de profesionais. ¡Porque é mentira o dato que dan aquí! Se fora certo, xa tería trasladado de onde sacan ese dato. É mentira, señor Almuíña, responda ás preguntas e póñase de verdade a traballar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

A modo introdutorio direi que non podemos falar do señor Feijóo. Aquí pódesele chamar «teleñeco» ao delegado do Goberno, que non é un membro desta Cámara, pero non podemos falar do señor Feijóo, que non está aquí porque non quere, porque si é deputado. *(Aplausos.)*

Este criterio de que non se pode falar da xente que non está aquí é fantástico. Aquí hai 41 candidatos á alcaldía de Vigo —sistematicamente, segundo van pasando por aquí todos os candidatos á alcaldía de Vigo—, pero non se pode falar da xente que non está aquí —se é do PP, claro—. Especialmente se é do señor Feijóo. Se non está aquí, non se pode mencionar. Eu —xa o comentei algunha vez— creo que as idolatrías persoais empobrecen.

Cita vostede novamente o Informe Bloomberg, unha financeira —boa— que di que o mellor sistema —ese no que di que somos bos— é Hong Kong. O seu modelo sanitario é Hong Kong. Está ben se o comparamos co que me citaba ata o de agora, que era Camerún. De Camerún a Hong Kong é difícil saber se melloramos ou non. Camerún e Hong Kong... A verdade é que non quedo nada tranquilo se ese é o modelo. Non coñezo o modelo sanitario de Camerún en vivo e non podo coñecer o de Hong Kong, pero non creo que sexan os nosos modelos. Para vostede parece que si. E, é certo, están tomando algunhas medidas que van nese sentido: demoler a atención pública, demolela, e a atención privada pois que sexa moito máis potente. Está ben.

Citou, ademais, para soste as súas argumentacións —o outro día citou o consejero vasco, este xa non podemos— a un médico. Creo que é un médico de atención primaria —non lle collín a referencia— de Cataluña. Eu, sendo el, estaría preocupado. Supoño que non o van poder facer dimitir de ningún sitio pero estaría preocupado. E citou ademais... —e isto é sorprendente, a ver se é capaz de darnos a referencia respecto de onde saca os datos, e fíxese que nós lle dicimos moitas veces que vostede trae aquí datos que ninguén ten, que os ten vostede e o Partido Popular pero que non os facilita—. Mire, un informe do Colexio Oficial de Médicos de España di que somos a terceira peor comunidade de España en ratio de médicos por 100.000 habitantes: 448 por cada 100.000 habitantes. A media de España está en 476, e 448 hai en Galicia, a terceira peor comunidade. E vostede acaba de dicir que somos a sexta mellor. Eu, de entrada, non vou desconfiar do seu dato, pero díganos de onde o saca. *(O señor Vázquez Almuíña: Do Ministerio.) ¡Do Ministerio! O Ministerio di que somos a sexta*



mellor na ratio de número de médicos por 100.000 habitantes. Entón haberá que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Por habitante, de médico por habitante. Non vale facer a ratio por 100.000, hai que facela por 10.000, que é a mesma, porque é unha ratio. *(Risos.) (Aplausos.)* As ratios son iguais. *(Aplausos.)* Salvo que para uns collamos por 100.000 e para outros por 50.000. Pero entón non é unha ratio comparable, claro. Porque as ratios teñen esa vantaxe, que son comparables. Se fora en termos absolutos, non. Fanse ratios para comparar. *(Murmurios.) (O señor Torrado Quintela fai unha pausa.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Ás veces hai algún ao que lle encanta escoitar algunhas cousas. Porque é como que o reafirma. Porque, como te definen tamén as túas críticas, tamén é importante que a algún de certa bancada lle chamen certas cousas *(Aplausos.)*, está ben. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, en definitiva, vostede tampouco trouxo aquí nada novo. Hai un problema en atención primaria e en xeral no conxunto da sanidade, pero estamos focalizados na atención primaria. Vostedes chegaron tarde, entéranse das xubilacións cando lles fan a festa de despedida aos médicos, pero iso hai que atendelo antes. Chegaron tarde e chegaron mal. E nós o que lles plantexamos é que hai moitas medidas que vostedes descartaron, como o catálogo de probas diagnósticas que poden pedir os médicos de primaria. Vostedes contestáronnos a nós hai menos de dous anos neste Parlamento que levaban traballando desde o 2014 niso. E agora chegan as medidas e din que van implementalo. E está ben, a ver se o fan de verdade. Vostedes dicían que non era unha boa análise a nosa de que faltaban profesionais, e agora din que faltan profesionais e que van medilo. Dicían que non era unha boa análise dicir que facían falta direccións na atención primaria, e agora aplícanas. Iso si, co modelo PP: aplicamos medidas pero orzamento, ningún —non vaia ser que se fagan efectivas, claro—; orzamento, ningún.

¿Como se van poder facer máis probas complementarias sen orzamento? ¿Como se vai poder ter máis persoal sen orzamento? ¿Como se poden ter direccións de atención primaria ou que haxa que coller algunha persoa ou varias que estean traballando no sistema —poñelos a dirixir e, por tanto, liberalos do plano asistencial— sen orzamento? ¿Como é posible tomar algunha desas medidas sen orzamento? Porque vostede presume de orzamento para os centros de saúde, que está moi ben. Como iso que dicía o señor Feijóo de que iamos [...] *(Inintelixible.)* a sanidade para poñer máis persoal, pero hoxe dixo que era para os hospitais, que tamén está ben.

Nós fixémoslles varias propostas. Vostedes denegaron as nosas propostas, e ademais con certa displicencia. Xa as nosas non importaban, pero todas as dos colectivos negáronas despois con certa displicencia e agora intentan volver atrás regateando esa situación. Non está este modelo validado, señor conselleiro. Fai falta xente que crea no modelo ao que vostedes



queren ir. Que pode ser que, se isto fora un punto de inicio e non de final, ese modelo fora máis aceptable. Pero o que é obvio é que vostedes —que non cren nel— non o poden defender. E por iso nós cremos que vostedes non están xa neste momento para tomar esas decisións e deberían substituír a cúpula de toda a dirección da Consellería.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da interpelación por parte do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, vamos ver, é que non entendo como pode unha persoa —polo sectarismo que ten vostede— falar mal do sistema sanitario español, que foi construído por dezasete comunidades autónomas, onde gobernaron diferentes partidos políticos —entre outros, o seu partido—. Eu creo que para atacar o PP non hai que dicir que o que é bo, como é a sanidade española, non é bo. Creo que non é de recibo.

Mire, países máis saudables: vai vostede a Singapur, pode ir a Singapur. Non, pero España é o primeiro país máis saudable por riba de Noruega, Suecia... Creo que estes son modelos dos que o Partido Socialista pode dicir que son importantes, países importantes, países saudables. Pois España está por riba destes. *(Aplausos.)* Ou sexa, nin o sectarismo o leva a poder aceptar estas cousas. *(Aplausos.)* De verdade que é algo increíble.

Dicir que me arrastran ao Parlamento é curioso. Porque teño que dicirlle que son o conselleiro que máis comparece neste Parlamento. E, unha vez que me convocan —vin voluntario pero tamén quería convocarme vostede á comisión de investigación—, non apareceu ningún da oposición. *(Murmurios.)* Ou sexa, que, se tanto querían verme, podían ir verme na comisión de investigación. *(Aplausos.)*

Señores deputados, imos mellorando, porque a portavoz de En Marea, dona Eva Solla, esta vez falou do papel do novo modelo. A outra vez era «papelucho», recórdoo. *(Murmurios.)* Mire, o papelucho ten 6 liñas estratéxicas, 41 obxectivos e 175 accións. Minto —como me chama mentireiro, minto—, son, agora mesmo, 183. Porque na rolda que estamos tendo con todos os colectivos estamos incorporando aínda accións a este proxecto. Pois é un proxecto que non debe de estar tan mal cando nos convocan mañá na Organización Médica Colexial a cinco conselleiros de saúde de España. Galicia está convocada para explicar o que se está facendo en Galicia. E, como digo, o Ministerio —empezou un pouquiño máis tarde ca nós—, desde logo, ten medidas parecidas ás nosas.

Señor Torrado, perdoe que lle diga pero o contrato de continuidade fixémoslo nós de un a tres anos —porque é así, de un a tres anos—, e a ministra dixo hai dúas semanas que lle parecía moi ben e que había que incorporalo a todas as comunidades autónomas —o gaílego—. Aí estamos, Galicia por diante outra vez.



Mire, das liñas estratéxicas, vou falar simplemente do que é o novo modelo que se quere levar desde o Ministerio. Nós temos —como dicíamos— 183 accións. O Ministerio propón 96. Pero, sobre todo —e para min o máis importante—, é que nós a curto prazo temos 75; o Ministerio, 19. Polo tanto, nós temos présa. Na taxa da que se falaba de facultativos, estratificando os pacientes, nós queremos un obxectivo de 1.400 a curto prazo. O Ministerio —como dixo o presidente esta mañá— vai aos 2.025. Cremos que hai que axilizar e hai que tomar medidas, desde logo, que sexan realistas, e que poidamos cumprir os obxectivos de todos.

Durante as últimas semanas a Consellería de Sanidade mantivo importantes reunións para avaliar as alegacións presentadas ao actual borrador. Como digo, esta semana seguimos aínda traballando. Tras estas reunións mantidas con grupos de traballo, colexios profesionais e sociedades científicas para a revisión das alegacións propostas por parte dos grupos de enfermaría, fisioterapia, traballo social e persoal de servizos xerais, estes colectivos manifestaron o seu apoio ao documento —o Colexio de Fisioterapeutas de Galicia (Cofiga), a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (Agefec) e a Sociedade Galega de Fisioterapia (Sogafi)—.

O día 20 de marzo tivo lugar na Consellería unha reunión co Consello Galego de Colexios Médicos, a Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria (Semergen), a Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia (Semg) e a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (Agamfec). E nesta reunión —existiu a reunión fisicamente, estivemos traballando durante bastantes horas— chegamos a unha serie de acordos que son moi importantes. Non hai que dicir que non chegamos a acordos. Chegamos a acordos. Pois mire: a constitución dun comité técnico de expertos para afrontar os retos da atención primaria nos próximos anos; a creación dun consello asesor de atención primaria, onde estarán todos os estamentos, as sociedades científicas de todas estas categorías profesionais e tamén estarán os cidadáns; tamén se dixo da creación de 60 novas prazas nos próximos dous anos, de aquí ao 2021, de médicos de familia para este novo modelo —¿para que?, para chegar ao que queremos como obxectivo, 1.400 TIS axustadas por complexidade, e tratando de ver o obxectivo dunha atención en torno a 30 pacientes, o obxectivo prescrito—; promover a figura do xefe de servizo como responsable de organizar a actividade; introducir fórmulas de incentiación á figura do titor. ¿Acórdase de que non había medidas para o tema do titor? Xa as hai agora mesmo, nas OPE valórase. Tamén se dá un tempo determinado, e apróbase con todos os colexios médicos e coas sociedades científicas seguir, desde logo, facéndoo.

Nos próximos días tamén imos facer público o número de prazas das diferentes categorías profesionais de atención primaria. Así será, porque entendemos que este modelo vai mellorar a atención pero, evidentemente, tamén leva recursos.

E o Ministerio, mentres, non está facilitando o noso labor, non. Mire, a convocatoria do número de prazas MIR non é do Ministerio, está vostede equivocado. Son as comunidades autónomas, dentro das acreditacións que si fai o Ministerio, as que deciden o número de MIR que van ter ao ano seguinte, con financiamento da comunidade autónoma. A acreditación é a que non nos fai o Ministerio. Non a fai o Ministerio e ten que facela. Non chegou, a día de hoxe, o documento desas novas acreditacións que se anunciaron en prensa. A día de hoxe non chegou.



Pero as seis prazas de pediatría, as novas acreditacións para pediatría, están enviadas. Perdón, era ministra Carmen Montón. Falei con ela, o que pasa é que, a verdade, os ministros da época socialista do señor Sánchez duran pouco. Porque despois veu a actual. Falei coas dúas, e enviei en agosto esa petición. A día de hoxe non temos resposta. Non imos poder formar máis pediatras en Galicia por culpa desta actitude. (*Murmurios.*)

E nós, como digo, seguimos traballando. Pedimos ao Ministerio o que pode facer o Ministerio, que son acreditacións. E tamén, desde logo, pedimos o gasto do superávit que ten esta comunidade autónoma. É, ademais, dos galegos e quéreno gastar en investimento sanitario, en investimento en política social e en educación. Polo tanto, facilíteno.

Miren, isto é unha táboa, un orzamento de gastos de programas. (*O señor conselleiro de Sa- nidade, desde a tribuna, amósalle un gráfico á Cámara.*) Isto está publicado e teñen que ver o que é o programa orzamentario onde aparece a atención especializada e a atención pri- maria. Aí aparecen, e aparecen independentes. E di que o 65 % do gasto é hospitalario e o 31,9 % é o de atención primaria. Por iso que ás veces se fala de presupostos, de porcen- taxes e tal. Pero a realidade é a que é. E nós, con este novo modelo, sabemos que se vai incorporar, pero primeiro definimos o modelo e despois o orzamento, que é o que fan, desde logo, os partidos que están no goberno e que son responsables de facer un bo ser- vizo sanitario.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boas tardes.

Reanudamos a sesión co punto de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Na- cionalista Galego, sobre a opinión e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa obriga de cursar a materia de Relixión no bacharelato

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Olalla Rodil, do Grupo Parlamen- tario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Grazas tamén á conselleira por facilitar que adiantásemos esta pregunta.



Preguntámoslle hoxe desde o BNG pola situación que se está a dar no noso país desde a aplicación da LOMCE. Actualmente, en Galiza hai alumnado de bacharelato que se ve na obriga de cursar a materia de relixión para completar a carga horaria que se lle exige. Alumnado que opta por Robótica, por Antropoloxía ou por Coeducación —o que é máis grave desde o noso punto de vista— vese obrigado a estudar Relixión por un mecanismo absolutamente perverso que impide outras combinacións. E isto acontece porque Relixión é —como todas as súas señorías saben— unha materia específica e o decreto en vigor obriga ao estudantado a cursar dúas materias específicas para poder titular. Así o denunciaron integrantes do colectivo Filosofía si, diante da Valedora do Pobo e tamén diante deste Parlamento.

Póñolle, señora conselleira, un exemplo real: un estudante de primeiro de bacharelato elixe cursar como materia específica Debuxo artístico, con tres horas, e Coeducación como libre configuración autonómica, dúas horas; ten que elixir obrigatoriamente Relixión, porque é a única materia específica dunha hora e hai que cursar un total de seis horas.

Na Comisión de Educación —onde tamén formulamos estas preguntas—, o director xeral tivo o atrevemento —porque eu xa non atopei outra palabra— de negar esta realidade.

Eu teño aquí —como teñen ademais todos os grupos desta Cámara— a folla de matrícula do Instituto Politécnico de Vigo, onde advirten ao alumnado e ás familias sobre a elección de Robótica, Antropoloxía ou Coeducación, e sinalan na folla de matrícula: «Importante. Só poderá ser elixida con Relixión católica por necesitar dúas específicas. Real decreto 86/2015 LOMCE». Non existe liberdade de elección cando só hai unha combinación posible.

Estamos diante dunha situación que conculca os dereitos do alumnado, que se ve na obriga de cursar unha materia en contra da súa vontade; pero ademais non é unha materia calquera, senón que é unha materia de carácter puramente confesional.

Para o BNG, o ensino galego ten que ser público, por suposto; ten que ser científico; ten que ser feminista, por suposto; e ten que ser laico. Polo tanto, calquera tipo de confesión relixiosa, sexa cal for a crenza, debe ficar á marxe do ámbito público. Por iso lle preguntamos, señora conselleira, se vai defender a Xunta de Galiza que a Relixión desapareza do currículo escolar, co obxectivo de garantir a separación real e efectiva de calquera tipo de crenza relixiosa do ámbito público. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.



Entenderá, señora Rodil, que hoxe reitere a explicación de que non é certo que se force aos alumnos a que escollan Relixión se queren completar o seu itinerario con materias dunha hora, porque esta materia non condiciona nin máis nin menos que calquera outra.

Preguntámonos se o BNG considera un problema o cumprimento da normativa, porque diso é do que estamos a falar, de que ven un problema onde hai un cumprimento da normativa, tanto da Lei orgánica de educación e do seu desenvolvemento como do Acordo internacional entre a Santa Sede e o Estado español, que establece a presenza da Relixión católica como área ou materia no ensino.

Vostede sabe que, pola normativa estatal e autonómica vixente, no ensino galego existe unha distribución horaria e unha estrutura curricular axustada a modalidades: ciencias, humanidades e ciencias sociais e artes, para organizar por bloques o que é a oferta de materias: troncais, xerais e de opcións específicas, e de libre configuración autonómica e de centro.

No bacharelato, a Relixión é unha materia específica de opción dentro do currículo. Isto implica que os centros teñen que ofrecer a materia de Relixión, pero é unha decisión do alumno ou da alumna cursala ou non cursala. Como é evidente, trátase de facer unha escolla entre as materias dispoñibles dentro das posibilidades horarias.

En Galicia, no currículo de bacharelato, o criterio adoptado foi manter a carga horaria máis similar posible ao currículo anterior. En Relixión, mantívose en concreto a carga horaria dunha hora semanal, que é a mínima posible. E os centros teñen autonomía para deseñar os itinerarios que consideren máis axeitados dentro do seu proxecto educativo, con materias de catro, de tres, de dúas ou dunha hora, e con iso deben xogar.

Os centros dispoñen tamén de marxe de manobra para facer oferta de materias de libre configuración a escoller polo propio centro, ben de deseño propio ou ben de hora de reforzo doutras materias. É dicir, hai un abano amplo de materias que poden ofrecer os centros e que permiten múltiples combinacións posibles da escolla. En función destas múltiples posibilidades, cada alumna ou cada alumno pode deseñar o seu propio itinerario formativo segundo o que se achegue máis aos seus intereses.

Pregúntome se o que debatemos hoxe é que o BNG ou outros partidos e colectivos se senten coa potestade de considerar incompatible a combinación Antropoloxía-Relixión ou Coeducación-Relixión e outórganse máis auctoritas ou máis lexitimidade na súa opinión, ata o punto de negar a autonomía dos centros e a liberdade do alumnado a poder tomar as súas decisións e as súas combinacións.

En calquera caso, a posición da Consellería é cumprir coa normativa vixente, esa que desde o comezo da democracia establece que o ensino da Relixión católica se axustará ao establecido no acordo sobre ensino e asuntos culturais entre a Santa Sede e o Estado español.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pode estar segura de que o que estamos cuestionando é precisamente a incompatibilidade de cursar a materia de Coeducación e ao mesmo tempo a de Relixión católica. Non lle caiba a menor dúbida. (*Aplausos.*) Dígollo directamente, por se acaso na miña primeira intervención puidese caber algunha dúbida, e, polo tanto, reafirmo cal é a posición do BNG.

Paro o BNG ten que estar fóra do currículo académico. Ten que estar fóra porque pertence ao ámbito privado. Respectable, hai que garantir que se respecte. Ningunha persoa pode ser perseguida por razón da súa ideoloxía, ningunha, nin tampouco pola crenza ou confesión relixiosa que profese; pero ten que quedar fóra do ámbito público. Ten que haber unha separación estrita entre o ámbito público e as crenzas relixiosas, que son e pertencen ao ámbito privado. E nesa separación é necesaria a aconfesionalidade. Xa non lle digo o laicismo porque a Constitución do 78 é a que é, pero esa necesaria aconfesionalidade debe ser garantida, polo tanto, a nosa posición é que ten que saír das aulas.

Pero aínda querendo respectar ese acordo, se non quere a Xunta de Galiza amosarse belixerante coa Santa Sede e apostar —como fai o BNG— por sacar a Relixión das aulas, vostedes teñen... Porque eu insisto, ¿como hai liberdade na escolla se só hai unha combinación posible? E eu repítolle a folla de matrícula, onde o propio centro xa sinala que, por esa combinación absolutamente perversa de dúas materias específicas e seis horas que ten que cursar obrigatoriamente o alumnado, só poderán elixir Robótica, Antropoloxía ou Coeducación xunto con Relixión católica, mesmo se o alumnado, voluntariamente, non quere cursar esa materia.

Eu o que lle propono, conselleira, e ao que emprazamos desde o BNG á Xunta de Galiza, é que, se non queren eliminar a Relixión do currículo, adopten as medidas necesarias para que ningunha persoa estudante se vexa obrigada. E poden facelo, poden suprimir a obriga de cursar dúas materias específicas como mínimo, dar a consideración de específica a outras materias de libre configuración...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...ou ofertar algunha materia máis que non sexa só Relixión católica.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

A verdade é que os que non queren mostrarse belixerantes coa Santa Sede non son soamente os membros do Goberno da Xunta de Galicia, senón tamén o Goberno do Estado español, que non se quere mostrar belixerante coa Santa Sede.



Señora Rodil, a verdade é que falan dunha suposta obriga —insisto— de cursar a materia de Relixión no bacharelato cando non é tal, e, polo tanto, preguntan sobre unhas medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto que non son precisas porque non hai tal obriga. Quizais non estaría de máis unha reflexión sobre a súa visión das cousas e sobre a súa actitude.

A realidade é que hai unha organización de materias en currículos desde o cumprimento da legalidade vixente, o respecto á autonomía dos centros e o convencemento de que o alumnado ten dereito e capacidade para poder escoller aquelas materias que máis se acheguen —insisto— aos seus intereses persoais, aos seus intereses formativos.

E desde o respecto ás lexítimas diferenzas políticas —como ben dicía—, entenderá que lle diga que nada beneficia ao ensino galego que cada certo tempo, e sobre todo coincidindo con determinados períodos, algunhas formacións recorran á axitación de bandeiras ou ideoloxías excluíntes.

A pretensión de que a Relixión católica desapareza do currículo escolar co obxectivo de garantir a separación efectiva desta crenza do ámbito público afecta a unha decisión que implica a modificación dese pacto entre a Santa Sede e o Estado español, non a Xunta de Galicia. Como, por certo, tamén acontece respecto dos acordos coas autoridades doutras confesións relixiosas.

E tamén teño que lembrar neste pleno, como xa se fixo na última Comisión 4^a na que vostede falaba, que a presenza da Relixión no ensino está en todas as leis educativas da democracia. Tamén no proxecto de lei educativa aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez, paralizada no Congreso polo adianto electoral.

Fronte ás utopías, fronte ás pretensións de adoutramento, o Goberno galego, dentro das competencias que ten atribuídas, está a desenvolver un modelo educativo diferenciado, que permita formar aos galegos e as galegas do século XXI. Somos conscientes de que o proceso educativo, efectivamente, é diverso, multidisciplinar, inclusivo, comunitario, interactivo, plurilingüe, pero cremos no cumprimento da normativa vixente, cremos na autonomía dos centros e cremos na liberdade e na capacidade das persoas.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Retomamos a orde do día, interpelacións.

Interpelación de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemárketing

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Quintero.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.



O primeiro que queremos facer é saudar as traballadoras e traballadores de Bosch que nos acompañan hoxe, e, por suposto, trasladarlles de novo todo o noso apoio, a elas e a todas as traballadoras afectadas por esta situación tan inxusta na que se atopan.

Vímoslle preguntar por un tema moi importante, que é o sector do telemárketing, e esperamos que a resposta de hoxe sexa clara, porque a verdade, despois de escoitar o voceiro do Partido Popular na PNL da mañá, non temos moitas esperanzas, porque hai bastante incongruencia entre o que din que van facer e o que defenden e o que fan despois, porque hoxe mesmo votaron en contra de apoiar estas reivindicacións.

Como dicía, este sector é moi importante, dá traballo a arredor de dez mil persoas no noso país, a maioría mulleres. É un sector que está atravesado pola precariedade, e, como tantos outros, leva tempo vendo como cada vez a situación na que se atopan é peor e vai empeorando progresivamente.

A día de hoxe, a pesar de ser un sector fundamental, as condicións de explotación mantéñense e son unhas condicións totalmente intolerables. Baixos salarios, conxelados dende hai moito tempo ou con subidas insignificantes tendo en conta o que gañan estas empresas, que non deixa de medrar a facturación nos últimos tempos. Os soldos roldan os 900 euros, pero isto só para xornadas de 39 horas semanais, que, como saben, son as menos. A maioría destas traballadoras e traballadores traballan 30, 25, 20 horas ou incluso menos, con salarios que roldan os 600 ou 700 euros. Por iso, a posibilidade de redución deste salario, ou incluso este salario, tendo en conta os beneficios que cada ano se están embolsando estas empresas, é un insulto para estas traballadoras.

Ademais, existe unha diferenza salarial moi importante entre as traballadora que traballan directamente contratadas pola empresa e as subcontratas. Isto é algo onde hai que meter man. Levamos falando deste tema en moitas ocasións noutros sectores laborais. Non se pode consentir que as ETT contraten de maneira fraudulenta; é unha realidade que acontece no noso país demasiado a miúdo, sen que se faga absolutamente nada.

É un sector onde hai unha presión psicolóxica moi importante, onde se coacciona aos traballadores e onde hai un nivel de represión moi elevado. As denuncias, neste sentido, son publicas e notorias e os sindicatos levan moito tempo visibilizando esta realidade, non só neste centro de traballo, senón en moitos outros centros de traballo.

Ademais, por falarlle dunha cuestión na que sempre inciden, que é a conciliación, eu diríalles que, cando falen da conciliación, miren, por exemplo neste sector, no que a maioría son mulleres, como van conciliar —esa palabra que tanto lles gusta— co nivel de precariedade que hai, cos cambios de turno con poucos días de antelación; como van conciliar coa incerteza permanente de que poden ser botadas á calle cunha indemnización moi baixa.

Por iso, cando falan de realidades de país, cando falan da realidade do emprego no noso país, temos a sensación de que falan de realidades paralelas que nada teñen que ver co que viven as traballadoras e traballadores.



Por outra banda —como digo—, os beneficios millonarios están patentes. Non hai unha perda de beneficios, senón que van en aumento, pero, cada vez máis, a deslocalización que fan estas empresas a outros países é unha evidencia. E esta deslocalización fana porque non hai Goberno que faga absolutamente nada para frealo. Hai cousas que se poden facer, pero o que teñen que ter é vontade política para aplicarlas. Non é admisible, sobre todo cando estamos falando de empresas, moitas, que están cobrando subvencións públicas e doutras tantas que teñen contratos coa Administración. Por iso, o mínimo a exixirlles a estas empresas cando lles estamos dando diñeiro público é que xeren emprego de calidade, e, se se van ir, que devolvan cada euro que obtiveron das arcas públicas.

Como dicía, unha das empresas sobre a que lle preguntamos é Bosch, que está en Vigo. Sabe que é moi importante para Vigo e para a comarca, que dá emprego a máis de 1.600 persoas; é a segunda empresa que xera máis emprego despois de Citroën. Estamos preocupadas porque, a pesar de que aprobamos unha iniciativa recentemente na Comisión de Industria en apoio das reivindicacións destas traballadoras e traballadores, hai dúas cuestións que nos parecen alarmantes.

A primeira é que sempre chegan tarde. Parece que ata que están nos medios de comunicación, que ata que a oposición pregunta e insiste sobre este tema moitas veces, vostedes desoan o que están exixindo os traballadores e traballadoras; parece que non existen ata que pasa iso. Levamos moito tempo cun problema de precariedade, levamos moito tempo con políticas que empobrecen a maioría social do noso país, e parece que nunca teñen un momento para pensar, un momento para facer un mínimo de autocrítica.

E a segunda cuestión que nos parece moi alarmante cando falamos deste tema é que seguen votando en contra, sistematicamente, de cuestións que son fundamentais. Unha —como sempre, e volvo insistir— é o tema da reforma laboral. Volveron votar en contra de derrogar as reformas laborais. E mentres non fagan iso, mentres non teñan a vontade política de derrogar as reformas que están sendo tan lesivas para as maiorías sociais do noso país, cremos que non temos debate posible con vostedes, porque nada que digan a favor dos dereitos laborais van poder levalo adiante con esta lexislación actual. Por iso, nós esperamos que deixen de dicir tantas veces os bos propósitos que teñen e pasen aos feitos. Creemos que un primeiro paso fundamental é derrogar estas reformas laborais, e hai moitos outros, pero os discursos, dende logo, non van solucionar o problema de emprego que ten o noso país.

A patronal, como tantas outras, non ten vontade negociadora. E non ten vontade negociadora porque sabe que é impune, que pode facer practicamente o que queira que as administracións van estar sempre apoiando ao mesmo lado. Porque vostedes teñen moitas veces esa posición equidistante entre empresa e representación dos traballadores e traballadoras, pero é que cando hai unha correlación de forzas diferente, poñerse no medio é poñerse do lado do agresor. Non cabe a equidistancia cando estamos falando de cousas que non teñen a mesma forza, e sábeo perfectamente.

Como digo, o expediente está xa a executarse tras un período de consultas no que a documentación entregada foi totalmente insuficiente, e nós esperamos que hoxe empecen a tomar medidas. Hoxe o voceiro do Partido Popular dixo que o único grupo que mellor podía



apoiar os traballadores e traballadoras de Bosch era o Partido Popular. Pois nós dicimos: ben, pois se vostedes son os que van apoiar, fágano dunha vez, déixense de dicir palabras e de repetir que defenden o emprego de calidade e póñanse a facer algo para defendelo, e non o que levan facendo nos últimos anos.

Non fixeron nada para evitar o ERE de Vodafone nin para paliar as súas consecuencias. Non fixeron nada en todos estes anos porque a realidade da precariedade no sector non é unha novidade. O ERTE en Bosch é unha novidade, pero a precariedade non é unha novidade e non fixeron absolutamente nada. Non houbo planificación industrial neste país dende que goberna o Partido Popular. Por iso, a pregunta que lles facemos hoxe é se desta vez van facer algo para paralizar este ERTE en Bosch ou van continuar coa súa deixadez habitual nos últimos tempos.

Afecta a seiscentas persoas. Sabe que xa duascientas foron despedidas, contratadas por ETT. E os argumentos son falsos. Por iso nós concordamos co que di o propio persoal da empresa: é unha estafa e é un ERTE totalmente inxustificado.

E hai moitas cuestións que se poden facer. Sabe, por exemplo, que a empresa se está negando a recolocar as traballadoras noutros departamentos, a pesar de recoñecer que si poderían necesitar persoal neses outros departamentos. Pero todo parece indicar que van contratalo de maneira externa. Entón, a nosa pregunta é se desta vez van mirar para outro lado, se van prometer cousas e non van facer nada, ou se de verdade van tomar en serio esta problemática para solucionala. Porque cremos que sempre están contando un relato falso, un relato que non se corresponde co que viven a maioría de familias galegas. A suposta recuperación económica que repiten non chegou aos fogares galegos. A xente ten moitas dificultades para chegar a fin de mes; ten moitas dificultades para pagar o alugueiro; ten moitas dificultades para conciliar. A maioría da xente ten que ter dous traballos porque con ese salario non chega para pagar as condicións máis mínimas. E o emprego que se creou —que sempre están dicindo que crearon moito emprego— dende as reformas laborais é emprego de moita peor calidade, emprego moitísimo máis precario.

O que acontece en Bosch non é un feito illado, e queremos recalcalo porque non é un feito illado, é só un fito máis no que levamos vendo nos últimos anos. Hai un desmantelamento do tecido industrial galego pero vostedes non fan absolutamente nada máis que dicir que non pasa nada e que o Goberno defende o emprego. Galiza leva moito tempo perdendo emprego, levan moito tempo os traballadores e traballadoras deste país perdendo dereitos, e esa é a realidade, por moito que se empeñen en negalo.

Hoxe a folga de Bosch súmase ás reivindicacións que moita xente está levando adiante en Atento, na Coruña; súmase a moitas demandas que levan moito tempo na rúa e que non están sendo escoitadas por este Goberno. E súmase, en resumo, a todas esas demandas que queren rematar co modelo de explotación que é o modelo actual de emprego que hai en Galicia. O que non fixeron co ERE de Vodafone, poden facelo agora neste caso. Cremos que están deixando moi claro de que lado están coas súas políticas. Pois ben, nós pedímoslles que desta vez se poñan do lado dos traballadores e das traballadoras e cambien o rumbo dunha vez por todas.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, un discurso baleiro de contido, coma sempre. Un discurso que vostede simplemente cualifica pero non soporta con datos oficiais. E, lamentablemente, un discurso que está moi afastado da realidade.

Sabe perfectamente que este Goberno está traballando e desenvolvendo unha política económica e unha política industrial centrada no emprego de calidade. E coñece perfectamente, ademais, que as cuestións polas que vostede pregunta foron debatidas o pasado xoves na Comisión 6ª e que na súa maioría, señora Quinteiro, contaron co apoio do Grupo Parlamentario Popular. Sábeo, e aquí dixó unha cousa contraria. E xa lle adianto que a Xunta de Galicia e este Goberno escoitaron todas as propostas que se teñen plantexado neste Parlamento e están actuando como autoridade laboral e como Administración.

De feito, señoría —e relátolle actuacións concretas que estamos a desenvolver—, revisamos a documentación que foi presentada pola empresa e solicitamos tamén a corrección de defectos. Solicitamos a concreción de todas as accións formativas para as persoas traballadoras afectadas que, como sabe, exige o Estatuto. Estamos a seguir todas as contratacións externas que se están desenvolvendo nas diferentes campañas precisamente para facer un seguimento. Témonos posto en contacto tanto co comité de empresa —a secretaria xeral de Emprego terá ocasión de manter unha xuntanza o próximo martes, 2 de abril— como coa propia empresa, e debería de saber que esta empresa ten diferentes seccións e que nada ten que ver a situación que ten en Galicia coa que ten noutros países.

En definitiva, señoría, a diferenza que seguramente temos entre de En Marea, o Goberno e o Grupo Parlamentario Popular é precisamente esa visión distinta de como hai que impulsar a política económica, de como hai que impulsar a política industrial. Pero, dende logo, o Goberno segue traballando dende o primeiro momento sen mudar a súa posición, tomando a iniciativa. E, dende logo, este Goberno, señoría, ao que non responde é a ningún tipo de cálculo partidista.

Nós respondemos ante os intereses xerais de Galicia e ante as necesidades que teñen os traballadores, pero actuamos tamén con realismo. Parece que vostede vén aquí como relatora, simplemente, cunha retórica reduccionista de bos e malos e sen afrontar con realismo a realidade, buscando, señoría, solucións concretas para cada situación.

Por iso, o Goberno sempre estivo ao lado dos traballadores e das traballadoras sen facer ningún tipo de distincións, traballando para garantir o cumprimento dos seus dereitos, escoitando sempre o que nos trasladan os seus representantes e promovendo a negociación e o



diálogo. Entendo que vostede non diferencie entre o diálogo social e a equidistancia, porque parece que, claramente, non quere velo.

En calquera caso, nós seguimos intentando dar respostas, loxicamente, escoitando os propios traballadores, e témolo feito con todas as empresas que requiren axuda da Xunta de Galicia. Témolo feito con Poligal, témolo feito con Isowat, témolo feito con Vulcano, témolo feito con Vodafone... En todos os casos, señoría, a Xunta de Galicia está traballando a carón dos traballadores para buscar solucións realistas. E, dende logo, seguiremos traballando xunto cos traballadores de Bosch para atopar tamén esas solucións que lles permitan afrontar esta situación de enorme dificultade.

O que me sorprende —e teño que trasladarllo con toda transparencia— é que vostede utilice este Parlamento para trasladar unha serie de propostas e que o seu grupo parlamentario diga o contrario en España. ¡É moi curioso! É moi curioso que vostede veña aquí como unha espectadora máis da realidade que temos en Galicia, nun tema que é de competencia estatal, cando vostedes e o seu líder, Pablo Iglesias, asinaron en outubro un pacto para esgotar a lexislatura.

A miña pregunta, señora Quinteiro, é ¿como despois de dez meses non foron capaces de adoptar en España nin unha soa medida das que vostede vén plantexar aquí esta tarde? Sería bo que llelo explicara aos traballadores e ás traballadoras para as cales falou esta tarde. Pero, dende logo, o que é curioso é que veña presentar aquí propostas que neste Parlamento non se poden adoptar, e en Madrid, onde se poderían adoptar, vostedes, que aínda son parte do Goberno de Pedro Sánchez, non foran capaces de adoptalas. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En definitiva, non aprobaron os novos orzamentos, non aprobaron ningún tipo de medidas das que agora vostede demanda neste Parlamento.

En definitiva, señoría, seguro que aínda poden tomar decisións, que contarían co apoio deste Goberno, precisamente para adoptar medidas a través de decretos-lei, estanos aprobando todos os venres. ¿Quérenos explicar por que esas medidas que vostede demanda non se están adoptando? En definitiva, señoría, creo que non se pode ter un discurso en Galicia e un discurso totalmente diferente en España.

E xa que falamos de emprego e da situación que temos en Galicia, convídoa tamén, porque vostede falou de falta de emprego en Galicia e do desmantelamento do tecido industrial, ¡curioso, señoría!, pero non escoitei nin unha soa palabra do seu grupo parlamentario en apoio a Ence, non escoitei nin unha soa palabra do seu grupo parlamentario apoiando os traballadores de Elnosa e non escoitei nin unha soa palabra de apoio do seu grupo parlamentario aos máis de vinte e sete mil postos de traballo que están en risco precisamente porque o Goberno que vostedes apoian non está adoptando medidas dende o punto de vista da política enerxética, e, polo tanto, medidas que afectan directamente ao emprego en Galicia. (*Aplausos.*) En definitiva, señoría, non se pode ter un discurso en Galicia e outro discurso diferente en Madrid, hai que ser coherente.

O que si estamos a facer dende a Xunta de Galicia é actuando no caso concreto das necesidades dos traballadores e traballadoras de Bosch. Estamos actuando dende a Inspección de



Traballo porque é a nosa responsabilidade, e, polo tanto, controlando a través da Inspección de Traballo, levantando as actas e impondo sancións cando se comprobaban os incumprimentos.

Vostede sabe que o estamos a facer tanto con Bosch como co conxunto das empresas de telemárketing e o conxunto das empresas do noso tecido industrial. Sabe perfectamente que estamos actuando no eido do diálogo social. Iso non é equidistancia, iso é chegar a acordos cos axentes económicos e sociais que permitan atopar solucións no eido da igualdade, na fenda salarial, na conciliación e en todas as medidas que permiten impulsar o noso tecido produtivo.

Sabe que estamos actuando a través das políticas activas de emprego, incrementando as axudas ás empresas e sendo absolutamente rigorosos co cumprimento dos compromisos que teñen que adoptar as propias empresas que reciben as axudas. E sabe que estamos traballando por un emprego de calidade, do cal vostedes non queren falar.

Vostedes non queren falar neste Parlamento de política industrial, non queren falar de novas tecnoloxías, non queren falar de dixitalización, non queren falar de innovación, simplemente porque non teñen ningún tipo de proposta en materia de política industrial, e, lamentablemente, o triste é que non teñen ningunha proposta en materia de política enerxética que sirva para garantir a competitividade do tecido industrial en Galicia, que nestes momentos está ameazado, entre outras cousas, polo apoio que o seu grupo está trasladando ao Goberno de Pedro Sánchez.

En definitiva, señoría, non xoguen a facer titulares. Galicia, en materia de política industrial, en materia de emprego, non precisa titulares, necesita propostas, necesita actuacións. E, dende logo, o que non necesitan os traballadores e traballadoras de Bosch é que vostede veña aquí facer de notario.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Demostra moi pouco respecto vindo aquí falar de todo menos do que lle preguntabamos. Non viñamos hoxe facer propostas, pero non se preocupe que dentro de quince días, ou no próximo pleno, terán as propostas e poderán votalas. Hoxe viñamos interpelalo a vostede para que respondera, e falou de todo menos da empresa. E, ténndoos presentes, como mínimo debería responder.

E non me entendeu —ou é que non me atendía, non sei—, eu xa sei, e fun a que mencionei que se aprobou unha iniciativa —que é nosa, por certo, non é a do Partido Popular— para defender os dereitos das traballadoras de Bosch o día 21. Pero é que votaron en contra de puntos tan básicos como reunirse cos traballadores e traballadoras. Alegrámonos de que agora vaian levantar o teléfono e teñan unha reunión, o outro día votaron en contra, non



sabemos por que. Votaron en contra de derrogar as reformas laborais, e votaron en contra hoxe pola mañá. Non sei se lle contaron que hoxe pola mañá, neste Pleno, se falou de Bosch nunha proposición non de lei, e o Grupo do Partido Popular votou en contra. Entón, non sei, o que non se enterou creo que foi vostede. Explique despois, se ten tempo, por que votaron en contra hoxe pola mañá, cales foron os argumentos, se tanto defenden a empresa e tanto defenden os traballadores.

O único discurso afastado da realidade é o seu. Creo que non coñece en absoluto a realidade que viven os traballadores e traballadoras do país. Non sei se traballou algún día vostede nunha empresa, pero non sei se cre que con 600 ou 700 euros se pode chegar a fin de mes. Non sei se cre que os salarios de menos de 900 euros son salarios dignos e son emprego de calidade. Se traballar a tempo parcial, se traballar con quendas rotatorias que te avisan con 48 horas de antelación, se ter unha presión psicolóxica, se ter coaccións é emprego de calidade. Se estar seis meses no paro e seis meses traballando iso é emprego de calidade. Porque o emprego que xera o Partido Popular grazas ás últimas reformas laborais é ese, e ademais é que non crea máis emprego, non hai política industrial. Non minta.

Fale de cantos traballadores industriais perdemos entre o ano 2009 e o ano 2018: 22.000 persoas menos na industria. ¿Que emprego xeraron? Non se lles dá moi ben facer as contas —creo— porque non hai esa realidade. Hai menos emprego, e ademais o emprego que hai é moitísimo máis precario, por iso, o único que manipula é vostede.

A única realidade é que as reformas laborais o que favoreceron é facilitar os despidos, reducir aínda máis os salarios. Estamos falando de empresas que están ganando moitos millóns, que están tendo beneficios millonarios e que están pagando miserias. Empresas que están condenando á precariedade máis absoluta aos traballadores e traballadoras. Non é unha novidade, e vostedes non fixeron absolutamente nada. Parece que o Partido Popular nunca gobernou, nin aquí nin no Estado. É unha sorpresa. Debemos ter moi mala memoria, pero levan moitos anos gobernando sen facer absolutamente nada en defensa dos traballadores e traballadoras. De feito, todas as reformas, toda a lexislación que aprobaron vostedes foi para ir sistematicamente en contra dos dereitos dos traballadores e traballadoras. Entón, ¿que emprego xera vostede? ¿Que emprego defende o Partido Popular con esas reformas? A nós párecenos que é bastante impresentable que veña aquí dar leccións de nada. Un mínimo de autocrítica, un mínimo de dicir a realidade que hai no noso país, e non falar dunha situación que ninguén cre, é que ninguén o cre.

Hoxe falamos do telemarketing, que é un sector especialmente feminizado, e encántalles ter na boca a palabra feminismo e 8 de marzo en toda a defensa do emprego de calidade. ¡Pois vaian falar cos sectores feminizados, a ver que situación laboral teñen todas as mulleres neste país! Pregúntelles como concilian, pregúntelle ás mulleres que ganan 600 euros como fan para chegar a final de mes. Pregúntenlles ás que teñen traballos de semanas, de meses, ou incluso de días; porque hai moitas mulleres no noso país que traballan días soltos. Pero iso todo non existe, o Partido Popular di que todo é marabilloso. Todas as mobilizacións que están na rúa, os traballadores que están agora mesmo na rúa por este ERTE, as que estiveron na rúa de Vodafone, as que están na rúa todas as semanas de Attento, inventan os problemas. As que tiveron de Unisono, as que estiveron e están EXTEL, todas estas traballadoras, ¿que realidade



están vivindo? ¿Está dicíndolles a todas as traballadoras que menten? ¿Cren que teñen ganas de estar mobilizándose? ¿Ou farano porque están exixindo os mínimos dereitos?

E en vez de escoitar, o único que se dedica a facer titulares é vostede, a dicir que Galicia vai moito mellor. Cando os datos de Galicia, dende que vostedes gobernan, din que temos moito menos emprego, que temos un emprego moito máis precario e a xente está tendo que emigrar. A xente está tendo enormes dificultades para chegar a fin de mes cun salario minimamente digno. Hai moitísima xente no noso país que ten moitos traballos, que non pode ter vida; que saen dun traballo e van a outro e non teñen posibilidade de ter un mínimo tempo de vida, de ocio.

Esa é a realidade, e o único que se dedica a facer titulares en vez de vir aquí falar do problema que nos ocupa... Xa me parecía moi raro que non mencionara outras empresas. Nós falamos das empresas todas que considere, e, de feito, hoxe mesmo falamos doutras empresas que afectan a este país. Pero a interpelación de hoxe era preguntarlle se ían facer algo con Bosch, en concreto con esta empresa. E vostede negouse a responder a esta cuestión. Non tivo nin un mínimo respecto pola xente que está escoitando, pola xente que estivo hoxe pola mañá mobilizándose e que están en folga, que levan semanas. ¡E aínda vén dicir que fan todo o posible! ¿Como fan todo o posible se aínda non se reuniron con eles? ¡Se aínda teñen unha xuntanza o 2 de abril! É que non empezou hoxe. Hoxe están neste Pleno pero non empezou hoxe. A problemática destes traballadores e traballadoras non empezou hoxe.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Negáronse a aprobalo hai cinco días. E pode preguntar —se é que está preguntando— pola PNL da mañá. A ver se nos explica por que votaron en contra da proposición non de lei da mañá, porque o que estaba mal informado hoxe era vostede.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Peche da interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, dúas ideas sinxelas. O único punto que este Goberno non votou a favor é a modificación da reforma a laboral. Vostede sabe que esa reforma laboral a poden modificar vostedes. Levan dez meses e non tocaron nin un só artigo da reforma laboral, *(Aplausos.)* esa é a realidade. *(Aplausos.)* ¿Pode explicalo? *(Aplausos.)*

Sabe perfectamente que case todas as empresas... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, con absoluto respecto escoitou o conselleiro a persoa que interveu antes, polo tanto, faga vostede o mesmo.



É que isto consiste en saber encaixar tamén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, este é o xogo parlamentario. Debate... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero hai que saber encaixar todos. Polo tanto, imos escoitar o que di o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu creo que é importante que esta Cámara e todos os traballadores e traballadoras de Bosch saiban que a lexislación que vostede pide cambiar é de ámbito nacional a gran maioría, señoría. Esa é a realidade. Polo tanto, pódelle pedir —e estámolo facendo— á Xunta de Galicia que actúe no eido das súas competencias, e, polo tanto, actuar a través da Inspección de Traballo, actuar a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia, actuar tamén a través do diálogo social, actuar a través das diferentes políticas activas de emprego, e iso é o que estamos a facer. O que non pode facer é vir aquí intentar trasladar a idea de que a Xunta de Galicia non está apoiando as súas propostas, que darían unha solución, cando esas propostas son unha modificación da reforma laboral que vostedes non son capaces de aprobar en Madrid apoiando o Goberno de Pedro Sánchez. Esa é a realidade, e, señoría, o que non pode facer é vir aquí intentar confundir.

E nós —como lle dicía— si estamos actuando, e proba diso —trasladeillo na miña intervención— é que lle trasladei todo o que estamos a facer co expediente de Bosch. Trasladeille como estamos supervisando o expediente, como estamos supervisando a súa execución, e como estamos en contacto, primeiro, cos traballadores, e, en segundo lugar, tamén coa empresa.

E a segunda idea —se mo permite—, ademais de que intente non confundir con respecto ás modificacións lexislativas, nomeadamente a través da reforma laboral, é que sabe perfectamente que vostedes non están lexitimados para falar de política industrial, sábeno perfectamente. O que non poden facer é vir aquí defender uns empregos si e outros non; resulta que hai empregos de primeira e empregos de segunda. E cando vostede me fala dos datos da situación do emprego industrial, eu preguntaría-lle se vostedes falan cos traballadores de Ence; preguntaría-lle se vostedes falan cos traballadores de Meirama; preguntaría-lle se vostedes falan cos traballadores de Elnosa; e como a resposta é, en todos os casos, que non, creo que, sinceramente, non están lexitimados para falar de política industrial. *(Murmurios.)*

Fálame vostede do expediente de regulación de emprego presentado por Bosch. Efectivamente, sabe que a empresa reduciu en 200 as persoas afectadas, sabe que se comprometeu a non aplicar a suspensión naqueles servizos nos que haxa persoal externo traballando a través das ETT, e sabe tamén que hai un plantexamento para procurar a recolocación noutras áreas que tiveron un aumento de volume de traballo. E, dende logo, sabe —e eu trasládollo— que dende a Inspección de Traballo estamos a exixir a concreción das accións formativas vinculadas á actividade dos traballadores afectados. Polo tanto, este Goberno está actuando, este Goberno está defendendo os dereitos dos traballadores e traballadoras de Bosch, e así imos traballar, con toda a intensidade, para defender os seus dereitos.

Fálame vostede do emprego feminino. Sabe perfectamente que en Galicia temos 480.000 mulleres afiliadas á Seguridade Social, que representan case a metade do total e que son tres



puntos máis que no ano 2009. Sabe que a afiliación feminina aumentou o pasado ano nun 2,13 %. E debería de saber que seis de cada dez asalariadas contan cun contrato indefinido e a tempo completo e que en Galicia estamos acadando a menor taxa de paro feminino, nun mes de febreiro, de toda a serie histórica. Son datos que vostede oculta e que, lamentablemente, reflicten unha realidade.

Galicia está recuperando a súa posición no emprego. Temos que seguir mellorando, son insuficientes os avances que se teñen producido, pero, dende logo, nós imos na dirección contraria. E vostede, lamentablemente, segue vindo aquí a intentar buscar un titular e a buscar simplemente unha referencia dende o punto de vista mediático, e así non se arranxa nin o emprego nin a industria en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Volvemos ao turno de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da atención das demandas do estudantado referidas á posta en marcha de políticas urxentes contra o cambio climático

O señor PRESIDENTE: Continuamos agora coa pregunta de don Marcos Cal, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Cando queira.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Hoxe traemos unha pregunta urxente sobre o cambio climático. Como vería na motivación de urxencia, facémola tras as mobilizacións do estudantado polo clima, sobre todo do 15 de marzo, do 15M climático, porque entendemos que as demandas da cidadanía teñen que ocupar un lugar central no debate parlamentario. Pero ben poderíamos xustificar a urxencia en calquera pleno e en calquera día, porque estamos falando dunha cuestión tremendamente importante, tremendamente grave e tremendamente urxente.

Poderíamos traer con urxencia iniciativas sobre o cambio climático onte, hoxe, mañá e durante a próxima década porque nos enfrontamos a unha crise da que depende o futuro, e principalmente o futuro da mocidade. É por iso que levantan a voz e sinalan os gobernos — como o que vostede representa — como os responsables da actual situación, por ternos traído ata aquí... Non sei se lle interesa o que lle estou preguntando. Dígollo porque está falando coa outra conselleira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero o que estou dicindo non é o que está escrito. Non sei, é unha pregunta, terá que estar pendente para responder, digo eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Digo eu, ¡un pouco de decoro!



O señor PRESIDENTE: Non, vostede non se preocupe que eu vexo que está atendendo.

O señor CAL OGANDO: Eu digo que, se quere atender, estou dicindo cousas que... *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non dubide que está atendendo. Eu son consciente de que está atendendo, non se preocupe por iso.

O señor CAL OGANDO: ...e gustárame que me prestara atención porque é a súa responsabilidade, para iso está aí, para que lle faga unha pregunta. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Formule a pregunta, váiselle o tempo.

O señor CAL OGANDO: Esta mocidade exíxelle un cambio de rumbo e medidas urxentes. A situación é crítica, se imos aos datos. Dende a época preindustrial o incremento da temperatura media no planeta supera 1,5 graos, coa conseguinte reacción que é evidente: incremento da temperatura da auga; acidificación dos océanos coa conseguinte destrución de biodiversidade mariña; o aumento do nivel do mar; o incremento de fenómenos extremos e desastres naturais como furacáns e inundacións como as que sufrimos en Viveiro hai ben pouco; secas como a que sufrimos tamén en Galicia hai un ano e incendios. Os grandes incendios incrementáronse no 2017 un 200 %, cada vez son máis devastadores e incontrolables, como ben coñecemos aquí en Galicia, e xa sufrimos os seus efectos e os seus custos medioambientais, económicos e mesmo de vidas humanas. Xa non falamos dun problema do futuro, falamos dun problema do presente: o cambio climático está aquí e estámolo sufrindo tamén en Galicia.

Estas consecuencias climáticas derivan na vida do planeta con destrución de flora e fauna, con centos de especies que desaparecen ou se colocan en situacións moi vulnerables cada ano ou coa crecente e insoportable realidade dos refuxiados e refuxiadas climáticas. A Unión Europea recoñece que 258 millóns de persoas son refuxiadas climáticas; é dicir, falamos de 251 millóns de persoas que tiveron que abandonar os seus fogares pola consecuencia do cambio climático. Pero este problema non ocorre só no sur global. En España a temperatura subiu 1,6 graos nos últimos cincuenta anos, o dobre que no resto do Estado; o 74 % do chan está en proceso de desertización e dentro de cincuenta anos o 94 % do chan do territorio da Península Ibérica estará en proceso de desertización. Se o derretemento dos polos eleva o nivel do mar tres metros, cuestión que os simulares climáticos dan como real, a cidade da Coruña, por exemplo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal, terminou o seu tempo.

O señor CAL OGANDO: ...quedaría totalmente anegada, e ecosistemas como as Rías Baixas desaparecerán. *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, terminou o seu tempo, señor Cal. Grazas.

Xa está, xa terminou o seu tempo. Coñece a pregunta a conselleira. Grazas. Terminou o seu tempo, señor Cal. Xa coñece a mecánica. *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*



Respecten todos isto. Xa coñecen como facemos con isto das preguntas, por favor.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Grazas, presidente.

Señor Marcos Cal, saiba vostede que eu estou sempre atenta a cada unha das preguntas que vostedes nos poidan formular, o que ocorre é que antes leo a pregunta e, por suposto, traio a resposta, e non é necesario que estea mirando seguido para vostede, aínda que procuro facelo. (*Murmurios.*)

Son perfectamente coñecedora da importancia que ten o movemento mundial, un movemento que non só é mundial, é un movemento que tamén é local. Hai un lema que é: «Pensa global, actúa local.» Ese é o lema que ten a Xunta de Galicia, que, por suposto, pensa no cambio climático e está preocupada polo cambio climático, igual que o están os galegos e as galegas.

É un movemento estudantil, é un movemento de concienciación, é un movemento, ademais, que amparamos, é un movemento ao que lle tendemos a man. Distinto é se a min me preguntase se ten que ser en horario escolar ou non, e como eu teño un fillo desas idades, diríalle que mellor fóra do horario escolar, que vaia a clase e despois que se manifeste, pero teño claro que estou de acordo con eles. Sobre todo porque son o noso futuro e teñen que ir máis concienciados, talvez, do que estivemos nós anteriormente. Somos conscientes de que temos que traballar coa mocidade, de que todos xuntos podemos lograr un mundo máis sostenible; e a Administración non vai soa, a Administración vai con eles.

Vostedes preguntaban que é o que van facer, e case veñen dicir que non están facendo nada. E sabe vostede que non é real que non esteamos facendo nada. É un fenómeno que é unha realidade incuestionable e que xa está tendo efectos na nosa comunidade, como tamén ten efectos a nivel global. Poñémonos en alerta, xa que así o amosan as evidentes transformacións que está sufrindo o noso clima. Levamos anos traballando para frear este fenómeno e, ademais, facémolo de xeito transversal.

Pódolles dicir, ano 2011, informe que recolle para ese período a realización para acometer oitenta e catro medidas cun investimento asociado superior a trinta e cinco millóns de euros. Segundo informe, período 2012-2015, inclúe unha recompilación de cento tres medidas desenvoltas pola Xunta de Galicia e que supuxeron un investimento superior a cento corenta e oito millóns de euros.

Posteriormente, ano 2015, publicamos cinco informes sectoriais que supuxeron a recompilación e desenvolvemento de información relevante en materia de adaptación ao cambio climático.

Ano 2016, un informe sobre cambio climático en Galicia con datos actualizados, políticas e actuacións da Xunta de Galicia.



Creemos fundamental contar coa participación da sociedade, en especial dos máis novos. A xeración que asumirá o... *(A señora Vázquez Mejuto pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo. Grazas. Terminou o seu tempo. Ten outro turno despois. Grazas. Xa está. *(Aplausos.)*

Réplica, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Si, señora conselleira, a vostedes preocúpalles tanto, están tan preocupadas, que o cambio climático nunca chega. Sempre o anuncian pero nunca chega.

Vostede di que actúan en local. A súa intervención foi perfectamente previsible, totalmente previsible e, baixo o meu punto de vista, irresponsable diante da problemática coa que nos encontramos, porque a situación de Galicia con respecto á súa contribución ao cambio climático é gravísima. Galicia produce por habitante tres puntos máis de gases de efecto invernadoiro que a media do Estado e dous puntos máis que a media de Europa. Esa é a realidade. Vostede vén dicir aquí que están facendo un montón de cousas, pero a realidade é a que é.

Vostedes actúan en local. Vostede é defensora de actuar en local. Pois díreille eu a vostede cales son as actuacións en local que vostedes fixeron e o que contribuíron ao cambio climático. As dúas áreas fundamentais para actuar contra o cambio climático son a mobilidade e a enerxía, supoño que estamos de acordo nisto. Pois ben, vostedes no campo da enerxía o que están defendendo é que as centrais térmicas estean abertas eternamente, que non pechen xamais. Iso é o que vostedes defenden, cando supoñen o 30 % dos gases de efecto invernadoiro en Galicia, pero vostedes non queren facer unha transición enerxética. O que están defendendo aquí en Galicia é que as térmicas perduren toda a vida, cando deberían estar traballando nun plan de reconversión laboral na zona, ver a transición enerxética como unha oportunidade e reconverter a industria cara á produción de enerxías limpas. Pero vostedes non fan nada e, ao final, o que ocorre é que as traballadoras quedan sen traballo —é o que está ocorrendo porque non fixeron nada durante todos estes anos— porque, ao final, quen decide se seguir ou non seguir é a oligarquía eléctrica no momento que lles interesa, e vostedes non fixeron o seu traballo.

Vostedes son os do imposto ao sol. ¿A quen queren enganar? Vostedes son os do imposto ao sol. Vostedes son os do boicot ás renovables; son vostedes os do boicot ás renovables. ¿Iso é actuar en local? Vostedes actúan en local a favor do cambio climático.

Non sei por que ri, o imposto ao sol é unha cuestión do Partido Popular. Non sei se lle fan graza os 258 millóns de refuxiados e refuxiadas. Ao mellor faille graza este tema. *(Murmurios.)*

Ben, vostede defendeu... Xa non me queda tempo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal. Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor CAL OGANDO: Ogallá fagan vostedes algo, se non... *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, grazas. Grazas, terminou o tempo.

Peche, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

A verdade é que é ben difícil saber como un ten que comportarse ou unha ten que comportarse ante estes señores de En Marea.

Mire, fágoo con todo respecto, pero poderei sorrir, sobre todo cando vostede está dicindo que somos unha das comunidades que máis gases de efecto invernadoiro estamos emitindo, cando en realidade somos das cinco comunidades que menos gases de efecto invernadoiro estamos emitindo. (*Aplausos.*) Entón, teño dúas opcións: ou rir ou chorar, e créanme que aínda me quedan moitas horas de traballo e non vou chorar, vou seguir traballando a prol da mitigación do cambio climático.

Pódolle dicir iniciativas como o caso de Climatón, ano 2017 e ano 2018, onde participaron dende políticos, investigadores, universitarios, alumnos e estudantes que compartiron con nós as ideas que agora están no deseño da Estratexia de cambio climático e enerxía 2015. Por certo, foi publicada o 15 de marzo, iniciouse o seu procedemento de información pública e vostedes —en vez de dicir o que non deben— están no momento de contribuír para que esa estratexia sexa a mellor posible e que sexa consensuada.

¿Que é o que buscamos? Avanzar cara o ano 2050 na neutralidade climática. É dicir, conseguir que as emisións de gases de efecto invernadoiro que non se poidan eliminar —porque hai algunhas que non se poden eliminar— se compensen pola absorción dos gases da con-torna natural.

Vostede dicía que nós somos os que non queremos optar polas renovables. Mire, se alguén critica as renovables créanme que son vostedes. Nós o que dicimos é que hai que facer unha transición ordenada, e pódese facer unha transición ordenada.

Pero ¿que busca a estratexia? Se vostede a lera, sabería que, por un lado, busca o aumento da participación das enerxías renovables no mix enerxético; fomentar a eficiencia enerxética en todos os sectores; cambiar os ámbitos urbanos cara a un modelo máis sostible; impulsar a investigación e a innovación ou conservar, restaurar e usar de forma sostible os ecosistemas. Iso é o que busca a Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 que, tal e como lles dixen, foi publicada o día 15, á que vostedes poden facer a súa contribución, e na que participaron máis de setecentas persoas, en seis mesas sectoriais, que deron a coñecer que mundo é o que queren, que Galicia é a que queren, e esa Galicia é a que intentamos desenvolver nesa estratexia, que é pública.

A nosa previsión é contar no mes de xuño cos documentos oficiais da estratexia e co primeiro plan operativo para a súa aprobación definitiva e a súa posta en marcha. Con todo, trátase dun documento vivo e eu convídoos a que vostede...



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...se poña a traballar nel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos datos reflectidos na documentación técnica asociada á solicitude de autorización da vertedura das augas pluviais procedentes da balsa da Bama, incorporada ao proxecto mineiro de Touro

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Antón Sánchez, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Cada paso que dá a empresa e cada novo dato que aparece mostra máis a verdadeira cara e as verdadeiras consecuencias da actividade que en Touro se pretende realizar: unha actividade extractiva depredadora, que busca o máximo negocio no menor tempo posible a custa do ben común.

Para que empresas como Atalaya Mining, Cobre San Rafael ou Explotaciones Gallegas fagan negocio coa megaminería é imprescindible que externalicen os custos ambientais de saúde e é imprescindible contar con administracións cómplices que o permitan. O resumo deste tipo de negocios é o beneficio para eles en pouco tempo e os custos para os demais e para sempre.

Nós non queremos ese futuro para Galicia nin para Touro nin para O Pino, e tampouco o quere a veciñanza de Touro e O Pino, porque eles saben máis que ninguén que as promesas do cumprimento estrito da lei para vostedes son papel mollado. Eles saben que, dende o peche da anterior mina en 1988, o que quedou foi a contaminación constante ao medio e aos regatos da contorna pola non restauración, e saben que o Partido Popular o tolerou constantemente.

Nos documentos presentados pola empresa Explotaciones Gallegas para a reapertura da mina tratan de invisibilizar a realidade do proxecto, pero a cada movemento vénselle as costas ás súas intencións; un exemplo diso é o que motiva esta pregunta.

No documento para a solicitude de autorización de vertidos da balsa de Bama aparecen dúas informacións relevantes. Unha, o recoñecemento implícito da constante contaminación permitida, que houbo durante trinta anos, dos regatos da contorna, xa que se recoñece a necesidade de xestionar e tratar as augas de escorrentía circulantes a través das superficies afectadas pola anterior actividade mineira, as que se denominan augas brutas, que conteñen altas cargas contaminantes.



E, por outra banda, outra información relevante contradí o que se manifesta no proxecto de reapertura, xa que esta contaminación se debe a que, segundo a empresa, a case totalidade dos materiais son potenciais produtores de sistemas con augas hiperácidas, e en menos dun 10 %, só se é separado en orixe do resto dos materiais ricos en xofre reducido, podería considerarse que o risco de hiperacidificación é mínimo. E no proxecto de reapertura, en cambio, falan de que o 50 % dos materiais son potenciais produtores de drenaxes ácidas e o 50 % que non, que son os que servirían para facer as enormes balsas proxectadas. E menten porque non poden dicir a verdade.

A verdade é que o que se plantexa é destrutivo a nivel ambiental, de saúde, social e económico, menos para eles, claro, e é o que teñen que disfrazar. Pero vostedes seguen apoiando este tipo de proxectos.

Señora conselleira, ¿por que non lle dan carpetazo xa a este proxecto? ¿A que agardan? Se o impacto da actividade mineira anterior a 1988 causou os danos que coñecemos, ¿cre que será asumible o impacto que conlevará un proxecto moito máis salvaxe, con dúas balsas de estériles de 95 e 125 hectáreas? ¿Por que temos que pagar nós os danos causados por outros que se lucran, sexa en Touro, San Fins, Santa Comba ou Monte Neme?

Señora conselleira...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez, terminou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Sánchez, hoxe trae unha iniciativa que non é nada nova, pero o certo é que hoxe a abordamos dende unha perspectiva máis sectorial: a calidade das augas. Pois ben, a Xunta de Galicia, en canto á calidade das augas, defendemos sempre e seguiremos defendendo o cumprimento estrito das leis e tamén as máximas exixencias ambientais, como sempre vimos facendo; e, dende logo, para nós non é papel mollado, como quere interpretar vostede.

Creo que hai que dicir que hai dúas cuestións moi diferenciadas neste asunto de Touro: o que é a antiga mina de Touro, con actuacións concretas, e ese proxecto de actividade mineira futura, que só se poderá levar a cabo cando os informes técnicos, que escrupulosamente miran a normativa sectorial e as leis, se cumpran con garantías medioambientais.

Vostede alude a unha documentación complementaria da autorización de vertido procedente da balsa da Bama, da corta, da denominada corta da Bama. Eu aclárolle que non é unha información nova —creo que xa o debería saber vostede— e non se refire en absoluto ao



mesmo tipo de material dese novo proxecto mineiro; estou segura de que vostede tamén o sabe, aínda que parece querer enredar.

Polo tanto, estamos a falar dunha zona afectada por unha actividade mineira de antano, e o que se están a levar son actuacións concretas para paliar posibles afeccións ao medio. ¿Que pasa puntualmente con episodios de choiva? Pois que hai desbordamentos. E, ¿que fai Augas de Galicia? Velar pola lei de forma rigorosa, señor Sánchez, de forma rigorosa, porque os técnicos de augas comprenderá que saben máis ca min en materia de augas e de cumprimento da lexislación, pero tamén máis que vostede. Polo tanto, perséguese de forma rigorosa calquera indicio de afectación ao medio; e, dende logo, imos actuar e actuarán os técnicos de Augas.

Polo tanto, velamos polo cumprimento da lei, velamos pola calidade das augas en Galicia e traballamos para que se minimicen as afectacións ao medio receptor en todo momento na contorna da antiga mina de Touro.

E eu insístolle, señor Sánchez, se se infrinxe a lei, non nos treme a man, ábrense expedientes sancionadores, así o din os técnicos de Augas de Galicia. Por iso, no último ano, en expedientes sancionadores á empresa abrimos 80.000 euros en materia de sancións.

Dende logo que facemos o noso traballo, señor Sánchez, pero é rechamante que me traia unha iniciativa para falar da calidade das augas vendo a preocupación dos seus compañeiros de partido, das Mareas de Podemos, pola calidade das augas, por exemplo, en Santiago. Ao alcalde impórtalle ben pouco: sen depuradora *sine die*, sen prazos, sen financiamento. Polo tanto, dános igual a calidade das augas do río Sar.

En Ferrol o mesmo. Se chega a ser polo alcalde de Ferrol, seguiríamos esperando polo saneamento da Malata. ¡Menos mal que estaba aí a Xunta de Galicia para empurrar! Polo tanto, en calidade das augas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira, terminou o seu tempo. Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ...están durmidos e lixeiros para dar leccións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Están aquí algúns veciños de Touro. Pregúntelles a eles se son expertos vostedes no cumprimento estrito da lei. Precisamente, señora conselleira, o Partido Popular leva tolerando durante trinta anos a contaminación da contorna de Touro; cómplice total desa actividade contaminante da empresa.

Vostede non contestou, porque a balsa para a que se pide agora, trinta e tres anos despois, autorización de vertido, leva anos e anos vertendo augas contaminadas, hiperácidas e con alta carga contaminante, e vostedes non fixeron nada.



¿Como que non é o mesmo material? O material é o mesmo nesa zona, anfibolitas, xistos e paragneises, o mesmo material que vai producir a acidificación das augas e a liberación de metais pesados. Claro, cando se empece coa actividade mineira. Cando están debaixo da terra, evidentemente, non acidifican, pero si cando empece a actividade mineira.

Sancións, señora conselleira. Empezaron a moverse vostedes despois de moitos anos de pelexa dos veciños e veciñas, que foron os que fixeron o traballo que vostedes tiñan que facer. Vostedes, mentres eran cómplices da actividade da empresa, durante anos non abriron ningún tipo de expediente sancionador de oficio, deixaron que se contaminasen as augas, e só despois de moitas denuncias dos veciños e veciñas —que foron tratados como sospeitosos cando son veciños exemplares que loitan polo futuro deste país— vostedes se moveron, despois de mobilizacións de milleiros de persoas que non queren este futuro que vostedes lles prometen: que veñan empresas que exploten os nosos recursos durante quince anos e deixen aí unha fonte de contaminación perpetua, que son as balsas que vostedes pretenden deixar no proxecto da mina de Touro, de 125 e 95 hectáreas, unha ameaza para a vida das persoas, para a saúde e para o ambiente.

Vostedes non dan nin poden dar ningunha lección de cumprimento estrito da lei porque foron cómplices absolutos da actividade delitativa desta empresa, *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Peche da pregunta, señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señor Sánchez, ¡de cómplices nada! ¡Se lle parece ser cómplices impoñer nun ano 80.000 euros en sancións...! Quero ver o que faría o señor Martiño Noriega por non facer a depuradora. Non sei se se multa a si mesmo. Quizais debería multarse a si mesmo por ser cómplice de afectar o río Sar. *(Aplausos.)* Polo tanto, nada que ver...

¿Parécelle ser cómplices meter 80.000 euros en expedientes sancionadores porque así o din os técnicos de Augas? Polo tanto, aquí estamos para cumprir as leis. Comprenderá que as leis están para cumprirse. A min, dende logo, preocuparíame moito que vostedes gobernasen, porque ¡se cren que as autorizacións se quitan ou se poñen segundo o antollo de cadaquén...! Estamos nun estado de dereito e os procedementos deben cumprirse.

Menos mal que vostedes non gobernan, porque ¡se é discrecional a autorización ou non de calquera asunto relacionado coa materia de calidade das augas! Discrecional e ilegal, e vostede está intentando que incumpramos a lei *(Aplausos.) (Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, de cómplices nada. Vostede será cómplice do que queira ser cómplice.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señor Sánchez!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Desde logo, nós somos cómplices da lei, do cumprimento da lei e de velar pola calidade das augas;



apremando a empresa para que non haxa vertidos na zona da antiga mina de Touro e garantindo a calidade das augas. E non imos consentir, porque somos organismo de conca, porque somos responsables de Augas de Galicia e porque así o demandan os técnicos de Augas de Galicia, que son os que fan os informes, ¡con independencia, señor Sánchez!. Non sei como fan os informes os técnicos das Mareas de Podemos. Os técnicos de Augas de Galicia, coa súa independencia e cumprindo a lei.

Eu insisto en que ao seu antollo non se poden facer os informes. Vostede seguro que lle dá instrucións aos técnicos para que os fagan ao seu antollo. Aquí, nesta consellería, fanse os informes con legalidade, cumprindo a lei.

Os técnicos de Augas de Galicia —como lle digo— saben máis que vostede e saben máis ca min. Polo tanto, o que fagan e o que digan os técnicos de Augas de Galicia, cumprindo a lei escrupulosamente. E se vostede quere falar da declaración de impacto ambiental, o resultado será o correspondente de todos os informes sectoriais que se fagan conforme á normativa ambiental.

Nós non imos amparar proxectos que sexan pan para hoxe e fame para mañá, soamente apoiaremos actividades responsables, actividades de calidade, actividades coas máximas e plenas garantías ambientais. E mire, eu creo que Augas de Galicia, en traballo de calidade das augas, creo que está máis que demostrado, a pesar —como digo— de ser competencia municipal tamén. Creo que debería vostede sabelo e falar co seu compañeiro Martiño Noriega.

Temos mobilizado máis de mil millóns de euros en materia de augas. ¡Non lle importa a calidade das augas do río Sar! En calquera caso, foron máis de 1.100 millóns de euros dende o ano 2009 en materia de saneamento e depuración e case medio centenar de depuradoras. Polo tanto, en xestión integral da auga si que estamos a traballar, e en prevención da deterioración. Para leccións aos demais, están lixeiros; para facer o seu traballo, totalmente dormidos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación das empresas auxiliares afectadas polos impagamentos do sector naval da ría de Vigo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, señor Conde, o BNG formula esta pregunta para falar da situación do naval; sobre todo das vítimas que deixou polo camiño a crise do naval, principalmente na ría de Vigo.



Vimos falarlle ao Goberno da Xunta da perda de traballo e de actividade económica, de máis de sete mil postos de traballo desde o ano 2009 nas principais empresas do sector e nas industrias auxiliares. Queremos falar de todo isto, e, sobre todo, queremos falarlle dun auténtico drama social e humano.

Traemos a este Parlamento a voz de pequenas empresas galegas e de persoas autónomas do Morrazo afectadas polos impagos das empresas do naval.

Cando menos, estamos a falar de doce empresas, señor conselleiro, que están desesperadas. Viñeron a este Parlamento a chamar ás portas de todos os grupos parlamentarios porque se lle pecharan todas as portas da Xunta de Galiza. Son doce pequenas empresas —realmente son máis, pero estas están agrupadas nunha plataforma—, afectadas polos impagos das empresas do naval, que lles deben máis de cinco millóns de euros, e nas que se perderon máis de cincocentos postos de traballo. Son empresas e persoas que, sen ter culpa de nada, resulta que tiñan débedas pendentes de cobrar e ás que Facenda e os bancos lles están reclamando pagos, o que provocou que estean a vivir un auténtico calvario, un auténtico pesadelo, coa entrada en concurso e co embargo de propiedades.

É un drama social e humano que se suma á perda dos postos de traballo, porque estas persoas perderon as súas casas e outros bens por débedas con bancos que recibiron miles de millóns de euros. É algo absolutamente obsceno que teñan débedas pendentes de pagamento e embargos dos seus ingresos. Persoas que sofren doenzas físicas e psíquicas, que sofren insomnio, estrés, ansiedade. Varias persoas que están aquí presentes neste Parlamento sufriron varios infartos por esta situación. E algunhas delas xa morreron e deixáronlles en herdanza ás súas familias estas débedas.

Señores da Xunta de Galiza, ante esta situación dramática, e cando ven que vostedes están pregoando a recuperación do naval, resulta que as portas da Xunta están pechadas para estas persoas.

Pedíronlle en tres ocasións entrevistas ao presidente da Xunta —teño aquí os papeis— en tres anos: no 2017, 2018 e 2019. Pero estas peticións de entrevistas acabaron nunha papeleira. ¡Isto é absolutamente indecente! Vostede é o conselleiro de Industria e tampouco os recibiu. Ten hoxe unha oportunidade magnífica para corrixir este desprezo e este abandono. Ten a oportunidade de recibilos porque están aquí hoxe. Dea a cara, señor conselleiro, e fale con eles ao acabar esta sesión de interpelación.

E díganos, e dígalles persoalmente a estas persoas que viñeron aquí para escoitalo a vostede, que van facer para arranxar a situación dramática que están a sufrir, sen ter ningunha culpa, de maneira absolutamente inxusta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, en primeiro lugar, loxicamente, toda a sensibilidade cos traballadores afectados pola situación do proceso concursal, e, polo tanto, pola situación dende o punto de vista económico e dende o punto persoal, que é extensiva a todos os traballadores e a todas as empresas que, lamentablemente, teñen que pasar por un concurso e asumir as consecuencias, moitas veces negativas. Polo tanto, as miñas primeiras palabras son nesa sensibilidade, tanto con estas empresas afectadas como con outras empresas que tamén en Galicia se vén afectadas por situacións similares.

O que non me parece razoable é ter que escoitar a súa miopía política, cando quere falar da situación do sector naval e se refire á situación do ano 2009 con respecto á do ano 2018. Efectivamente, o conxunto do sector naval pasou por moitísimas dificultades, e creo que o sector no seu conxunto merece un respecto que vostede non trasladou na súa intervención.

Nós si o facemos, porque nós si nos puxemos a traballar para buscar solucións cando o sector tivo os problemas do *tax lease*; cando se propuxeron solucións en materia de innovación, de formación e internacionalización; e hoxe o sector naval goza dunha recuperación clara, cunha decena de estaleiros e con 138 empresas auxiliares que están permitindo desenvolver novos contratos, que nestes momentos teñen un volume de negocio de 2.000 millóns de euros.

Con todo, é certo, señor Bará, que algunhas empresa non conseguiron remontar eses anos difíciles; empresas do sector naval e empresas doutros sectores. Pero creo que hai dúas dimensións que entendo que debemos diferenciar. Unha dimensión estritamente xudicial e outra dimensión política. E, dende logo, non teñen nada que ver unha coa outra.

Vostede séntese cómodo —seino— coa dimensión política, por iso seguramente vostede e o seu grupo seguen dándolle as costas a Ence cando se toma unha decisión electoral por parte do Goberno de Pedro Sánchez e poñen en risco, entre o Goberno e os grupos que apoian esta decisión, 5.000 empregos.

Pero volvendo ao tema, a plataforma que vostede sinala foi atendida por esta consellería. Foi atendida no ano 2017, constatouse que o que pedían era inviable e que non podía ser asumido pola Administración, e trasladóuselle con toda transparencia dende a propia consellería. Nós non sabemos se a situación cambiou. Volveron pedir unha reunión, esta mesma semana van ser recibidos polo director do Igape e, se se producise algún cambio con respecto ao ano 2017, dende logo non dubide de que nós o analizaremos e o veremos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Pero, en calquera caso, nós non obviaremos a prudencia e a responsabilidade que temos para xestionar os fondos públicos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor conselleiro, falou vostede de sensibilidade. ¿Sabe como se demostra a sensibilidade? Recibindo a xente, falando con ela e dándolle solucións, explicacións. Atendéndoa, prestándolle atención, non despezándoa e pechándolle as portas. (*Aplausos.*)

E sabe que esta pregunta que lle fixemos hoxe xa tivo a súa utilidade, porque despois de máis de dous anos sen recibilos, chamáronos. Curiosamente, chámaos o Goberno a través do portavoz do Partido Popular de Moaña. (*Aplausos.*) ¡Que curiosa representación do Goberno galego! ¡Como utilizan vostedes as institucións! Para convocalos a unha reunión, ¿sabe cando? Hoxe pola tarde, para que non puidesen vir ao Parlamento, así é como actúan vostedes.

Non fai falta que vaia o director do Igape, están aquí. Pode recibilos vostede, pode atendelos xusto ao acabar esta sesión. Acompáñoos eu a vostede para falar con eles. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) Si, si, están aquí. Non hai que ir a Moaña, están aquí.

Mire, quero facerlle preguntas moi concretas. ¿Vanos escoitar? ¿Vanos atender? ¿Vanlles dar apoio humano e apoio institucional?

Segundo, ¿vanlles proporcionar apoio técnico e xurídico? Porque están pasando unha situación —xa lle dixen— desesperada a nivel humano tamén. Sexan sensibles. Merecen como mínimo esta atención, non que tiren á papeleira os papeis coas súas peticións de entrevista.

En terceiro lugar, ¿van estudar a posibilidade de condonación das débedas coa Administración? Estas empresas, estas persoas, están vivindo un calvario con esta situación, un pesadelo do que non teñen culpa, porque quen teñen as débedas con eles son esas empresas do naval das que vostedes van de ganchete e ás que lles dan cuantiosas subvencións. ¿Van condicionar as axudas do naval a que paguen as débedas que teñen coas empresas auxiliares?

Por último, outra pregunta, ¿van evitar ás situacións de abuso que seguen sufrindo estas empresas —as que seguen tendo aínda actividade na subcontratación— por parte das empresas do naval, que lles piden condonar todas as débedas para seguir traballando e que os chantaxean vilmente? ¿Van eliminar esas prácticas, señor conselleiro?

Sabemos cales son as prioridades: saltar como un resorte para defender os privilexios de Ence, as ilegalidades de Ence e deixar abandonadas as pequenas e medianas empresas legais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.



O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Bará, non se poña nervioso (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) este Goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Bará, señor Bará, cando vostede falou houbo silencio e todo mundo o escoitou. Prégolle que faga o mesmo e que escoite a quen está no uso da palabra, por favor.

Adiante.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Non debería poñerse nervioso, debería saber que este Goberno sabe diferenciar perfectamente o que é o Goberno e o que é o partido. (*Murmurios.*) Vostedes claramente non o saben.

Tranquilícese, señor Bará, se eu lle vou contestar. Insisto, este Goberno sabe diferenciar o que é o Goberno e o que é o partido. No seu momento convocouse dende o Goberno e reuníronse co Goberno, e nestes momentos convocáronse dende o Goberno e vainos recibir o Goberno.

Se vostede quere vir aquí confundir e trasladar que vostedes si confunden Goberno con partido... Lamentablemente, iso fixeron no Bipartito, pero, afortunadamente, xa non estamos no Bipartito.

Pero o que non vai facer o Goberno é comprometerse sen coñecer o detalle do que necesitan a día de hoxe estas empresas. Iso coñecerá o Goberno de forma directa, e xa llo trasladei, se houbo algunha modificación da situación destas empresas con respecto á situación que tiñan no ano 2017, nós avaliaremos. Pero nós, señor Bará, o que non imos facer é o que vostede pretende trasladar aquí, que é asumir compromisos sen coñecer realmente cal é a situación.

En calquera caso, señor Bará, nós seguiremos traballando coas empresas, e creo que o triste deste tipo de situacións é que vostede veña aquí confundir. Creo que non debería buscar —que é o que fai habitualmente nas súas intervencións— a confrontación entre territorios, entre traballadores e entre empresas. Non busque a confrontación, señor Bará, porque así, dende logo, nin Galicia nin os traballadores e as traballadoras van atopar solucións.

O que non nos pode pedir ao Goberno, señor Bará, son imposibles nin ilegalidades, e vostede o sabe. Se vostede vén aquí pedirlle a este Goberno ilegalidades ou imposibles, dende logo, non o atopará. Vostedes teñen experiencia, recórdolle a Alfageme e recórdolle como dilapidaron fondos públicos. Este Goberno vai actuar en todo momento con responsabilidade, tamén con sensibilidade, pero sobre todo con realismo e facendo unha xestión eficiente dos recursos públicos, porque os recursos públicos, señor Bará, son de todos.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.



Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de en Marea, sobre os cambios introducidos nos pregos de contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Volvemos traer, unha vez máis, unha cuestión de sanidade imprescindible para o noso país como é o transporte sanitario, que, como saben as súas señorías, ten sido obxecto tamén de preguntas e intervencións por parte do noso grupo recentemente, nos últimos meses, e tamén na Comisión 5^a, onde nos temos interesado polo presunto caso de corrupción que se está a investigar nos xulgados en relación coa adxudicación do concerto do ano 2014, pero tamén polas condicións laborais que, desgraciadamente, sofren os traballadores e traballadoras do 061.

Nós aludámonos moito de que se teña alcanzado un preacordo. É certo tamén que non está aínda asinado o convenio e que o luns hai unha nova xuntanza para ver se hai un achegamento por parte das diferentes partes. É certo tamén que se manteñen os contratos fraudulentos en prácticas, que nós consideramos que teñen que ser eliminados para non caer nunha situación como aconteceu en Aragón, con esa sentenza do Social en relación co carácter contrario a dereito deste tipo de contratacións, pero cremos que está ben xa, despois de varios anos sen convenio.

O que acontece, señor Almuíña, é que para que se poida cumprir este convenio necesitamos que o concerto que se ten que asinar agora mesmo coas empresas, que xa sabe que nós defendemos que se preste dende a sanidade pública, pero se vai continuar prestándose a través da subcontratación, non facilite que os empresarios se descolguen despois do cumprimento dos convenios colectivos. Neste sentido, no último concerto asinado temos que trasladar —xa o fixemos noutras ocasións— a escaseza do importe que impedía, dalgunha maneira, garantir por parte da Xunta de Galicia que se ían cumprir os dereitos laborais, e, polo tanto, non entendemos en ningún momento como se puido asinar un concerto, neste caso, á baixa.

Vostedes publicaron no *Boletín Europeo*, inicialmente, a primeira información. Desgraciadamente non publicaron —cumprindo coa lei— na páxina de contratos públicos o resto da información, e, polo tanto non temos acceso. E hoxe queremos saber en que condicións se van licitar ese novos concertos coas diferentes empresas porque os traballadores e traballadoras, a día de hoxe, tampouco teñen coñecemento pola súa parte, e é importante ter claro cales van ser esas condicións para que a nivel económico permitan manter os acordos que se negocian agora mesmo entre os sindicatos e a patronal, e tamén coa Xunta de Galicia. Tamén queremos saber se dentro desas condicións contemplan vostedes que vai haber máis vehículos, porque xa lles dixemos que unha das demandas por parte do persoal era que os vehículos son insuficientes, e temos que lembrar aquí a utilización de ambulancias de apoio de forma totalmente incontrolada, que se utilizan para atender todo tipo de emerxencias e que nós denunciámos. E queremos tamén saber se iso vai estar contido no próximo prego ou nas próximas licitacións. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Señorías, o transporte sanitario urxente terrestre, concertado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, é un servizo que garante a todos os cidadáns galegos a accesibilidade, equidade e eficiencia dunha asistencia de alta calidade.

É un servizo prestado por magníficos profesionais. Un servizo que acada elevados niveis de satisfacción por parte dos usuarios, cunha puntuación media do servizo de 9,3 nunha escala de 0 a 10. Polo tanto é, desde logo, un servizo que todos os cidadáns de Galicia valoran positivamente.

Desde os seus inicios, o Servizo de emerxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivos principais garantir a accesibilidade, a equidade e a eficiencia dunha asistencia sanitaria urxente e de máxima calidade ao conxunto da poboación galega. Acadar estes obxectivos non é froito do azar, senón do traballo que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 realiza de maneira continua, avaliando os cambios demográficos, as variacións de demandas sanitarias, necesidades e actividades das diferentes comarcas e concellos da nosa comunidade autónoma, coa finalidade última de mellorar a asistencia sanitaria urxente e acercar os avances tecnolóxicos á nosa cidadanía.

Os nosos tempos de resposta en emerxencias son dos mellores de España, e continuamos sendo pioneiros na implantación de programas dirixidos a mellorar a asistencia de urxencias, replicados moitas veces polo resto de servizos de urxencias médicas do Estado.

Estas son algunhas das cualidades que avalan o noso modelo actual de xestión; un modelo que, dende logo, como digo, non hai moitos sitios en Europa que haxa un modelo tan accesible como é o noso.

Trátase dun servizo de alta calidade, o servizo máis valorado polos galegos de entre todos os que ofrece o Servizo Galego de Saúde aos cidadáns; un servizo que demostra cada día, e ás veces en situacións verdadeiramente complicadas, a súa profesionalidade e a súa capacidade de resposta.

Pero a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 continúa realizando unha avaliación continua das demandas, necesidades e actividade das diferentes comarcas e municipios de Galicia para valorar a necesidade de ampliar, redistribuír ou, en definitiva, mellorar esa rede de transporte sanitario urxente na asistencia que presta.

Fala vostede na pregunta de que é un modelo mercantilista. Curiosamente, é o modelo das 16 ou 17 comunidades autónomas, polo tanto, se somos mercantistas en Galicia, somos tamén no resto do Estado. E, como digo, en todo o Estado é un sistema moitísimo máis accesible que no resto de Europa. E imos seguir traballando, loxicamente, nesas pregos para que os próximos catro anos o servizo sexa aínda mellor.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Eu, señor Almuíña, pediríalle un pouco de respecto e que respostase vostede á pregunta que ten por escrito e que acabo de formular de xeito bastante obxectivo.

Despois da súa resposta, na que practicamente nos fixo un resumo do que trasladan habitualmente que vostedes consideran que é o servizo de ambulancias, non nos trasladou cales van ser as condicións dos pregos de contratación, e xa lle digo que non é un tema baladí. Evidentemente, nós preferiríamos que este servizo fora cento por cento público, e por iso xa trouxemos —creo que foi hai dous plenos— unha proposición non de lei para propor que ante o inminente vencemento dos propios concertos actuais, porque vencen en outubro, vostedes, en troques de dar outra vez un servizo privatizado, desen un servizo público. Vostedes votaron en contra, o Partido Popular votou en contra, e dixo que iso era inviable, que non o querían nin sequera estudar, e, polo tanto, a partir de agora vostedes teñen a obriga de concertar outra vez este servizo, porque teño que lembrarlle que dentro duns meses rematan os contratos que teñen vostedes en vigor, e que se novamente estamos ante un convenio coas empresas que non garante uns mínimos para poder manter o convenio colectivo, que ademais non mellora a situación laboral e, polo tanto, non mellora a asistencia sanitaria que se está a prestar neste momento, imos ter de novo un conflito laboral sobre a mesa, imos ter e novo problemas na proporción do servizo, polo tanto, vostede debería concretar aquí esas condicións.

Os traballadores están atentos, non están aquí pero saben que se vai realizar esta pregunta. Eu falei antes con eles e, dende logo, queren saber se se van incrementar os vehículos da frota tal e como pedimos.

Por certo, presentamos emendas todos os anos para propor o número que nós consideramos, evidentemente, en función das isócronas; hai isócronas superiores a trinta minutos no noso país, indicacións da necesidade de soporte vital avanzado e soporte vital básico en diferentes puntos do país, de diferentes vehículos. Pero ademais tamén queremos saber se eses novos acordos coas diferentes empresas adjudicatarias van permitir que se remate coa precariedade e van permitir importes que garantan o cumprimento do convenio colectivo.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): O 30 de xaneiro, en sede parlamentaria, apelei á responsabilidade das partes, empresas e traballadores, para que se che-



gara a acordos que non causasen molestias aos usuarios da sanidade pública. Fundamentalmente, entendiamos que nun servizo tan sensible había que ser coidadosos á hora de velar polos dereitos, e parécenme moi razoables esas peticións.

O pasado venres, como todos vostedes coñecen, os traballadores do transporte sanitario de Galicia en folga ratificaron o preacordo coa patronal, o que supón a suspensión do inicio de folga indefinida para reivindicar ese novo convenio colectivo. Desde logo, alegrámonos de que se chegara a un acordo porque entendiamos —como dicimos— que este servizo ten que seguir dando o nivel de calidade que durante todos estes anos estiveron dando.

Loxicamente, temos ese período para ir revisando todos os pregos e facer un prego da mellor forma posible. E teño que dicir —pese ao que diga a señora parlamentaria— que ao concurso anterior, hai catro anos, se presentaron empresas incluso con baixa, polo tanto, entendiamos que estaban os cálculos ben feitos.

Nesta ocasión, desde logo, imos facer —igual que o fixemos naquel momento— o estudo cuantificando tamén o último acordo e seguindo, loxicamente, o que nos marca a normativa, que é a Lei de contratos do sector público. Debemos realizalo utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade-prezo, que se avaliará atendendo aos criterios económicos e cualitativos. Evidentemente, os servizos son o primeiro en valorar, pero tamén as condicións laborais dos traballadores. Este convenio, este preacordo, está próximo a firmarse. A idea é que o próximo día 1 se faga. E, a partir de aí, loxicamente con informes da asesoría, con informes da Intervención xeral, aprobarase e sairá a publicidade. Loxicamente, non o imos facer público hoxe cando faltan todos estes trámites legais para facelo.

Como digo, imos cumprir a lei, imos seguir todo o procedemento que está disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón o ordenamento xurídico das directivas comunitarias. Polo tanto, señora Solla, entendo que teña interese en coñecelo, pero, loxicamente, nós imos seguir estritamente a legalidade, velando polo que vela sempre a Consellería de Sanidade, que é a máxima calidade do servizo sanitario público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Almuíña.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do impacto da eliminación da Área Sanitaria de Valdeorras na calidade da asistencia sanitaria no Hospital Comarcal de Valdeorras

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.



A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Señor conselleiro, imos comezar hoxe por algo que é case de Barrio Sésamo. Dende o hospital de Ourense ao de Valdeorras hai exactamente 115 quilómetros circulando pola sinuosa N-120. Aproximadamente unha hora e corenta minutos é o tempo que leva ese desprazamento. Sábeno ben os meus compañeiros e compañeiras que hoxe asisten a esta sesión plenaria, alcaldes e concelleiros da comarca de Valdeorras do PSdG.

Lémbrollo, señor conselleiro, da mesma maneira que o fixo nunha sentenza recentemente o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que condenou o Goberno galego, a Xunta de Galicia, por obrigar a pediatras que estaban no hospital de Ourense a facer gardas localizadas no hospital de Valdeorras. É dicir, gardas localizadas nas que se ten que estar en 20 minutos cando teñen que percorrer unha distancia que leva unha horas e corenta minutos, unha auténtica temeridade, tanto para os profesionais como para os propios pacientes.

Por se fora pouco, enterámonos que vostede agora quere provocar e promover tamén a mobilidade forzosa deses médicos. Xa lle adianto a solicitude do PSdG de que retire esa medida, ese ocorrencia, que acaban de ter estes días. *(Aplausos.)*

Gardas aleatorias e non continuadas que non soamente se dan no servizo de Pediatría, tamén no de Hematoloxía. En Nadal mesmo a hospitalización a domicilio suspendeuse pola falta, por exemplo, de médicos de Medicina Interna. Faltan cirurxiáns, faltan anestesistas, faltan médicos de apoio no traslado de pacientes urxentes... Todo isto e moito máis é a consecuencia da eliminación da Área sanitaria, unha eliminación que o que provocou é a recentralización de Valdeorras a Ourense, pero tamén está habendo unha recentralización de Ourense a Vigo. E póñolle un exemplo.

Se un meniño ou meniña, por exemplo, do concello da Veiga, ten un problema e ten que someterse a unha cirurxía pediátrica un sábado ás 5 da tarde, ten que desprazarse, pasando por Ourense, máis de tres horas ata chegar ao hospital de Vigo, porque non hai cirurxía pediátrica as 24 horas no Complexo Hospitalario de Ourense. Se o que ten é un problema, un infarto, e necesita Hemodinámica as 24 horas, como tampouco a hai no complexo hospitalario, a un veciño ou veciña, por exemplo, do Bolo, lévalle outras tres horas... máis de tres horas, chegar ata Vigo.

En Valdeorras, señor conselleiro, o que queren é un hospital de primeira, non queren un ambulatorio de segunda, que é o que está vostede a facer.

Para facer isto, o que ten que facer e as medidas que lle propoñemos é que cubra esas vacantes, que restableza a Área sanitaria eliminada recentemente e que aprobe de maneira urxente un novo plan director para esa ampliación do Hospital Comarcal de Valdeorras. E, xa lle digo, un plan director digno, non me veña con partidas irrisorias nin con partidas como anunciou recentemente, cun importe moi similar ao que custan soamente os carteis de hospital público que están poñendo por toda Galicia. *(Aplausos.)*



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Saúdo novamente a portavoz ocasional de Sanidade do PSdG, porque chegando a época electoral imos cambiando de portavoces en Sanidade case como cambiamos de vestido. (*Murmurios.*)

Desde a Consellería de Sanidade traballamos para atender as necesidades e resolver os problemas dos pacientes no lugar máis próximo ao seu domicilio. Por iso, reforzamos os hospitais comarcais mellorando a súa capacidade de resolución e os servizos que prestan. A máxima nosa, coa modificación da lei, é precisamente acercar os servizos ao cidadán. O distrito do Barco de Valdeorras mantén e manterá todos os seus recursos materiais e humanos.

Precisamente a reforma da Lei de saúde tivo por obxectivo garantir por lei a actividade asistencial nos hospitais comarcais, garantindo a carteira de servizos aos pacientes de hospitais comarcais, solventando as dificultades para fixar profesionais e xerando un marco normativo que sente as bases da coordinación de persoal de recursos que xa se vén facendo desde as xerencias de xestión integrada.

Ademais do mantemento da actividade asistencial, mostra da mellora cualitativa e do éxito deste modelo organizativo de coordinación interhospitalaria é a oferta, directamente desde o Hospital Comarcal de Valdeorras, de especialidades antes inexistentes, como Neuroloxía, Dixestivo, Endocrinoloxía, Reumatoloxía. Ademais da extensión de CardioloXía e a posta en marcha da Unidade de hospitalización a domicilio e de coidados paliativos, evitando o traslado de pacientes a Ourense para seguir estes tratamentos ou acudir á consulta en todas elas. Tamén é coñecido o gran funcionamento, grazas tamén ao xefe de servizo de toda a área sanitaria de Oncoloxía, o doutor García Mata, do Hospital de Día Oncolóxico.

A coordinación asistencial, novas técnicas e melloras, iso é o que queremos para este hospital e para os outros hospitais comarcais. Consultas de alta resolución, acto único de CardioloXía e de Dixestivo, e-interconsulta de CardioloXía, Dixestivo, Neuroloxía e OftalmoloXía; ampliación da carteira de servizos cirúrxicos de Uroloxía; a posta en marcha de vías rápidas de cancro de colon, pulmón, mama, larinxe, vexiga e próstata; ademais de lumbalxia, demencia e melanoma; a implantación do Programa de autocontrol de anticoagulación por parte do propio paciente no seu domicilio, sen necesidade de desprazamento. Por certo, Ourense —tamén O Barco de Valdeorras— é das que levan este proxecto, que é de máxima innovación, en maior número de casos.

Cobertura farmacéutica das residencias sociosanitarias da área sanitaria de Valdeorras por parte do Servizo de Farmacia do Hospital comarcal; ampliación da carteira de servizos de Cirurxía; implantación da consulta de alta resolución de Cirurxía Proctolóxica. Fíxense, se realmente fora como nos di a portavoz do Partido Socialista, parece que vai pechar, e, cu-



riosamente, a actividade do Hospital Comarcal de Valdeorras a decembro de 2018 permitiu realizar 2.417 intervencións cirúrxicas, 3.288 ingresos, 65.906 consultas e (...) *(Inintelixible.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Polo tanto, parece ser que a actividade do Hospital comarcal segue crescendo e dando maior calidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vázquez Almuíña.

Para a réplica ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, o portavoz de Sanidade do Grupo Socialista é o señor Torrado. Eu son deputada por Ourense, que existe, igual que existe Valdeorras, por iso fago hoxe esta pregunta, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

Di vostede que isto é unha cousa nosa, ¿non? Non, non o di o PSdG, estano dicindo os propios representantes institucionais do Partido Popular na comarca de Valdeorras, nunha moción presentada polo alcalde da Veiga, onde o punto 3 di: «que o Hospital do Barco de Valdeorras teña o persoal necesario de maneira estable para manter os servizos básicos sanitarios para que todos os veciños estean atendidos dignamente». Señor conselleiro, o alcalde do Partido Popular lémbrolla que ten que atendelos dignamente, tal e como di na moción, despois de reunirse once veces con vostede, ¡once veces!. Dío a candidata do Partido Popular do Barco, que pide melloras para a sanidade. E dío o PP petinés, que pide que o hospital non perda servizos. Dino os seus compañeiros e compañeiras porque vostede está só, señor conselleiro, xunto co señor Feijóo. Porque os seus alcaldes non é que crean máis na sanidade pública que vostede, é que teñen a veciñanza apostada ás portas dos seus concellos petando e dicindo: ¿que están facendo os teus en Santiago que non son capaces de darnos uns servizos sanitarios dignos nesta comarca? ¿Que están facendo? *(Aplausos.)*

Vaise vostede converter, señor conselleiro, vaise transformar no auténtico enterrador, o enterrador da sanidade pública en Valdeorras. *(Murmurios.)* E vai pasar vostede á historia como o enterrador da sanidade pública. *(Murmurios.)* E non sei por que os deputados do Partido Popular se alporizan tanto, porque levamos toda a sesión plenaria escoitando insultos tamén aos ministros e ministras *(Murmurios.)* do Goberno de España. *(Murmurios.)*

Mire, señor conselleiro..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...poña en marcha, dunha vez por todas, esa ampliación do plan director. E, por favor, non volva a Valdeorras vender unha mesa de partos de 19.000



euros e un cambio de chan de cociña de 90.000 despois de que neste complexo levan sen facerse obras dende o ano 2002.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Señor conselleiro, un hospital digno para unha comarca que existe e para unha cidadanía que o merece.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Evidentemente, falar de enterrador en Sanidade é de moi mal gusto, pero, bueno, a verdade é que nos ten acostumados, non é nada raro. *(Aplausos.)*

Mire, non só falamos de actividade, tamén falamos de resultados, e resultados son os tempos de espera. O Hospital de Valdeorras ten un tempo medio en espera cirúrxica de 37,6 días, e ningunha persoa espera máis de tres meses; desde logo, en Europa poucas comarcas poden dicir o mesmo. O tempo medio de espera cirúrxica da actividade 1 está en tres días; en consultas externas, tempos medios, 34,5 días.

Pero estamos acostumados porque polo menos neste momento xa din que queremos converter o Hospital do Barco de Valdeorras nun ambulatorio, pero hai uns anos, tamén en campaña electoral, dicían que iamos pechar o Hospital de Valdeorras; pasaron os anos e parece que non imos por aí.

Este modelo organizativo ao que a nova Lei de saúde dá respaldo normativo axuda a resolver as dificultades habituais en moitos comarcais —non de Galicia, senón de España, é un problema dos hospitais comarcais de toda España— para cubrir os seus cadros de persoal facultativo, especialmente en determinadas especialidades que non contan con profesionais dispoñibles no mercado laboral. Ou optan por centros sanitarios de maior volume de poboación, evitando que a falta puntual dun especialista propio afecte á actividade asistencial diaria ou aos pacientes. Así, grazas á Área sanitaria da que forma parte o distrito de Valdeorras, foi posible manter a asistencia nas especialidades de Traumatoloxía e Medicina Interna —das que antes falou—.

No caso de Traumatoloxía, un facultativo con contrato deixou o hospital, pero, grazas ao traballo do resto de facultativos e ao apoio dos facultativos do Hospital de Ourense desa especialidade, a actividade básica deste servizo puido manterse. Se estivese illado, se estivese como área sanitaria exclusivamente, o hospital de Valdeorras tería dificultades para cubrir esa praza.



Do mesmo xeito, Medicina Interna, tras a saída de dous facultativos con praza en propiedade por mor dun traslado a outra rexión de procedencia, a actividade básica deste servizo puido de novo manterse grazas ao traballo dos facultativos do Barco de Valedorras e ao apoio de facultativos do hospital de Ourense na cobertura das gardas de presenza física. Neste contexto, a Área sanitaria permitiu, nunha situación comprometida, manter a actividade básica de ambos os servizos; ou, máis concretamente, a actividade de gardas, que en ningún momento se viu reducida.

Señorías, coa nova Lei de saúde non se pecharon os hospitais comarcais, senón que traballamos para melloralos. En concreto, no Hospital de Valdeorras xa sei que un millón de euros igual lle parece pouco á deputada, pero é o que imos investir de forma inmediata. De feito, xa estamos con actuacións acabadas: obras de laboratorio e renovación de instalacións. En execución está a instalación da nova cabina de fluxo laminar vertical e a reestruturación da área de Urxencias-PAC. E imos realizar a reforma e ampliación do Hospital de Día Oncohematolóxico e da área de Dixestivo, a renovación das salas limpas de farmacia, o plan funcional de UTPR...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...a reforma e a ampliación da recepción, a reforma de consultas externas, a reforma do arquivo, a reforma da cociña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e as actuacións de instalacións de fontanería e climatización.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Un millón de euros en moi poucos meses para que siga crecendo e mellorando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...o Hospital Comarcal de Valdeorras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Almuíña.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Manuel Rey Varela e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación dunha unidade de referencia para a diagnose e asesoramento respecto das patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rey Varela.



O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, Ferrol é unha cidade vinculada á construción naval. Nos anos setenta, os estaleiros da ría de Ferrol empregaban a preto de 15.000 persoas; 15.000 persoas que utilizaban o amianto con moita frecuencia. Este material, como saben, é tamén un material utilizado na construción nos anos setenta, oitenta e noventa dunha maneira moi diferente ao que afortunadamente agora sucede, así como os controis para a súa eliminación.

Como vostede sabe, o amianto afecta a pleura, provocando o seu engrosamento, e co tempo comprime o pulmón e dificulta a respiración. Temos en Ferrol, en toda área sanitaria, moitos casos de asbestose e de cancro provocado polo asbesto.

As empresas non aportaban as medidas de seguridade necesarias aos traballadores que manipulaban o amianto, e estes descoñecían, durante moitos anos, os seus efectos.

A Sociedade Española de Neumoloxía e Cirurxía Torácica, a Separ, publicou unha normativa titulada *Recomendaciones sobre el diagnóstico y el manejo de la patología pleural y pulmonar por asbesto*.

Estes feitos fan preciso, dende o noso punto de vista, nunha cidade como Ferrol, unha unidade específica de vixilancia postocupacional dos traballadores que estiveron en contacto co amianto. E establecéronse por parte do Sergas disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicadas aos traballadores con risco de exposición ao amianto.

Nestes momentos, conforme a eses protocolos, máis de mil pacientes son seguidos nas consultas de asbesto do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, e un número aínda moito maior deses mil é seguido nos centros de saúde da área sanitaria.

A alta incidencia desta patoloxía, así como a experiencia no manexo da mesma, fai necesaria a creación dunha unidade de referencia que dea resposta a esta demanda de moitas persoas, a esta demanda de moitas familias, e á demanda de reivindicación, tamén de moitos anos, de entidades como Agavida.

Pola importancia disto ¿ten pensado o Goberno de Galicia a creación dunha unidade de referencia para a diagnose e o asesoramento sobre as patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para contestar, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que son coñecedor da sensibilidade da área de Ferrol con este problema, un problema moi importante. Desde a Consellería de Sanidade coordinamos dúas actividades diferentes relacionadas coas patoloxías derivadas da exposición ao asbesto. Por unha



parte, as dirixidas aos traballadores que están en activo, cunha vixilancia especial, e, desde o ano 2001, a través do Programa integral de vixilancia da saúde dos traballadores que estiveron expostos ao amianto —como ben dicía vostede— con limitacións, porque naquel momento había un descoñecemento importante sobre a patoloxía que podía derivar.

En Galicia, xa desde o ano 2001, desenvolvemos un programa coas seguintes actividades. Por un lado, elaboración dun rexistro no que se incluíron tanto os traballadores activos como os que estaban de baixa das empresas, sempre coa idea de que un diagnóstico correcto e un manexo temperán son puntos claves para o prognóstico da enfermidade.

O punto dous é un programa específico de seguimento de postexpostos. Para iso remitíronse cartas dirixidas tanto aos profesionais como a todos os traballadores afectados, que deberían ser avaliados co obxecto de iniciar recoñecementos médicos, con indicación de que patoloxías detectadas debían derivarse ao hospital para o seguimento. De non encontrar patoloxía, realízalo no ámbito da atención primaria.

Para o seguimento das actividades de asistencia neste ámbito, constituíuse na EOXI de Ferrol unha comisión de seguimento do programa de traballadores expostos ao amianto na que participan diversas organizacións sindicais e a Asociación de pacientes Agavida, a Asociación Galega de Víctimas do Amianto. Esta asociación, ademais, forma parte do Consello Asesor de Pacientes da Área Sanitaria de Ferrol, que se constituíu hai uns días, o 23 deste mes de marzo. A participación activa e a colaboración desta asociación vén facilitando as melloras acadadas no seguimento destes pacientes ata o momento actual.

Dado que case a práctica totalidade dos casos se concentra na área sanitaria de Ferrol, creouse neste hospital unha axenda específica destas patoloxías e contratouse un neumólogo e outro persoal sanitario— exactamente unha enfermeira—, aglutinando a todos os pacientes que tiñan patoloxías derivadas da exposición ao asbesto. Aí quero sinalar a importancia da doutora Carmen Diego Roza, que forma parte, precisamente, do grupo que fixo ese informe de Separ e desde o ano 2002 está traballando nesta unidade creo que de forma excepcional.

Na actualidade, nesta consulta hospitalaria son atendidos anualmente arredor de 1.050 pacientes, que xeran 1.100 consultas, 1.077 probas de función respiratoria, 193 tomografías computerizadas e 608 radiografías de tórax. Ademais da actividade asistencial, os profesionais deste hospital realizan informes para solicitudes de minusvalía, incapacidade e recoñecemento da enfermidade profesional; necropsias cando, desgraciadamente, ocorre o falecemento dos pacientes; actividades periciais en xuízos do social; elaboración de artigos científicos e relatorios en congresos e tamén participación en estudos nacionais multicéntricos, en relación coa patoloxía relacionada co asbesto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e ocupación en xeral. E dende hai apenas un mes, concretamente o 8 de febreiro, a Dirección...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...Xeral de Asistencia Sanitaria emitiu a resolución para constituír a Unidade de diagnóstico e asesoramento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...nas patoloxías derivadas da exposición ao asbesto.

Moitas grazas. *Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede outro turno agora. Moitas grazas

Para a réplica, ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor conselleiro.

Quero agradecerlles a axenda específica sobre esa problemática de moitos anos; unha problemática que ten causado moita dor a moitas persoas e tamén ás súas familias, efectivamente. O noso recoñecemento tamén aos doutores e ao equipo técnico, pois coa súa capacitación veñen avanzando nesa axenda específica e nesa unidade que, de verdade, era unha demanda moi importante para Ferrol e para unha comarca de 200.000 habitantes que ten neste tema unha problemática moi especial que estou seguro de que, con este paso adiante que acaba de anunciar, conseguiremos ir paliando a longo prazo.

Quero agradecerlle isto e quero aproveitar tamén esta intervención, señor conselleiro, para agradecerlle, pese aos atrancos municipais, que teña desbloqueada a ampliación da área sanitaria de Ferrol. A verdade é que tamén se leva falado moitos anos do plan director, moitos anos de investimento, pero vostede e o Goberno teñen mudado as palabras en feitos. Moitos dubidan dos feitos, pero os gobernos o que lles teñen que presentar aos cidadáns son feitos. Neste caso, feitos e ademais 57 millóns de euros de investimento, que é o investimento sanitario máis importante que tivemos en Ferrol nos últimos corenta anos.

Polo tanto, moitas grazas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Como digo, o 8 de febreiro, hai moi pouquiño tempo, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria emite nunha resolución o carácter formal de comezo da actividade da nova unidade diagnóstica e de asesoramento das patoloxías derivadas da exposición ao asbesto, de referencia, ademais, para todos os pacientes protexidos polo Sergas. Non só vai ser unha unidade



para a área de Ferrol, non vai ser unha unidade só para a área da provincia da Coruña, senón que vai ser unha referencia a nivel do Sergas.

Os obxectivos desta unidade son considerados estratéxicos, polo tanto, vaise impulsar a cultura da excelencia e da mellora continua; orientar a actividade cara ás necesidades dos pacientes e usuarios, asegurando a equidade no proceso de atención sanitaria; mellorar o desenvolvemento, implicación e satisfacción do persoal a través da cooperación; buscar a aprendizaxe e innovación da investigación e uso racional das TIC; conseguir unha coordinación asistencial excelente con atención primaria e unha coordinación con outros actores implicados no proceso, como é o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral ou o Instituto Nacional da Seguridade Social. Mellorar tamén a accesibilidade e ampliar a carteira de servizos, realizando novas probas técnicas, e aumentar o desenvolvemento tecnolóxico da unidade.

Ademais de aumentar a eficiencia desta unidade, que vai ser referencia a nivel do ámbito galego, establecer alianzas con outros servizos tanto internos como externos, entre eles, a Unidade de Cirurxía Torácica do centro de referencia a través de equipos multidisciplinares.

Por suposto, mellorar a visibilidade e proxección do centro e garantir a seguridade das intervencións, ademais de fomentar a investigación clínica de alto nivel, porque é importante o diagnóstico e o tratamento, pero tamén investigar sobre estes procesos que —como dicíamos— se concentran especialmente na área de Ferrol. Reforzaremos xa esta unidade coa contratación dun novo pneumólogo e tamén dunha enfermeira, un técnico de coidados de enfermería e un auxiliar administrativo, co cal, nun par de meses estará a pleno funcionamento, seguindo a estela da actividade que desde o ano 2001 se iniciou en Ferrol. É unha importante mellora para o servizo sanitario de Ferrol, pero tamén de Galicia.

E como ben dicía o deputado, para nós, desde logo, é importante o cambio que estamos facendo na sanidade da área de Ferrol, é fundamental. Entendemos que hai que mellorar a hospitalización, hai que mellorar urxencias, hai que mellorar moitos servizos hospitalarios, pero a atención primaria desta área tamén está dentro dos nosos proxectos, e non son palabras, son xa cartos investidos, porque hai unha fase cero de todo o que é o proxecto de ampliación, e agora estamos —como ben dicía— á espera do procedemento. Xa que o Concello de Ferrol non foi quen de darnos a licenza municipal, imos seguir a Lei 3, a lei que xa se aplicou nalgunha outra ocasión ante a imposibilidade de que o concello...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Polo tanto, en breve máis realidades para Ferrol.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Almuíña.



Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do programa Nelson Mandela, de inclusión e integración social das persoas en situación de reclusión en penitenciarías

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, boa tarde.

Galicia conta cun programa denominado Nelson Mandela, para a reinserción das persoas reclusas, que se vén desenvolvendo durante os últimos dez anos no penal de Teixeiro. Este programa ten por finalidade facilitarlles á súa reincorporación á vida en liberdade tanto no aspecto laboral como no aspecto familiar.

Este módulo Nelson Mandela conta cun equipo de inclusión composto por tres profesionais, que se ocupan non só de deseñar eses itinerarios de inserción, senón tamén da organización dos obradoiros que se desenvolven. Os resultados, durante estes dez anos, foron positivos no traballo de integración das persoas que están a piques de obter o terceiro grao e recuperar a súa liberdade. Galicia, polo tanto, é pioneira e representa un referente para o resto das comunidades autónomas en traballar para facilitar o tránsito cara á liberdade da poboación reclusa. A Rede Europea de Servizos Sociais recoñeceu este programa como un exemplo de intervención social con éxito en políticas activas de inclusión. Ademais, unha delegación da Comisión Europea visitou este módulo interesándose polo proxecto, e recibiu o recoñecemento de Institucións Penitenciarias do Goberno central.

Polo tanto, señora conselleira, despois de dez anos de desenvolvemento do programa Nelson Mandela, ¿que valoración fai vostede, dende a Xunta de Galicia, do seu funcionamento? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Para que o traballo do Goberno galego a prol das persoas que máis o necesitan sexa realmente útil, debe de chegar alí onde están esas persoas, e un destes ámbitos son os cárceres.

As persoas que saen das prisións presentan un alto risco de caer nunha situación de exclusión, por iso cómpre actuar de xeito preventivo para evitar que isto ocorra. Ese é o obxectivo dunha iniciativa innovadora que está a desenvolver a Consellería de Política Social, que é o



programa Nelson Mandela. Este programa leva dez anos desenvolvéndose no Centro Penitenciario de Teixeiro, na provincia da Coruña, cun éxito contrastado e recoñecido internacionalmente, como comentarei despois.

No módulo Nelson Mandela prepárase os internos para a vida posterior en liberdade. Aqueles que libremente decidan participar na iniciativa e sexan admitidos no módulo dispoñen de itinerarios personalizados de inserción familiar e de inserción sociolaboral.

Ademais, o programa Nelson Mandela non remata unha vez que os reclusos saen de condena, senón que nese momento entra en funcionamento a rede pospenitenciaria de seguimento, que funciona en coordinación cos servizos sociais municipais, coas entidades que traballan no ámbito da inserción social e tamén cos dezaioito equipos comarcais de inclusión social dos que dispón a Consellería de Política Social a través do consorcio.

Gustárame aproveitar esta intervención para agradecer ás persoas que fan posible o Programa Nelson Mandela: tres técnicos, unha coordinadora, e un asesor técnico con prestixio internacional, Enrique Arnanz, ademais, por suposto, de todos os profesionais de institucións penitenciarias que traballan no centro de Teixeiro. Grazas a todos eles e a todas elas, nestes dez anos pasaron polo módulo máis de mil cen persoas que participaron en cursos e obradoiros, elaboraron unha revista ou cursaron o graduado na ESO, no bacharelato ou na universidade. Non en van, o programa Nelson Mandela tómase como referencia máis alá dos límites de Galicia: no 2010 foi recoñecido por Institucións Penitenciarias coa Medalla de Prata ao Mérito Social Penitenciario, no 2011 recibiu a visita do que daquela era comisario de Asuntos Sociais da Unión Europea, László Andor, e neste mesmo mes de xullo falarase de Galicia e do módulo Nelson Mandela no Congreso Europeo de Servizos Sociais, que se celebrará en Milán.

Os resultados, señorías, falan por si sós.

Máis nada e moitas gazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a Estratexia de inclusión social de Galicia, esa estratexia tan criticada aquí, neste parlamento, contempla, nun dos seus obxectivos, apoiar nos procesos de reinserción sociolaboral as persoas reclusas, algo que neste parlamento aos grupos da oposición non lles parece importante. Dende logo, para nós, para o Partido Popular, si o é, porque a Xunta de Galicia o que está facendo é traballar a prol das persoas en situación de risco de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social e promover a loita contra a pobreza e calquera forma de exclusión ou discriminación.

Efectivamente, como vostede di, van dez anos con esta experiencia deste módulo Nelson Mandela, e agora os resultados son positivos. A nós gustaríanos que vostede nos dixera se a



Consellería valora ampliar este proxecto a outros penais situados en Galicia para favorecer a inserción social destas persoas que están na cadea pero que pronto van saír en liberdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche desta pregunta, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputadas e deputados.

Moitas grazas polo seu interese neste programa pioneiro que se está a desenvolver aquí, na nosa comunidade autónoma, en Galicia. E digo que é un programa pioneiro porque, no día de hoxe, non existe ningún programa semellante en ningún outro centro penitenciario nin de España nin de Europa.

As boas valoracións que recibimos, tanto dos propios reclusos como dos principais expertos en inserción penitenciaria, fixéronnos comezar a traballar na posibilidade de estender este modelo a outros centros na nosa comunidade. Polo tanto, hoxe podo anunciarlles que a Xunta de Galicia vai propoñer a instalación dun módulo semellante ao Nelson Mandela no centro penitenciario da Lama, en Pontevedra.

Ampliamos este programa porque é unha referencia a nivel europeo, ampliámolo porque nestes dez anos de funcionamento os resultados foron moi positivos e ampliámolo, sobre todo, porque o módulo Nelson Mandela de Teixeiro está a ser útil para as persoas que pasan por el.

Por iso, podo confirmarlles que xa se iniciaron os trámites coa Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias para que este novo módulo poida poñerse en marcha antes de que remate este ano 2019. Estamos seguros de poder contar co compromiso do futuro Goberno central, sexa cal sexa a súa cor, para sacar, por suposto, adiante esta importante iniciativa.

A Xunta de Galicia, polo tanto, segue e seguirá traballando sempre pola plena inclusión das persoas que están en risco, indo, precisamente, alí onde elas se atopan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e de D. Raúl Fernández Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para diminuír o número de accidentes de tráfico provocados polos xabarís

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pérez Seco.



O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Os xabarís campan ás súas anchas polas estradas e polas vilas galegas. Basta con botar unha ollada ás nosas estradas, ou mesmo nas vilas, para comprobar que isto é así. O xabaril achégase cada vez máis ás vivendas, onde nos restos do lixo atopa alimento, o que pode ser un gran perigo para as persoas. A presenza dos xabarís, en xeral, trae consigo consecuencias e problemas a todos os niveis: por un lado, afecta os gandeiros e gandeiras, así como os agricultores e agricultoras, e, por outro lado, a seguridade viaria.

En canto á agricultura, desfán as colleitas, provocan cambios no uso do solo e aumentan a erosión. En canto aos gandeiros, sofren no seu propio peto a poboación descontrolada deste animal, xa que os xabarís son a causa que lles esnaquiza as plantacións de millo, así como o resto das colleitas, e isto supónlles gastar moitos máis cartos soamente na alimentación do seu gando, polo que teñen máis custos e menos beneficios.

En canto á seguridade viaria, o xabaril ampliou o seu radio de acción ata ser, no día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria. A súa presenza nas estradas xa non só afecta as vías secundarias, senón que se estende á totalidade das estradas, incluídas as autoestradas, e isto xa está a causar importantes danos materiais e a poñer en risco a vida das persoas.

Os accidentes relacionados cos xabarís son principalmente pola noite, xa que a súa actividade é principalmente nocturna. Isto, unido á falla de iluminación, fai que non haxa tempo de reacción para evitar o impacto. Así, para os condutores, cando son conscientes da presenza do xabaril, é demasiado tarde. No ano 2018 producíronse en Galicia máis de catro mil oitocentos accidentes con fauna salvaxe, dos que máis da metade —uns dous mil quiñentos— foron accidentes provocados por xabarís, segundo os datos da Dirección Xeral de Tráfico. Estes accidentes xa non se producen nos días de caza ou batida autorizada, senón que se producen calquera día da semana en case calquera punto do territorio galego.

En definitiva, tanto o rural como o urbano de Galicia son conscientes do fracaso total do actual modelo de xestión da poboación do xabaril, descontrolada e sen previsións de mellora. Por iso, formúlolle a seguinte pregunta: ¿que medidas vai adoptar o Goberno galego para reducir os accidentes de tráfico provocados polos xabarís?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.



Señoría, hoxe trae unha iniciativa para falar da proliferación do xabaril e dos seus efectos na seguridade viaria. Polo tanto, na seguridade viaria voume centrar, principalmente, e farei das distintas situacións e dos efectos do xabaril en materia de seguridade viaria e tamén noutras cuestións. Porque o certo é que non é un tema exclusivo de Galicia e tampouco é un tema exclusivo da rede de estradas da Xunta de Galicia, como saberá vostede; é un tema que supera o ámbito galego e tamén, incluso, o ámbito nacional.

No Goberno galego vimos traballando nesta materia, conscientes da problemática do xabaril e dos efectos prexudiciais para os agricultores e para os gandeiros. E preocupáanos a seguridade viaria, por iso se creou un grupo de traballo para evitar eses accidentes nas estradas; un grupo de traballo onde tamén está o Estado, señoría, porque hai moitas administracións que teñen responsabilidade nas estradas. As estradas —saberá vostede— non son todas da Xunta de Galicia; hai moitos titulares das estradas, entre eles, o Ministerio de Fomento, que goberna Sánchez, o señor Sánchez. *(Murmurios.)* Polo tanto, permítame que lle diga que a situación é complexa, non é tan simple, e hai que falar con seriedade de seguridade viaria, non sei por que...

Eu veño aquí falar de seguridade viaria para atallar este problema, empezando pola raíz do problema: atallar a proliferación, impulsando iniciativas para frear a súa expansión, como o incremento na autorización das batidas —ampliando case un mes— e tamén as axudas para paliar os danos —que se incrementaron nun trinta e cinco por cento—. E, como dicía vostede, hai que mitigar a presenza nas estradas, e permítame un dato importantísimo, señoría: como lle dicía, as estradas tamén son do Ministerio de Fomento, onde terá competencias o delegado do Goberno, o actual delegado. Non podemos perder de vista que a ratio de accidentes por fauna por quilómetro é o dobre na rede de estradas do Ministerio que na da Xunta de Galicia. Polo tanto, agardo que a mesma intensidade que me pide a min lla pida tamén ao delegado do Goberno, porque estamos a falar de estradas da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)*

Eu vin aquí falar de seguridade viaria e de seguridade viaria seguirei falando, porque para min é un tema importante, complexo e que hai que poñer en contexto. Hai que poñer en contexto que nos accidentes por xabarís só hai danos materiais. No ano 2018 son os datos que temos. O certo é que tamén, en vítimas mortais, as distraccións e o exceso de velocidade, en materia de seguridade viaria, son importantísimos.

E, falando de seguridade viaria, que creo que é un asunto moi importante —tanto os accidentes por xabarís como o resto das accións en materia de seguridade viaria—, o que temos en materia de seguridade viaria —e que para nós é prioritario— é o último protocolo que lle trasladamos ao delegado do Goberno sobre o compromiso coa seguridade viaria, «Visión Cero»: sen resposta; polo tanto, cero sensibilidade, cero atención e cero implicación da delegación do Goberno en materia de seguridade viaria. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.



Moi ben, señora conselleira, está claro que a vostede non lle gusta o que está facendo o Goberno de Pedro Sánchez, pero seguramente tomará as medidas necesarias para arranxar os problemas nas estradas que dependen do Ministerio de Fomento. *(Aplausos.)*

A miña pregunta ía a respecto das de titularidade autonómica. Como ben dixo vostede, hai carreteras que pertencen a Galicia, a Madrid e ata a deputacións e concellos; eu preguntolle polas de titularidade autonómica.

Vostede falaba, na súa páxina *web*, de reforzar a sinalización nas carreteras autonómicas mediante a utilización de repelentes ou sinais luminosos. E eu preguntome: ¿para cando van estas medidas? ¿Porque non se fixeron antes? Porque nós vemos que os accidentes de fauna salvaxe, desde o 2014 ao 2018, subiron case dous mil accidentes en cinco anos, *(O señor Pérez Seco amósalles un documento aos membros da Cámara.)* case dous mil accidentes. E no que vai deste ano, nos dous primeiros meses do 2019, segundo os datos da DXT, temos oitocentos dezasete accidentes de fauna salvaxe.

Eu preguntolle, e gustaríame que me dese resposta: ¿que vai facer a Xunta de Galicia para previr e minorar este número de sinistros?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, eu creo que é tan importante un accidente que se produza nas estradas da Xunta de Galicia como nas do Ministerio de Fomento; calquera accidente é importante. Temos que traballar todos conxuntamente para mellorar *(Aplausos.)* e temos falar con seriedade en materia de seguridade viaria. A pregunta é de seguridade viaria e eu vou falar de seguridade viaria, de medidas para paliar os efectos dos xabarís nas estradas; eu creo que lle estou contestando.

Insisto: non é exclusivo de Galicia, senón que mesmo en Asturias, onde gobernan vostedes —xa ve—, o Principado reconece que o problema dos xabarís segue. Polo tanto, é un problema que excede a comunidade autónoma de Galicia, incluso a nivel nacional, e é un tema que debe de preocupar a todos; agardo que ao Ministerio de Fomento e a vostede tamén; a nós preocúpanos. É un desafío que tamén Europa reconece e no que —desde logo, na miña opinión— o Goberno de España tamén se ten que implicar de forma conxunta integral para promover e propoñer solucións e medidas coordinadas.

Vostedes exixen aos demais; nós somos exixentes cos nós mesmos. Eu tamén agradezo que tamén vixien o que facemos desde o Goberno galego, porque todo é importante para sumar; pero, señoría... *(A señora Vázquez Mourelle amósalles un documento aos membros da Cámara.)*



«La valla de la A-8 sigue deteriorada y sirve de coladero para los jabalíes». (Murmurios.) ¡A A-8 é do Ministerio de Fomento! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Isto a nós non nos pasa. (Balbordo.) Polo tanto, eu creo que a delegación do Goberno ben se pode implicar. O problema son os accidentes cos xabarís —insisto— en todas as estradas, e temos que actuar todas as administracións que temos competencias e que somos titulares de todas as estradas. (Aplausos.)

Volvo insistir: a ratio de accidentes por quilómetro —de accidentes de xabarís— é o dobre na rede do Estado que na rede da Xunta de Galicia. (Balbordo.) E non estamos botando balóns fóra; estamos dicindo, nin máis nin menos, que a mesma competencia que ten... (Balbordo.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. !Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ...a Consellería de Infraestruturas a ten o Ministerio de Fomento, ¡nin máis nin menos, igual! ¡Nin máis nin menos! Polo tanto, os accidentes son todos importantes. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Proposta de protocolo de coordinación: a min gustaríame que nos contestaran a ese protocolo, porque ese si que é un protocolo de seguridade viaria, señoría; (Murmurios.) seguridade viaria completa e complexa para falar de todos os asuntos.

Nós temos identificados os treitos onde hai máis accidentes de xabarís e traballamos para a instalación de pasos de fauna e vías de escape nas nosas estradas; por suposto que traballamos. E, en cuestións de semanas, estamos a redactar un proxecto de instalación de valados reforzados na vía de altas prestacións Nadela-Monforte e na AG-64 Ferrol-Vilalba. Este ano redactaremos o proxecto, con máis investimento e dimensións importantes, xa que será máis soterrada; agardamos que sexa efectiva. E eu agardo que o ministro de Fomento tamén o faga, señoría; nós imos facelo. Polo tanto, agardo a mesma implicación do delgado do Goberno. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remata aquí o pleno. Boa noite a todos e a todas.


Remata a sesión ás seis e corenta e sete minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

